

# MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**2822** *REAL DECRETO 215/2008, do 15 de febreiro, polo que se modifica o artigo 59 do regulamento polo que se desenvolve a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro. («BOE» 41, de 16-2-2008.)*

O Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e se adapta o réxime tributario das institucións de investimento colectivo, flexibilizou o réxime aplicable ás institucións de investimento colectivo (en diante, IIC) inmobiliario.

Non obstante, as normas referidas ao financiamento alleo recibido por estas institucións xeraron algúns obstáculos para o seu axeitado funcionamento. O obxecto deste real decreto é flexibilizar este réxime, contido no artigo 59 do regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

Así, o artigo 37 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, establece que a contía máxima dos préstamos cualificados para vivendas de protección pública en arrendamento será do 80 por cento do prezo máximo legal que corresponda. O límite de financiamento alleo establecido con carácter xeral para as IIC inmobiliarias no regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, resulta inferior aos límites máximos de financiamento do réxime de protección pública. Por este motivo, modifícase, en primeiro lugar, o punto 2 do citado precepto regulamentario, aclarando que as institucións de investimento colectivo inmobiliario non deberán computar nos límites ao endebedamento o derivado de calquera réxime de protección pública á vivenda. Garántese así que estas institucións poden tamén facer un uso pleno das facilidades de financiamento recollidas neses réximes.

En segundo lugar, aclárase o réxime aplicable ao endebedamento para resolver dificultades de tesouraría, establecéndose explicitamente un límite a aquel do 10 por cento do activo e un prazo de vencemento de dezaoito meses.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2008,

## DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do artigo 59 do regulamento polo que se desenvolve a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

Dáselle nova redacción ao artigo 59 do regulamento polo que se desenvolve a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, que queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 59. *Especialidades en materia de obrigas fronte a terceiros.*

1. As IIC inmobiliario poderán financiar a adquisición de inmobles que integren o seu patrimonio con garantía hipotecaria. Dentro destes inmobles inclúense os acollidos a algún réxime de protección pública, cuxos requisitos e beneficios se rexerán polo disposto na normativa especial correspondente. Así mesmo, este financiamento poderase utilizar para financiar rehabilitacións dos inmobles.

2. O saldo vivo dos financiamentos alleos en ningún momento poderá superar o 50 por cento do patrimonio da institución e deberáselles proporcionar información aos investidores na memoria anual e os informes trimestrais sobre importe das obrigas fronte a terceiros. No cómputo de tal límite non se incluírá a contía do financiamento que se poida obter en virtude do establecido na normativa do réxime de protección pública da vivenda.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as IIC inmobiliario poderán, ademais, endebedarse ata o límite do 10 por cento do seu activo computable para resolver dificultades transitorias de tesouraría, sempre que tal endebedamento se produza por un prazo non superior a dezaoito meses.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se o poñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1, 6.<sup>a</sup> e 11.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

**2823** *REAL DECRETO 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras. («BOE» 41, do 16-2-2008.)*

Título I. Disposicións relativas a entidades de crédito.

Capítulo I. Ámbito de aplicación.

Artigo 1. Definicións.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Requisitos individuais para entidades de crédito españolas dependentes dun grupo consolidable doutro Estado membro.

Artigo 4. Requisitos individuais para entidades de crédito independentes e para entidades excluídas da consolidación.

Artigo 5. Requisitos en base consolidada para entidades de crédito matrices de España.

Artigo 6. Requisitos en base subconsolidada.

Artigo 7. Cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contraparte exixibles.

Artigo 8. Sucursais de entidades de crédito con sede en países terceiros.

Artigo 9. Informe sobre a aplicación do artigo 2.4.

Artigo 10. Informe sobre aplicación do artigo 2.5.

Artigo 11. Habilitación ao Banco de España.

Capítulo II. Definición dos recursos propios das entidades de crédito e dos seus grupos consolidables

Artigo 12. Composición dos recursos propios.

Artigo 13. Deducións dos recursos propios.

Artigo 14. Condicións para a computabilidade dos recursos propios.

Artigo 15. Límites no cómputo dos recursos propios.

Artigo 16. Participacións cualificadas en entidades de carácter non financeiro.

Capítulo III. Requisitos de recursos propios por risco de crédito.

Artigo 17. Coeficiente de solvencia.

Artigo 18. Elección de método de cálculo.

Artigo 19. Definición de exposición.

Sección 1.<sup>a</sup> Método estándar

Artigo 20. Valor de exposición.

Artigo 21. Categorías de exposición ao risco de crédito no método estándar.

Artigo 22. Exposicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais.

Artigo 23. Exposicións fronte a administracións rexionais e locais.

Artigo 24. Exposicións fronte a entidades do sector público.

Artigo 25. Exposicións retalistas.

Artigo 26. Ponderación por risco das exposicións en método estándar.

Artigo 27. Recoñecemento das axencias de cualificación externa.

Artigo 28. Asociación de cualificacións externas con calidade crediticia.

Artigo 29. Uso das cualificacións externas de crédito.

Artigo 30. Axencias de cualificación de crédito á exportación.

Sección 2.<sup>a</sup> Método baseado en cualificacións internas.

Artigo 31. Autorización para uso do método baseado en cualificacións internas.

Artigo 32. Aplicación do método baseado en cualificacións internas.

Artigo 33. Categorías de exposición ao risco de crédito no método baseado en cualificacións internas.

Artigo 34. Ponderación polo risco das exposicións no método baseado en cualificacións internas.

Artigo 35. Cálculo da perda esperada.

Artigo 36. Uso subsidiario do método estándar.

Sección 3.<sup>a</sup> Redución do risco de crédito.

Artigo 37. Técnicas de redución do risco de crédito.

Artigo 38. Uso de técnicas de redución do risco de crédito.

Artigo 39. Requisitos a cumprir polas técnicas de redución do risco de crédito.

Artigo 40. Efectos da redución do risco de crédito.

Sección 4.<sup>a</sup> Titulización.

Artigo 41. Cálculo da ponderación por risco para a titulización.

Artigo 42. Titulización de exposicións por entidade de crédito orixinadora.

Artigo 43. Ponderación por risco das posicións en titulización.

Artigo 44. Uso de cualificacións externas de risco de crédito en titulización.

Artigo 45. Asignación de nivel de calidade crediticia.

Capítulo IV. Risco de contraparte.

Artigo 46. Risco de contraparte.

Artigo 47. Compensación contractual no risco de contraparte.

Capítulo V. Requisitos de recursos propios por risco de tipo de cambio.

Artigo 48. Risco de tipo de cambio e posicións en ouro.

Artigo 49. Método estándar de cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio e ouro.

Artigo 50. Excepcións.

Artigo 51. Cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio e ouro.

Capítulo VI. Risco da carteira de negociación.

Artigo 52. Ámbito de aplicación.

Artigo 53. Composición da carteira de negociación.

Artigo 54. Requisitos de recursos propios por risco de carteira de negociación.

Artigo 55. Especialidades para determinadas exposicións.

Artigo 56. Grandes riscos na carteira de negociación.

Artigo 57. Valoración das posicións para efectos de información.

Capítulo VII. Requisitos de recursos propios por risco operacional.

Artigo 58. Risco operacional.

Artigo 59. Método do indicador básico.

Artigo 60. Método estándar.

Artigo 61. Método estándar alternativo.

Artigo 62. Métodos de medición avanzados.

Capítulo VIII. Límites aos grandes riscos.

Artigo 63. Límites aos grandes riscos.

Artigo 64. Excepcións aos límites aos grandes riscos.

Artigo 65. Cálculo dos límites aos grandes riscos.

Capítulo IX. Procedementos de goberno, estrutura organizativa e autoavaliación do capital interno.

Artigo 66. Requisitos de organización, xestión de riscos e control interno.

Artigo 67. Política de xestión de riscos.

Artigo 68. Proceso de autoavaliación do capital interno.

Artigo 69. Requisitos e condicións para o uso de modelos internos para calcular os requirimentos de recursos propios por risco de posición ou de tipo de cambio.

Artigo 70. Requisitos xerais para a aplicación do tratamento de carteira de negociación.

Artigo 71. Delegación da prestación de servizos ou o exercicio de funcións das entidades de crédito.

Artigo 72. Delegación da prestación de servizos de investimento polas entidades de crédito.

Capítulo X. Divulgación de información.

Artigo 73. Información con relevancia prudencial.

Artigo 74. Omisión de determinadas informacións.

Capítulo XI. Medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.

Artigo 75. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.

Artigo 76. Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.

Título II. Disposicións relativas a empresas de servizos de investimento.

Capítulo I. Ámbito de aplicación.

Artigo 77. Empresas de servizos de investimento suxeitas.

Artigo 78. Nivel de cumprimento de requirimentos de recursos propios.

Artigo 79. Requisitos individuais para empresas de servizos de investimento españolas dependentes dun grupo consolidable doutro Estado membro.

Artigo 80. Requisitos individuais para empresas de servizos de investimento independentes.

Artigo 81. Requisitos individuais a filiais importantes.

Artigo 82. Requisitos en base consolidada para empresas de servizos de investimento matrices de España.

Artigo 83. Sucursais de empresas de servizos de investimento con sede en países terceiros.

Artigo 84. Informe sobre a aplicación do artigo 78.4.

Artigo 85. Informe sobre a aplicación do artigo 78.5.

Artigo 86. Habilitación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 87. Cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contrapartes exixibles.

Capítulo II. Definición dos recursos propios das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables.

Artigo 88. Recursos propios computables na definición xeral.

Artigo 89. Deducións dos recursos propios computables na definición xeral.

Artigo 90. Condicións para a computabilidade dos recursos propios da definición xeral.

Artigo 91. Límites no cómputo dos recursos propios da definición xeral.

Artigo 92. Definición alternativa dos recursos propios.

Artigo 93. Límites á computabilidade na definición alternativa dos recursos propios.

Capítulo III. Requisitos de recursos propios.

Artigo 94. Requisitos de recursos propios.

Artigo 95. Requisitos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación.

Artigo 96. Requisitos de recursos propios por risco de tipo de cambio.

Artigo 97. Requisitos de recursos propios por risco de materias primas.

Artigo 98. Requisitos de recursos propios por risco de crédito.

Artigo 99. Requisitos de recursos propios por risco operacional.

Capítulo IV. Procedementos de goberno, estrutura organizativa e autoavaliación do capital interno das empresas de servizos de investimento.

Artigo 100. Requisitos de organización.

Artigo 101. Política de xestión de riscos.

Artigo 102. Modulación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 103. Proceso de autoavaliación do capital interno das empresas de servizos de investimento.

Capítulo V. Supervisión.

Artigo 104. Risco de tipo de xuro.

Artigo 105. Consolidación contable.

Artigo 106. Intercambio de información.

Artigo 107. Cooperación con outras autoridades competentes.

Artigo 108. Competencias da Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con supervisión en base consolidada.

Artigo 109. Supervisión de sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira.

Artigo 110. Relacións con países terceiros.

Capítulo VI. Divulgación de información.

Artigo 111. Omisión de determinadas informacións.

Artigo 112. Frecuencia de divulgación e outra información.

Capítulo VII. Outras normas de solvencia para as empresas de servizos de investimento.

Artigo 113. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.

Artigo 114. Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio para a solicitude do uso do método baseado en cualificacións internas e das estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio para a ponderación das exposicións que estean denominadas e financiadas na divisa de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Real decreto 1644/1997, do 31 de outubro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de reafianzamento.

Disposición derradeira terceira. Potestades do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición derradeira cuarta. Carácter básico.

Disposición derradeira quinta. Título competencial.

Disposición derradeira sexta. Facultades de desenvolvemento.

Disposición derradeira sétima. Habilitación para o desenvolvemento do réxime transitorio.

Disposición derradeira oitava. Incorporación do dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira novena. Entrada en vigor.

I

A supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento ten como obxectivo garantir a estabilidade do conxunto do sistema financeiro español, evitando a aparición de crises entre aquelas entidades que conforman o seu tecido. Un dos instrumentos fundamentais da citada supervisión financeira é o requirimento ás entidades de crédito e empresas de servizos de investimento de niveis concretos de recursos propios, axustados tecnicamente ás súas verdadeiras necesidades e riscos.

Na actualidade, a actividade pública supervisora de ámbito nacional resulta insuficiente nun contexto de mercados financeiros cada vez máis internacionais que requiren, igualmente, medidas para a harmonización dos criterios prudenciais sobre os recursos propios dos intermediarios financeiros de cada país. Por iso, a través de proxectos de harmonización internacional estase tratando de resolver os problemas, sobre todo de competitividade e de estabilidade financeira, que xorden da exis-



tencia de regulacións moi diferentes en función dos Estados.

Mediante dúas leis diferentes incorporouse ao noso ordenamento un deses proxectos de harmonización: o Acordo de Capital de Basilea II de 2004, que posteriormente se plasmou no ámbito comunitario en dúas directivas, a Directiva 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio (refundición) e a Directiva 2006/49/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre a adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito (refundición). Estas dúas leis son, no ámbito das entidades de crédito, a Lei 36/2007, do 16 de novembro, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro, e, no ámbito das empresas de servizos de investimento, a Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Este real decreto pretende desenvolver esas dúas normas legais, avanzando substancialmente no proceso de transposición das dúas directivas comunitarias mencionadas.

En liñas xerais, tanto Basilea II como as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE, pretenden aproximar a medición de riscos realizada polo supervisor para determinar os requirimentos de recursos propios aos propios mecanismos de medición das entidades financeiras, recoñecendo, pola súa vez, que o tratamento da solvencia das entidades de crédito e as empresas de servizos de investimento debe consistir en algo máis que na simple fixación dunhas ratios mínimas, e estimulando o desenvolvemento de adecuados procedementos internos de xestión de riscos. Deste modo, ao obxectivo principal de asegurar un nivel de solvencia suficiente e lograr unha igualdade competitiva entre as entidades, Basilea II e as directivas que o traspoñen engaden, ademais, outros propósitos, como o de facer o capital regulatorio exixido máis sensible aos riscos reais, incentivar unha mellor xestión dos riscos por parte das entidades ou non alterar o nivel global de capital no sistema financeiro internacional.

Con estes obxectivos, tanto Basilea II como as dúas directivas desenvolveron un conxunto de medidas estruturadas sobre a base de tres alicerces que se reforzan mutuamente. Cada un destes alicerces representa un enfoque diferente da supervisión: o primeiro fai fincapé na adopción de regras uniformes e determina os requirimentos mínimos de capital; o segundo pon en marcha todo un sistema de revisión supervisora co fin de fomentar a mellora da xestión interna dos riscos das entidades, e o terceiro responde ao efecto disciplinario que exerce o escrutinio do mercado, obrigando as entidades a divulgar ante esta información sobre os aspectos clave do seu perfil de negocio, exposición ao risco e formas de xestión do risco.

## II

Dentro deste amplo contexto, o presente real decreto aborda a transposición das directivas mencionadas. Non obstante, trátase, de novo, dunha transposición parcial, na medida en que a especificación técnica de boa parte das dúas normas comunitarias fai necesario culminar o proceso de transposición en disposicións de rango inferior.

O primeiro artigo dedícase a establecer unha serie de definicións comúns aos dous títulos do real decreto.

No título I contéñense as disposicións relativas ás entidades de crédito. Un primeiro capítulo detalla o seu ámbito de aplicación, onde se establecen as obrigas que deben cumprir as entidades de crédito. En concreto, espe-

cifícase o nivel a que se aplican as diferentes obrigas e requirimentos, xa sexa individual, consolidado ou sub-consolidado.

No capítulo II establécense os elementos que integran os recursos propios das entidades de crédito; detállanse os elementos que se deducen do cálculo dos citados recursos propios; recóllense algunhas condicións para a computabilidade de determinados elementos, por exemplo, en relación co capital das cooperativas de crédito, as accións sen voto, as accións rescatables, as participacións preferentes ou os financiamentos subordinados; e, por último, establécese a distinción entre recursos propios básicos, recursos propios de segunda categoría e recursos auxiliares.

O capítulo III contén tres artigos iniciais e divídese, posteriormente, en catro distintas seccións cuxo nexo de unión é o feito de estaren referidas ao tratamento do risco de crédito dentro do cálculo dos requirimentos de recursos propios.

Os primeiros tres artigos especifican, en termos cuantitativos, o requirimento de recursos propios polo risco tratado neste capítulo e establecen a opción para as entidades de elixiren o método de cálculo deste requirimento máis adecuado ao seu tamaño ou grao de sofisticación entre o método estándar e o método baseado en cualificacións internas. A finalidade de ambos os métodos é a de obter o denominador do coeficiente de solvencia que se aplica polo risco de crédito soportado nas operacións da entidade financeira de que se trate. Ese denominador resulta da suma do valor de cada unha das exposicións ponderadas polo risco.

A sección primeira do capítulo contén as especificacións do método estándar. As ponderacións por risco das diferentes exposicións calcúlanse dentro deste método por referencia ás cualificacións crediticias de axencias de cualificación externa ou, en determinados casos, de axencias de crédito á exportación. A sección segunda deste capítulo contén as especificacións referidas ao método baseado nas cualificacións internas. Este método, cuxo uso por parte das entidades de crédito está suxeito á autorización previa do Banco de España, supón que as entidades utilicen, para efectos de determinar os seus propios requirimentos de recursos propios mínimos, as cualificacións crediticias das súas exposicións que elas mesmas calculasen con modelos de risco internos baseados en datos da súa experiencia pasada con cada tipo de exposicións. A sección terceira deste capítulo ocúpase das técnicas de redución do risco de crédito que resultan aceptables para reducir a ponderación por risco das diferentes exposicións calculada de acordo cunha das dúas seccións anteriores. A sección cuarta pecha o capítulo III coas especificacións de cálculo para unha das categorías de exposición de especial complexidade, as posicións en titulizacións, xa sexan estas como orixinador ou como investidor nos valores resultantes.

O capítulo IV aborda o tratamento do risco de contraparte que asumen as entidades de crédito, para os efectos do cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito, xa sexan estas calculadas conforme o método estándar ou conforme o método baseado en cualificacións internas, descritos no capítulo anterior.

Os capítulos V, VI e VII exíxenlles ás entidades o mantemento de recursos propios suficientes para cubrir tres tipos de riscos, respectivamente. En primeiro lugar, os riscos que as entidades de crédito asuman derivados da posible evolución desfavorable dos tipos de cambio e do prezo do ouro; en segundo lugar, dos derivados das súas posicións nos instrumentos financeiros e materias primas que compoñen a súa carteira de negociación e, finalmente, os riscos de perdas debidos a sucesos que se poden producir dentro do propio funcionamento da entidade (risco operacional).

Os límites aos grandes riscos fixéanse no capítulo VIII. Gran risco é aquel contraído fronte a unha mesma contraparte, cando o seu valor supere o dez por cento dos recursos propios da entidade de crédito que conceda o financiamento ou asuma o risco. A partir desa definición establécense dous límites esenciais. En primeiro lugar, fíxase como limiar máximo para a asunción polas entidades de crédito deste tipo de riscos o vinte e cinco por cento dos seus recursos propios. E, en segundo lugar, determínase que o conxunto agregado dos grandes riscos non supere en ningún caso o oitocentos por cen dos recursos propios da entidade de crédito.

O capítulo IX inclúe, en primeiro lugar, unha serie de requisitos organizativos exixidos ás entidades co fin de garantir o cumprimento das obrigas normativas establecidas no real decreto. Entre estes requisitos encóntranse a existencia dunha estrutura organizativa adecuada, o establecemento de funcións de auditoría interna e de cumprimento normativo ou a obriga de realizar un proceso de autoavaliación do capital interno. Por outro lado, o capítulo determina os requisitos que deberán cumprir as entidades de crédito, en primeiro lugar, para empregar modelos internos de cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de posición, de tipo de cambio ou sobre materias primas; e, en segundo lugar, para poder aplicar o tratamento de carteira de negociación. E, por último, recóllese neste capítulo o réxime básico da delegación da prestación de servizos ou o exercicio de funcións das entidades de crédito.

O capítulo X regula a divulgación de información ao mercado por parte das entidades de crédito, recolléndose así o terceiro alicerce do acordo de Basilea II. A través da transparencia e a divulgación de información preténdese conseguir unha certa disciplina de mercado, é dicir, a divulgación de información e a presión da competencia alentarán a adopción das mellores prácticas e aumentará a confianza do investidor.

O capítulo XI contén as medidas que deben tomar, en cada caso, os grupos de entidades de crédito ou as entidades de crédito de forma individual, caso de deixaren de cumprir os requisitos de recursos propios derivados do real decreto ou excederen os límites aos grandes riscos establecidos neste e as obrigas que se desprenden en tales situacións.

### III

No título II encóntranse as disposicións relativas ás empresas de servizos de investimento, que resultan en moitos casos paralelas ás establecidas no título I.

No capítulo I, de ámbito de aplicación, establécense as obrigas que deben cumprir as empresas de servizos de investimento e especificase o nivel a que se aplican as diferentes obrigas e requirimentos, xa sexa individual ou consolidado.

No capítulo II, de forma análoga ao que se recolle no título I para as entidades de crédito, establécense a forma de cálculo dos recursos propios da definición xeral das empresas de servizos de investimento, especificando tamén os elementos do balance consolidado que se deben engadir para calcular os recursos propios dun grupo consolidable. Completa este capítulo a definición alternativa de recursos propios e os límites á súa computabilidade, que é de aplicación ás empresas de servizos de investimento e aos grupos destas que deban cumprir cos requirimentos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación.

No capítulo III faise referencia aos requirimentos de recursos propios que deben manter as empresas de servizos de investimento. En concreto, establécense que os recursos propios deben ser iguais ou superiores ao maior de catro conceptos: a suma dos requirimentos de recursos propios ligados a diferentes riscos (risco de carteira

de negociación, risco de tipo de cambio, risco de crédito, risco operacional), a cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente, as dúas terceiras partes do capital mínimo requirido para a constitución do tipo de empresa de servizos de investimento de que se trate ou o cinco por mil do volume das carteiras xestionadas.

O capítulo IV establece unha serie de exixencias organizativas e de técnicas de valoración dos riscos necesarias para que os riscos a que as empresas de servizos de investimento estean ou poidan estar expostas non aumenten de forma indebida. No capítulo tamén se inclúe a obriga para as empresas de servizos de investimento de dispoñer dun mecanismo de autoavaliación do capital interno. Así mesmo, sinálase que todas estas políticas e procedementos se deberán resumir nun informe anual de autoavaliación do capital interno que se lle remite á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

No capítulo V traspóñense determinados aspectos da Directiva 2006/49/CE, que na maior parte dos casos supoñen unha concreción das facultades de supervisión que prevé a Lei do mercado de valores.

O capítulo VI fai referencia á información que deben divulgar ao mercado as empresas de servizos de investimento mediante o documento denominado «Información sobre solvencia». Establécense a frecuencia con que debe publicarse o citado documento, así como a posibilidade de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) determine unha frecuencia de divulgación maior para certos datos ou informacións.

O capítulo VII contén as medidas que deben tomar, en cada caso, os grupos de entidades de servizos financeiros ou as empresas de servizos de investimento de forma individual, caso de deixaren de cumprir os requisitos de recursos propios derivados do real decreto ou excederen os límites aos grandes riscos establecidos nel e as obrigas que se desprenden en tales situacións.

### IV

Introducíronse neste real decreto dúas disposicións transitorias provenientes das directivas comunitarias que fan referencia á exención de certos requisitos de dispoñibilidade de datos históricos para o uso dalgúns métodos avanzados de medición do risco de crédito, así como ás exposicións denominadas en divisas de países do Espazo Económico Europeo.

Así mesmo, a disposición derogatoria única contén a derogación de cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no real decreto e, en particular, a derogación do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras.

Conta adicionalmente este real decreto con nove disposicións derradeiras. A disposición derradeira primeira e a segunda modifican o Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca, e o Real decreto 1644/1997, do 31 de outubro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de reafianzamento, respectivamente. Nelas establécense unha serie de especialidades a respecto do réxime de recursos propios e obrigas relacionadas coa solvencia das sociedades de garantía recíproca e das sociedades de reafianzamento. En particular, recoñécese que o reafianzamento, cando se dan unha serie de condicións, é un instrumento que reduce o risco de crédito e debe comportar, por tanto, a conseguinte redución dos requirimentos de recursos propios dos compromisos que se benefician de contratos xerais de reaval ou reafianzamento.

Na disposición derradeira terceira establécense unha serie de potestades específicas que se atribúen ao Banco

de España e á CNMV; as disposicións derradeiras cuarta, quinta e sexta conteñen, respectivamente, o referido ao carácter básico da norma, os títulos competenciais ao abeiro dos cales se dita e as facultades para o seu desenvolvemento; a disposición derradeira sétima contén a habilitación para que o Banco de España dite as disposicións de desenvolvemento necesarias para a aplicación do réxime previsto na disposición transitoria primeira da Lei 36/2007; a oitava refírese á incorporación do dereito comunitario; e péchase a lei coa disposición derradeira novena, que establece a data da súa entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2008,

## DISPÓÑO:

### Artigo 1. *Definicións.*

#### 1. Para efectos deste real decreto entenderase por:

a) «entidade de crédito matriz de España»: unha entidade de crédito española que ten como filial unha entidade de crédito ou unha entidade financeira, ou posúe unha participación nesas entidades, e que non é, pola súa vez, filial doutra entidade de crédito autorizada en España ou dunha sociedade financeira de carteira constituída en España;

b) «entidade de crédito matriz da Unión Europea»: unha entidade de crédito matriz de España que non é filial doutra entidade de crédito autorizada en calquera Estado membro da Unión Europea, ou dunha sociedade financeira de carteira constituída en calquera Estado membro da Unión Europea;

c) «sociedade financeira de carteira»: unha entidade financeira cuxas empresas filiais sexan, exclusiva ou principalmente, entidades de crédito ou outras entidades financeiras, unha das cales, como mínimo, deberá ser unha entidade de crédito, e que non sexa unha sociedade financeira mixta de carteira para os efectos de artigo 2.7 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro;

d) «sociedade financeira de carteira matriz de España»: unha sociedade financeira de carteira española que non é, pola súa vez, filial dunha entidade de crédito autorizada en España ou dunha sociedade financeira de carteira constituída en España;

e) «sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea»: unha sociedade financeira de carteira de España que non é filial dunha entidade de crédito autorizada en calquera Estado membro ou doutra sociedade financeira de carteira establecida en calquera Estado membro;

f) «grupo consolidable de entidades de crédito»: observarase a definición deste termo establecida no artigo oitavo da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo oitavo da Lei 13/1985, cando unha entidade de crédito ou un grupo consolidable de entidades de crédito estean, pola súa vez, dominados por unha ou máis sociedades financeiras de carteira estranxeiras, con sede nalgún Estado membro da Unión Europea, sen que ningunha delas teña a súa mesma nacionalidade, a entidade dominante e as súas restantes filiais consolidables, calquera que sexa a súa nacionalidade, integrarán un grupo consolidable de entidades de crédito, para efectos deste real decreto, sempre que se estea en presenza de calquera dos seguintes supostos:

i) Que as entidades de crédito de nacionalidade española sexan as únicas filiais desa natureza no ámbito comunitario.

ii) Que, existindo entidades de crédito filiais españolas e doutros países comunitarios, se alcanzase un acordo entre o Banco de España e as autoridades competentes deses outros países, incluíndo o país de sede da entidade dominante, en virtude do cal se asigne a competencia de supervisión en base consolidada ao Banco de España.

iii) Que, existindo entidades de crédito filiais españolas e doutros países comunitarios, en ausencia do acordo a que se fai referencia no inciso anterior, a entidade de crédito do grupo con balance máis elevado teña nacionalidade española ou, de os totais de balance seren iguais, que sexa española a entidade de crédito autorizada en primeiro lugar.

g) «grupo económico»: conxunto de empresas ou entidades, calquera que sexa a actividade ou obxecto social destas, que constitúa unha unidade de decisión, segundo o disposto no artigo 42 do Código de comercio.

h) «empresa de servizos de investimento matriz de España»: unha empresa de servizos de investimento que teña como filial unha empresa de servizos de investimento ou entidade financeira ou que posúa unha participación nesas entidades e que non sexa filial doutra entidade autorizada en España, ou dunha sociedade financeira de carteira establecida en España.

i) «empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea»: unha empresa de servizos de investimento matriz en España, que non sexa filial doutra entidade autorizada en calquera Estado membro da Unión Europea, ou dunha sociedade financeira de carteira establecida en calquera Estado membro da Unión Europea;

j) «grupo de empresas de servizos de investimento»: sen prexuízo do previsto no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento son aqueles grupos financeiros en que conorra calquera das seguintes circunstancias:

i) Que unha empresa de servizos de investimento controle unha ou varias entidades financeiras.

ii) Que a entidade dominante sexa unha entidade cuxa actividade principal consista en ter participacións en empresas de servizos de investimento.

iii) Que unha persoa física, un grupo de persoas que actúen sistematicamente en concerto, ou unha entidade non consolidable controle varias entidades, todas elas empresas de servizos de investimento.

Cando unha empresa de servizos de investimento ou un grupo consolidable de empresa de servizos de investimento estean, pola súa vez, dominados por unha ou máis entidades estranxeiras, con sede nalgún Estado membro da Unión Europea, cuxa actividade principal consista en ter participacións en empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras, sen que ningunha delas teña a súa mesma nacionalidade, a entidade dominante e as súas restantes filiais consolidables, calquera que sexa a súa nacionalidade, integrarán un grupo consolidable de empresa de servizos de investimento, para efectos deste real decreto, sempre que se estea en presenza de calquera dos seguintes supostos:

1.º Cando as empresas de servizos de investimento de nacionalidade española sexan as únicas filiais desa natureza no ámbito comunitario.

2.º Cando, existindo empresas de servizos de investimento filiais españolas e doutros países comunitarios, se alcanzase un acordo entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e as autoridades competentes deses outros países, incluíndo o país de sede da sociedade dominante, en virtude do cal se lle asigne a competencia



de supervisión en base consolidada á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3.º Cando, existindo empresas de servizos de investimento filiais españolas, e doutros países comunitarios, en ausencia do acordo a que se fai referencia no inciso anterior, a empresa de servizos de investimento do grupo con balance máis elevado teña nacionalidade española ou, de os totais de balance seren iguais, que sexa española a empresa de servizos de investimento autorizada en primeiro lugar.

2. Cando neste real decreto se faga referencia ás entidades de crédito, haberá que observar o disposto nos artigos 2 a 10 para determinar a base en que están obrigadas a cumprir coas obrigas correspondentes.

## TÍTULO I

### Disposicións relativas a entidades de crédito

#### CAPÍTULO I

##### Ámbito de aplicación

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Todas as entidades de crédito cumprirán o establecido:

- a) nos capítulos III, IV, V, VI, VII,
- b) no capítulo VIII, e
- c) no artigo 66.

2. As filiais españolas das entidades de crédito poderán solicitar do Banco de España que as exceptúe da aplicación do número 1, sempre que a súa matriz estea suxeita á supervisión do Banco de España, a filial estea incluída na supervisión en base consolidada da citada entidade de crédito matriz e se cumpran as condicións seguintes co fin de garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

- a) que non exista nin sexa previsible que exista ningún impedimento práctico ou xurídico relevante para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivos pola empresa matriz;
- b) que a empresa matriz efectúe unha xestión prudente da filial e se declarese garante dos compromisos subscritos pola filial, ou ben que os riscos na filial sexan pouco significativos;
- c) que os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial, e
- d) que a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou destituír a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial.

3. As entidades de crédito españolas filiais de sociedades financeiras de carteira españolas poderán solicitar do Banco de España que as exceptúe da aplicación do número 1, sempre que a matriz estea suxeita, xunto á filial, a supervisión en base consolidada por parte do Banco de España, e se cumpran as restantes condicións indicadas no número precedente co fin de garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais.

4. As entidades de crédito matrices suxeitas a supervisión en base consolidada polo Banco de España poderán solicitar do Banco de España que as exceptúe do disposto no número 1, sempre que se cumpran as condicións

seguintes para garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

- a) que non existan actualmente nin sexa previsible que existan impedimentos materiais, prácticos nin xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou para o reembolso do pasivo á empresa matriz, e
- b) que os procedementos de avaliación, medición e control do risco pertinentes para a supervisión en base consolidada abarquen a entidade de crédito matriz.

5. O Banco de España poderá autorizar as entidades de crédito matrices a incorporar no seu cálculo da exixencia considerada no número 1 as súas filiais, sempre que:

- a) os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial;
- b) a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou destituír a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial;
- c) as exposicións ou pasivos relevantes, incluído o capital, das filiais ou sexan con respecto ás devanditas entidades matrices, e
- d) a entidade de crédito matriz demostre plenamente ao Banco de España as circunstancias e as disposicións, incluídas as de tipo xurídico, polas que non exista nin se prevexa ningún impedimento práctico nin xurídico á inmediata transferencia de fondos propios ou ao reembolso de pasivos cando llos deba a filial á súa empresa matriz.

Artigo 3. *Requirimentos individuais para entidades de crédito españolas dependentes dun grupo consolidable doutro Estado membro.*

Ademais do establecido no artigo 2, as entidades de crédito españolas filiais dun grupo consolidable de entidades de crédito autorizado e supervisado noutro Estado membro da Unión Europea cumprirán co previsto:

- a) no artigo 16 e
- b) no artigo 68.

Artigo 4. *Requirimentos individuais para entidades de crédito independentes e para entidades excluídas da consolidación.*

Ademais do establecido no artigo 2, toda entidade de crédito non integrada nun grupo consolidable de entidades de crédito e toda entidade de crédito pertencente a un deses grupos que non se inclúa na consolidación de acordo co artigo oitavo.5 da Lei 13/1985 cumprirá co previsto:

- a) no artigo 16 e
- b) no artigo 68.

Artigo 5. *Requirimentos en base consolidada para grupos consolidables de entidades de crédito.*

Os grupos consolidables de entidades de crédito cumprirán, en base consolidada, o previsto:

- a) no artigo 16;
- b) nos capítulos III, IV, V, VI, VII;
- c) no capítulo VIII;
- d) no artigo 66 e
- e) no artigo 68.

Artigo 6. *Requirimentos en base subconsolidada.*

As entidades de crédito filiais que posúan unha entidade de crédito, unha entidade financeira ou unha socie-

dade de xestión de activos como filiais nun Estado terceiro ou unha participación nesas sociedades, cumpriran de forma subconsolidada:

- a) o artigo 16;
- b) os capítulos III, IV, V, VI, VII;
- c) o capítulo VIII;
- d) o artigo 66 e
- e) o artigo 68.

**Artigo 7. *Cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contraparte exixibles.***

Habilitase o Banco de España para establecer as condicións específicas de cómputo de recursos propios para o cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contraparte exixibles ás entidades de crédito matrices e filiais, en base individual ou subconsolidada.

**Artigo 8. *Sucursais de entidades de crédito con sede en países terceiros.***

No caso das sucursais de entidades de crédito con sede en países terceiros, os límites á concentración de riscos calcularanse sobre os recursos propios da entidade estranxeira no seu conxunto. A sucursal comunicará ao Banco de España, dúas veces ao ano, os devanditos recursos propios, calculados conforme a súa lexislación nacional. Se a sucursal non pode fornecer estes datos, o cálculo realizarase cos elementos de recursos propios localizados na sucursal.

**Artigo 9. *Informe sobre a aplicación do artigo 2.4.***

O Banco de España deberá informar da aplicación do artigo 2.4 o resto das autoridades competentes de todos os demais Estados membros da Unión Europea. En particular, fará público o seguinte:

- a) os criterios que aplica para determinar que non existen impedimentos materiais, prácticos ou xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivo;
- b) o número de entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do 2.4 e, entre elas, o número de entidades que incorporan filiais situadas nun país terceiro, e
- c) de forma agregada:
  - i) o importe total consolidado de fondos propios da entidade de crédito matriz que se beneficien da aplicación do 2.4, que sexan tidos por filiais situadas nun país terceiro;
  - ii) a porcentaxe do total consolidado de fondos propios de entidades de crédito que se beneficien da aplicación do 2.4, representado por fondos propios tidos por filiais situadas nun país terceiro, e
  - iii) a porcentaxe do total consolidado mínimo de fondos propios exixida ás entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do 2.4, representado por fondos propios tidos por filiais situadas nun país terceiro.

**Artigo 10. *Informe sobre aplicación do artigo 2.5.***

Cando o Banco de España aplique o artigo 2.5, informará periodicamente, e polo menos unha vez ao ano, as autoridades competentes de todos os demais Estados membros. Se a filial se encontra nun Estado terceiro, o Banco de España facilitaralles a mesma información ás autoridades competentes dese Estado terceiro.

En particular, o Banco de España fará público o seguinte:

- a) os criterios que aplica para determinar que non existan impedimentos materiais, prácticos ou xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivo;
- b) o número de entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do artigo 2.5 e, entre elas, o número de entidades que incorporan filiais situadas nun Estado terceiro;
- c) de forma agregada:
  - i) o importe total de fondos propios das entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do artigo 2.5, en poder de filiais situadas nun Estado terceiro;
  - ii) a porcentaxe do total de fondos propios de entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do artigo 2.5, representado por fondos propios en poder de filiais situadas nun Estado terceiro, e
  - iii) a porcentaxe do total mínimo de fondos propios exixida ás entidades de crédito matrices que se beneficien da aplicación do artigo 2.5, representada por fondos propios en poder de filiais situadas nun Estado terceiro.

**Artigo 11. *Habilitación ao Banco de España.***

O Banco de España poderá concretar o ámbito de aplicación deste título I, así como definir a entidade obrigada de cada grupo para cumprir cos requirimentos exixidos en base consolidada ou subconsolidada.

## CAPÍTULO II

### **Definición dos recursos propios das entidades de crédito e dos seus grupos consolidables**

**Artigo 12. *Composición dos recursos propios.***

1. Para os efectos do disposto no título II da Lei 13/1985, os recursos propios das entidades de crédito comprenderán os seguintes elementos:

- a) O capital social das sociedades anónimas, excluída a parte deste considerada na alínea f) seguinte; os fondos fundacionais e as cotas participativas das caixas de aforro, así como o fondo social da Confederación Española de Caixas de Aforro e as cotas participativas de asociación emitidas por esta; as achegas ao capital social das cooperativas de crédito, e o fondo de dotación das sucursais de entidades de crédito estranxeiras.
- b) As reservas efectivas e expresas, incluídos o fondo de participación e o fondo de reserva de cota partícipes das caixas de aforros e a súa confederación. Ata que teña lugar a aplicación de resultados, as entidades de crédito poderán incorporar a este elemento a parte dos resultados do exercicio que se prevexa aplicar a reservas, de acordo cos requisitos de orde xeral que estableza o Banco de España para asegurar a efectividade dos recursos aplicados.

Para efectos do disposto neste real decreto, enténdese incluído nas reservas efectivas e expresas o fondo de reserva obrigatorio das cooperativas de crédito.

- c) As reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos, así como as plusvalías que se contabilicen dentro do patrimonio neto por aplicación aos activos do criterio de valor razoable, sempre que se suxeiten ás normas contables vixentes para as entidades de crédito. O Banco de España poderá acordar, atendendo á volatilidade dos diferentes tipos de activos, unha redución de ata dous terzos no seu importe bruto.

- d) O saldo contable da cobertura xenérica correspondente ao risco de insolvencia dos clientes, é dicir, ligada ás perdas inherentes ou non asignadas especificamente por deterioración do risco de crédito, así como, no caso de entidades que utilicen o método baseado en cua-



lificacións internas para calcular os requirimentos de recursos propios por risco de crédito, o exceso que sobre as perdas esperadas nas súas exposicións supoñan as correccións de valor por deterioración e as provisións relacionadas coas ditas exposicións, sempre que se suxeiten ás normas contables vixentes para as entidades de crédito, e cos límites que poida acordar o Banco de España con carácter xeral en relación cos riscos que servisen de base para o cálculo da cobertura, ponderados na forma que se determine conforme o capítulo III deste real decreto.

e) Os fondos da obra benéfico-social das caixas de aforro, os da súa confederación e os de educación e promoción das cooperativas de crédito, sempre que teñan carácter permanente. Enténdese que teñen ese carácter os que se encontren materializados en inmobles.

f) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto e ás accións rescatables cuxa duración non sexa inferior á prevista na alínea h) seguinte para os financiamentos subordinados, regulados nas seccións 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> do capítulo IV do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

g) As participacións preferentes emitidas conforme o previsto na disposición adicional segunda da Lei 13/1985.

h) Os financiamentos subordinados recibidos pola entidade de crédito cuxo prazo orixinal sexa de, polo menos, cinco anos; se non estiver fixada a data do seu vencemento, deberá estar estipulado para a súa retirada un aviso previo de, polo menos, cinco anos. Enténdese por financiamentos subordinados aqueles que, para efectos de prelación de créditos, se sitúen detrás de todos os acredores comúns.

i) Os financiamentos subordinados de duración indeterminada que establezan a posibilidade de diferimento de xuros e de aplicación da débeda e os xuros pendentes de pagamento á absorción de perdas sen necesidade de proceder á disolución da entidade.

j) Coa finalidade de dar cobertura exclusiva aos requirimentos de recursos propios que resulten de aplicar os capítulos V e VI deste título, os financiamentos subordinados cuxo prazo orixinal sexa de, polo menos, dous anos, e nos cales nin o principal nin os xuros poidan ser pagados cando exista un déficit de recursos propios.

Para a súa inclusión entre os recursos propios, os elementos recollidos nas alíneas a), f), g), h), i) e j) computaranse na parte que efectivamente se encuentre desembolsada.

2. Nos recursos propios dun grupo consolidable de entidades de crédito integraranse, ademais dos elementos indicados no número precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables, as reservas en sociedades consolidadas, así como, de acordo coas condicións e límites que, con carácter xeral, poida establecer o Banco de España para garantir a súa efectiva dispoñibilidade para o grupo en condicións acordadas coa súa particular natureza, as participacións representativas dos intereses minoritarios das sociedades do grupo consolidado.

### Artigo 13. *Deducións dos recursos propios.*

1. Deduciranse dos recursos propios das entidades de crédito:

a) Os resultados negativos de exercicios anteriores e do exercicio corrente, así como os activos inmateriais integrados no seu patrimonio.

b) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade que se encontren no seu poder, así como, nos termos e condicións que estableza o Banco de España, os que se encontren en

poder doutras empresas do grupo ou fosen obxecto de calquera operación ou compromiso, sexa de financiamento ou doutra orde, que prexudique a súa eficacia para cubrir perdas da entidade ou do grupo.

c) As participacións noutras entidades de crédito e entidades financeiras non integradas no grupo consolidable, que sexan superiores ao 10 por cento do capital da participada.

d) Os financiamentos subordinados ou outros valores computables como recursos propios emitidos polas entidades participadas a que se refire a alínea precedente e adquiridos pola entidade que posúa as participacións.

e) As participacións noutras entidades de crédito e entidades financeiras distintas das incluídas na alínea c) precedente e non integradas no grupo consolidable, e os financiamentos subordinados emitidos por elas e adquiridas pola entidade ou grupo que posúa as participacións, na parte en que a suma de todas elas exceda do 10 por cento dos recursos propios da entidade de crédito, calculados despois de levar a cabo as deducións a que se refiren as alíneas a) e b) deste número.

f) As participacións en entidades aseguradoras, de reaseguros ou en entidades cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras, nas condicións que estableza o Banco de España, tendo en conta, se for do caso, o grao de xestión integrada e control interno da participada, en caso de que se integre nas contas consolidadas da entidade de crédito. Para tal efecto observarase a definición de participación indicada no artigo 185.1 da Lei de sociedades anónimas e, en todo caso, consideraranse como tales as superiores ao 20 por cento do capital da participada.

g) O exceso das participacións en entidades de carácter non financeiro a que se refiren o artigo décimo da Lei 13/1985 e o artigo 16 deste real decreto.

h) No caso das entidades de crédito que calculen as exposicións ponderadas por risco de acordo coa sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III, o Banco de España determinará as deducións apropiadas aos recursos propios en concepto de tratamento das perdas esperadas.

i) O importe das exposicións en titulizacións que reciban unha ponderación de risco do 1250 por cento e cuxo importe non fose ponderado segundo a sección 4.<sup>a</sup> do capítulo III e calculado conforme o alí establecido.

j) No caso dunha entidade de crédito orixinadora dunha titulización, os beneficios netos derivados da capitalización de futuros ingresos procedentes dos activos titulizados excluíranse do elemento especificado na alínea b) sempre que constitúan unha mellora crediticia das posicións da titulización.

2. As deducións recollidas no número anterior efectuaranse, se é o caso, polo seu valor nos libros da entidade mantedora.

3. Dos recursos propios dun grupo consolidable de entidades de crédito deduciranse os elementos indicados no número precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables.

4. Cando se teñan temporalmente accións noutra entidade de crédito, entidade financeira, empresa de seguros ou reaseguros ou sociedade hóliding de seguros, no marco dunha operación de asistencia financeira destinada ao saneamento e salvamento da citada entidade, o Banco de España poderá permitir excepcións ás deducións consideradas nas alíneas c) a f) do número 1.

### Artigo 14. *Condicións para a computabilidade dos recursos propios.*

1. Para efectos da súa consideración como recursos propios, o capital das cooperativas de crédito estará integrado polas achegas dos socios e asociados que cumpran os seguintes requisitos:

a) A súa retribución estará condicionada á existencia de resultados netos ou, logo de autorización do Banco de España, de reservas de libre disposición suficientes para satisfacela.

b) A súa duración será indefinida.

c) O seu eventual reembolso quedará suxeito ás condicións derivadas do número 4 do artigo 7 da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.

2. A parte do capital social correspondente ás accións sen voto e as accións rescatables cuxa duración non sexa inferior á prevista no número 4 seguinte para os financiamentos subordinados, regulados nas seccións 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> do capítulo IV do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, así como calquera outro tipo de accións preferentes ou de instrumentos financeiros que presenten características híbridas de capital e débeda emitidos por entidades consolidables estranxeiras, distribuiranse entre os recursos propios básicos e complementarios a que se refire o artigo 15 de acordo coas condicións e límites que establecerá o Banco de España atendendo ás súas características financeiras e, en especial:

a) ao seu pleno desembolso;

b) á súa permanencia, sen prexuízo de que o instrumento poida conter unha opción de amortización anticipada en favor da entidade emisora, sempre que a dita cláusula non poida pór en perigo a capacidade da entidade de continuar dispoñendo dos recursos propios xerados polo instrumento en caso de experimentar dificultades financeiras;

c) a súa capacidade para absorber perdas, tanto en caso de liquidación como sen necesidade de proceder a esta, e

d) a súa flexibilidade plena na remuneración do instrumento, en casos en que a entidade puiden experimentar dificultades financeiras.

Pola súa parte, as participacións preferentes estarán suxeitas, en todo momento, para efectos da súa computabilidade como recursos propios básicos, ao límite do 30 por cento a que se refire a alínea i) da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, ou ao que estableza o Banco de España de acordo con esa norma, e que poderá ser menor cando a emisión prevexa incentivos á amortización anticipada ou maior en casos en que, a través da conversión en accións ou outros incentivos, se favoreza a capitalización da entidade ou grupo.

3. Para considerarse recursos propios, as reservas, fondos e provisións a que se refiren as alíneas c), d) e e) do 12.1 deberán cumprir, á satisfacción do Banco de España, os seguintes requisitos:

a) Ser libremente utilizables pola entidade para cubrir os riscos inherentes ao exercicio da actividade bancaria, mesmo antes de se determinaren as eventuais perdas ou minusvalías.

b) Reflectirse na contabilidade da entidade, tendo sido verificado o seu importe con informe favorable polos auditores externos da entidade e comunicada esa verificación ao Banco de España.

c) Estar libres de impostos ou reducirse na contía dos que previsiblemente lles sexan imputables.

4. Os financiamentos subordinados a que se refire o artigo 12.1.h) reducirán, durante os cinco anos anteriores á súa data de vencemento, o seu cómputo como recursos propios a razón dun 20 por cento anual, ata que o seu prazo remanente sexa inferior a un ano, momento en que deixarán de computarse como tales.

Os financiamentos subordinados non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, salvo en caso de liquidación da entidade emisora, e sen prexuízo de que o Banco de España poida autorizarlle ao debedor o seu reembolso anticipado se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade.

O Banco de España poderá establecer para o efecto condicións de carácter xeral, para regular tanto os incentivos aplicables ao reembolso anticipado como a recompra deste tipo de instrumentos.

5. Corresponderalle ao Banco de España a cualificación e inclusión nos recursos propios dunha entidade de crédito ou dun grupo consolidable de entidades de crédito de toda clase de accións preferentes ou participacións preferentes ou financiamentos subordinados, emitidos de acordo coa normativa que sexa de aplicación, emitidos polas propias entidades ou por sociedades instrumentais e outras filiais.

O Banco de España coidará en especial de que a lexislación do país onde se realice a emisión, ou a propia interposición das sociedades instrumentais ou filiais, non debiliten a eficacia dos requisitos e limitacións establecidas para eses instrumentos, nin o seu valor como recursos propios do grupo, e poderá limitar con carácter xeral a computabilidade destes instrumentos como recursos propios computables do grupo atendendo a esas circunstancias, sen que poidan existir elementos de discriminación.

#### Artigo 15. *Límites no cómputo dos recursos propios.*

1. Para efectos do disposto no número seguinte:

a) Os recursos propios básicos dunha entidade de crédito estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos nas alíneas a), b) e g) do artigo 12.1 netos de perdas, accións propias e activos inmateriais.

Pola súa parte, os recursos propios básicos dun grupo consolidable de entidades de crédito incluírán, co seu signo, os elementos citados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables; as participacións representativas dos intereses minoritarios, na parte que resulten computables de acordo co previsto no artigo 12.2.

b) Os recursos propios de segunda categoría dunha entidade de crédito ou dun grupo consolidable de entidades de crédito estarán constituídos polos restantes elementos computables con excepción dos mencionados na alínea seguinte.

c) Os recursos propios auxiliares dunha entidade de crédito ou dun grupo consolidable de entidades de crédito estarán constituídos polos financiamentos subordinados a que se refire o artigo 12.1.j).

2. Non serán computables como recursos propios de segunda categoría dunha entidade de crédito ou grupo consolidable de entidades de crédito:

a) O exceso dos elementos incluídos no artigo 12.1.h) e doutros instrumentos asimilables a eles conforme o artigo 14.2, sobre o 50 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou grupo consolidable.

b) O exceso dos recursos propios de segunda categoría sobre o 100 por cen dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable, na parte en que o dito exceso non fose eliminado de acordo co establecido na alínea a) deste número.

3. Non obstante, os recursos propios de segunda categoría que superen os límites citados nas alíneas anteriores deste parágrafo poderanse incluír entre os recursos propios auxiliares. O exceso dos recursos propios auxiliares respecto dos requirimentos de recursos propios requiridos á entidade ou grupo polos riscos exixidos de conformidade cos ligados aos capítulos V e VI deste real decreto non se computará como recursos propios.

4. En todo caso, o capital ordinario e as reservas, individuais ou consolidadas, netos de perdas e accións propias, e as participacións representativas de intereses minoritarios que resulten computables deberán superar o 50 por cento dos recursos propios básicos da entidade de

crédito ou do grupo consolidable de entidades de crédito.

5. O Banco de España poderá autorizar as entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito a computar como recursos propios, transitoria e excepcionalmente, o exceso sobre os límites establecidos neste número.

#### Artigo 16. *Participacións cualificadas en entidades de carácter non financeiro.*

1. De conformidade co disposto no artigo décimo da Lei 13/1985, deduciranse dos recursos propios dos grupos consolidables de entidades de crédito, ou das entidades de crédito non pertencentes a un destes grupos, a maior das seguintes contías:

a) O importe total das súas participacións cualificadas en empresas que non teñan o carácter de entidades financeiras ou de sociedades instrumentais destas, na parte en que ese importe total exceda o 60 por cento dos recursos propios do grupo consolidable ou da entidade de crédito que posúa as participacións.

b) O importe da participación cualificada nunha soa empresa ou da suma das participacións cualificadas en empresas pertencentes a un mesmo grupo económico, sempre que as empresas non teñan o carácter de financeiras ou de sociedades instrumentais destas, na parte de cada participación ou suma de participacións que exceda o 15 por cento dos recursos propios do grupo consolidable ou da entidade de crédito que posúa as participacións.

2. Para efectos do disposto no número precedente, entenderase que un grupo consolidable de entidades de crédito, ou unha entidade de crédito non pertencente a un destes grupos, posúe unha participación cualificada cando, en relación coa empresa participada:

a) posúa, polo menos, o 10 por cento do seu capital ou dos seus dereitos de voto, incluíndo o posuído a través de entidades controladas polo grupo consolidable ou pola entidade de crédito, ou a través de persoas que actúen por conta dun ou doutra, e aquilo de que se dispoña concertadamente con calquera outra persoa; ou ben,

b) poida exercer unha influencia notable na súa xestión. Entenderase que existe esta posibilidade cando polo menos un 20 por cento dos conselleiros da empresa participada poidan ser designados, ou o fosen efectivamente, polo grupo consolidable ou a entidade de crédito que posúa a participación.

3. Para que unha operación de asistencia financeira realizada por un grupo consolidable de entidades de crédito, ou unha entidade de crédito non pertencente a un destes grupos, permita a exclusión dunha participación cualificada das limitacións a que se refire este artigo será necesario:

a) Que a operación afecte unha empresa en que previamente o grupo consolidable ou a entidade de crédito, ou outras entidades dos seus respectivos grupos económicos, tivesen unha participación non inferior ao 5 por cento do capital; estivesen implicados de forma permanente na súa xestión; ou fosen acredores cunha participación no total dos pasivos exixibles da empresa superior ao 25 por cento.

b) Que a empresa afectada fose declarada en concurso, ou experimente problemas de solvencia graves e permanentes.

c) Que, a xuízo do Banco de España, non existan posibilidades alternativas de garantir os intereses da entidade de crédito na empresa en crise.

O Banco de España fixará o prazo máximo da exclusión atendendo ao programa de saneamento da empresa afectada. Ese prazo non poderá ser superior a catro anos.

4. Cando o grupo consolidable ou a entidade de crédito posúan unha participación cualificada como consecuencia do aseguramento dunha emisión de valores, a non inclusión da citada participación na dedución establecida neste artigo non poderá superar un ano a partir da adquisición dos valores pola entidade.

5. A non inclusión na dedución establecida neste artigo de participacións posuídas en nome propio, pero por conta de terceiros, exixirá a existencia dun contrato escrito de mandato e será incompatible coa existencia dunha participación cualificada na mesma empresa por parte do grupo consolidable ou da entidade de crédito ou, de ser o caso, doutras entidades dos seus respectivos grupos económicos.

### CAPÍTULO III

#### Requisitos de recursos propios por risco de crédito

##### Artigo 17. *Coefficiente de solvencia.*

Os requisitos de recursos propios polo risco de crédito e o risco de dilución, referidos no artigo sexto.1.a) da Lei 13/1985, serán o 8 por cento do total das exposicións da entidade ponderadas por risco e calculadas de conformidade co establecido no artigo seguinte.

##### Artigo 18. *Elección de método de cálculo.*

O valor das exposicións ponderadas polo risco a que se refire o artigo anterior calcularase de acordo co método estándar considerado na sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo, ou ben, se así o autoriza o Banco de España, de acordo co método baseado en cualificacións internas, considerado na sección 2.<sup>a</sup> deste capítulo.

##### Artigo 19. *Definición de exposición.*

Para efectos deste capítulo, por exposición enténdese toda partida do activo e toda partida incluída nas contas de orde da entidade de crédito que incorpore risco de crédito.

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> MÉTODO ESTÁNDAR

##### Artigo 20. *Valor de exposición.*

1. O valor de exposición dunha partida do activo será o seu valor en balance, e o valor de exposición dunha partida incluída nas contas de orde será a seguinte porcentaxe do seu valor contable:

- a) o 100 por cen se é unha partida de risco alto;
- b) o 50 por cento se é unha partida de risco medio;
- c) o 20 por cento se é unha partida de risco medio/baixo e
- d) o 0 por cento se é unha partida de risco baixo.

O Banco de España determinará qué partidas das contas de orde deben considerarse para estes efectos, así como a clasificación destas en cada unha das categorías de risco deste artigo.

O Banco de España poderá, nos casos que el mesmo determine, incrementar o valor de exposición mediante o axuste de volatilidade apropiado cando unha exposición adopte a forma de valores ou materias primas vendidos, entregados ou prestados conforme unha operación con pacto de recompra ou unha operación de préstamo de valores ou materias primas ou de toma de valores ou de



materias primas en préstamo, e de operacións de financiamento con reposición da marxe.

2. O valor de exposición dun instrumento derivado determinarase de conformidade co establecido no capítulo IV tendo en conta os efectos dos contratos de novación e outros acordos de compensación. O valor de exposición das operacións con pacto de recompra, das operacións de préstamo de valores ou materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo, das operacións pendentes de liquidación cunha entidade de contrapartida central ou con liquidación diferida e das operacións de financiamento das garantías, poderase determinar de conformidade co capítulo IV ou coa sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

O Banco de España determinará os instrumentos derivados aos cales será de aplicación este número e as condicións en que se aplicarán, se é o caso, as disposicións do citado capítulo IV.

3. Cando se utilicen garantías reais ou instrumentos similares para a cobertura do risco de crédito dunha exposición, o seu valor poderase modificar de acordo co establecido na sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

#### Artigo 21. *Categorías de exposición ao risco de crédito no método estándar.*

Para os efectos desta sección, cada exposición ao risco de crédito asignarase a unha das seguintes categorías:

- a) exposicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais;
- b) exposicións fronte a administracións rexionais ou autoridades locais;
- c) exposicións fronte a entidades do sector público e institucións sen fins de lucro;
- d) exposicións fronte a bancos multilaterais de desenvolvemento;
- e) exposicións fronte a organizacións internacionais;
- f) exposicións fronte a institucións, isto é, fronte a entidades de crédito e empresas de servizos de investimento;
- g) exposicións fronte a empresas;
- h) exposicións retallistas;
- i) exposicións garantidas con bens inmobles;
- j) exposicións en situación de mora;
- k) exposicións de alto risco;
- l) bonos garantidos;
- m) posicións en titulizacións;
- n) exposicións a curto prazo fronte a institucións e empresas;
- o) exposicións fronte a institucións de investimento colectivo; ou,
- p) outras exposicións.

O Banco de España determinará, se for o caso, os criterios para asignar a cada categoría as diferentes exposicións.

#### Artigo 22. *Exposicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais.*

1. As exposicións fronte á Administración xeral do Estado, o Banco de España e fronte ás demais administracións e bancos centrais dos restantes países do Espazo Económico Europeo, denominadas e financiadas nas súas moedas nacionais, así como fronte ao Banco Central Europeo, ponderaranse ao 0 por cento.

2. As restantes exposicións asignadas á categoría de administracións centrais e bancos centrais ponderaranse de acordo co método baseado na calidade crediticia da entidade contraparte, que establecerá o Banco de España.

Para estes efectos, terase en conta a existencia ou non dunha avaliación da calidade crediticia da contraparte realizada por unha axencia de cualificación recoñecida conforme o previsto nos artigos 27 a 30.

3. Non obstante, cando as autoridades competentes dun país terceiro que aplique disposicións de supervisión e regulación equivalentes, polo menos, a xuízo do Banco de España, ás aplicadas na Unión Europea asignen unha ponderación de risco inferior á indicada no número 2 ás exposicións coa súa administración central e co banco central denominadas e financiadas na moeda nacional, as entidades de crédito poderán ponderar da mesma maneira esas exposicións.

#### Artigo 23. *Exposicións fronte a administracións rexionais e locais.*

1. A débeda pública emitida polas comunidades autónomas e as entidades locais españolas recibirá a mesma ponderación que as exposicións fronte á Administración xeral do Estado.

2. As restantes exposicións asignadas á categoría de administracións rexionais e autoridades locais ponderaranse usando o método baseado na ponderación que reciba o risco da administración central do país a que pertencen, tendo en conta, polo tanto, na forma que indique o Banco de España, o nivel de calidade crediticia asignado polas citadas axencias de cualificación, cando exista.

3. Non obstante, cando as autoridades competentes do Espazo Económico Europeo ou dun país terceiro que aplique disposicións de supervisión e regulación equivalentes, polo menos, a xuízo do Banco de España, ás aplicadas na Unión Europea, outorguen ás súas exposicións fronte ás administracións rexionais e as autoridades locais o mesmo tratamento que ás exposicións fronte á súa administración central, as entidades de crédito poderán ponderar da mesma maneira os riscos con esas administracións rexionais e autoridades locais.

#### Artigo 24. *Exposicións fronte a entidades do sector público.*

1. As exposicións fronte aos organismos autónomos e ás entidades públicas empresariais reguladas no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e fronte ás demais entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, fronte ás entidades xestoras, servizos comúns e mutuas da Seguridade Social e fronte ao Instituto de Crédito Oficial poderán recibir o mesmo tratamento que as exposicións fronte á administración do Estado.

As exposicións fronte aos organismos autónomos e entes públicos dependentes das comunidades autónomas sempre que, conforme as leis aplicables, teñan natureza análoga á prevista para os dependentes da Administración xeral do Estado, e fronte aos organismos ou entes públicos de natureza administrativa dependentes das entidades locais españolas, sempre que carezan de fins lucrativos e desenvolvan actividades administrativas propias desas entidades, recibirán a ponderación aplicable á administración de que dependan.

Para estes efectos, o Banco de España dará a coñecer as entidades do sector público que deban recibir o mesmo tratamento, en termos de ponderación de risco, que a administración de que dependan.

2. As restantes exposicións asignadas á categoría de entidades do sector público e institucións sen fins de lucro recibirán unha ponderación de risco do 100 por cento. Non obstante:

a) cando as autoridades competentes doutro Estado membro outorguen ás exposicións fronte a determinadas entidades do seu sector público o mesmo tratamento que ás exposicións fronte a institucións, ou que ás exposicións fronte á administración central na xurisdición da cal se encontren constituídas, as entidades de crédito poderán ponderar esas exposicións da mesma maneira, e

b) cando as autoridades competentes dun país terceiro que aplique disposicións de supervisión e regulación equivalentes, polo menos, a xuízo do Banco de España, ás aplicadas na Unión Europea, outorguen ás exposicións fronte a determinadas entidades do sector público o mesmo tratamento que ás exposicións fronte a institucións, as entidades de crédito poderán ponderar da mesma maneira as súas exposicións fronte a esas entidades do sector público.

#### Artigo 25. *Exposicións retallistas.*

As exposicións consideradas na alínea h) do artigo 21 deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A exposición deberá asumirse fronte a unha ou máis persoas físicas ou unha pequena ou mediana empresa.

b) A exposición deberá formar parte dun número significativo de exposicións con características similares, de modo que se reduzan substancialmente os riscos asociados a ese tipo de préstamo.

c) E o importe total debido á entidade de crédito, á súa empresa matriz e ás súas filiais, incluída calquera exposición anterior en situación de mora, polo cliente ou grupo de clientes vinculados entre si e obrigados ao pagamento, excluídos os créditos ou compromisos contingentes garantidos con bens inmobles residenciais, non deberá, segundo os datos de que dispoña a entidade de crédito, superar un millón de euros. A entidade de crédito deberá tomar medidas razoables co fin de obter tales datos.

Os valores non poderán pertencer á categoría de exposición retallista.

O Banco de España establecerá as circunstancias e a forma en que os pagamentos por arrendamento financeiro se poderán incluír nesta categoría de exposición retallista.

#### Artigo 26. *Ponderación por risco das exposicións en método estándar.*

1. Á hora de calcular as exposicións ponderadas por risco, a todas as exposicións se lles aplicarán ponderacións de risco, a menos que se deduzan dos fondos propios. A aplicación das ponderacións de risco basearase na categoría de exposición á cal se asigne a exposición e na súa calidade crediticia.

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior:

a) a calidade crediticia poderase determinar por referencia ás avaliacións de crédito de axencias de cualificación externas, de conformidade co disposto nos artigos 27 a 29, ou ás avaliacións de crédito de axencias de crédito á exportación consideradas no artigo 30.

b) o Banco de España determinará as ponderacións de risco que se deberán aplicar a cada exposición de acordo cos principios establecidos neste número, así como as exposicións que se poidan deducir dos recursos propios.

2. Para efectos da aplicación das ponderacións de risco consideradas no número 1, o valor da exposición multiplicarase pola ponderación de risco especificada ou determinada de acordo con esta sección.

3. As entidades de crédito calcularán as ponderacións por risco das exposicións fronte a institucións de

acordo co método baseado na ponderación que reciba o risco da administración central do país a que pertenzan, tendo en conta, por tanto, na forma que indique o Banco de España, o nivel de calidade crediticia asignado polas citadas axencias de cualificación, cando exista.

4. Malia o disposto no número 1, cando unha exposición estea suxeita a cobertura do risco de crédito, a ponderación de risco aplicable a esa partida poderá modificarse de conformidade coa sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

5. No caso das posicións de titulización, as exposicións ponderadas por risco calcularanse de conformidade coa sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo.

6. Con excepción das exposicións que dan lugar a pasivos en forma dos elementos considerados nas alíneas a) a j) do artigo 12, as entidades de crédito poderán asignar unha ponderación de risco do 0 por cento ás súas exposicións fronte a unha contraparte que sexa a súa empresa matriz, a súa filial ou unha filial da súa empresa matriz, ou ben unha empresa que se encontre nunha das situacións da sección I do capítulo II do Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para formulación das contas anuais, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

a) a contraparte será unha entidade ou sociedade financeira de carteira, unha entidade financeira, unha empresa de xestión de activos ou empresa de servizos auxiliares suxeita aos requisitos prudenciais axeitados;

b) a contraparte estará completamente incluída na mesma consolidación que a entidade de crédito;

c) a contraparte estará suxeita aos mesmos procedementos de avaliación, medida e control de riscos que a entidade de crédito;

d) a contraparte estará establecida en España; e

e) non existirá actualmente nin será previsible que exista ningún impedimento material ou xurídico para a inmediata transferencia de fondos propios ou para o reembolso de pasivos da contraparte á entidade de crédito;

7. Con excepción das exposicións que dan lugar a pasivos en forma dos elementos considerados nas alíneas a) a j) do artigo 12.1, as entidades de crédito poderán asignar unha ponderación de risco do 0 por cento ás exposicións fronte a contrapartes que pertenzan ao mesmo sistema institucional de protección que a entidade de crédito acreedora, coa condición de que, a xuízo do Banco de España, se cumpran as condicións seguintes:

a) a contraparte será unha entidade de crédito, unha sociedade financeira de carteira, unha entidade financeira, unha empresa de xestión de activos ou empresa de servizos auxiliares suxeita aos requisitos prudenciais apropiados e establecida no mesmo Estado membro;

b) que a entidade de crédito e a contraparte chegasen a un acordo contractual ou legal de responsabilidades que inclúa a entidade de crédito e a contraparte que protexa esas institucións e, en particular, que garanta a súa liquidez e solvencia co fin de evitar a quebra cando resulte necesario, denominado, no sucesivo, «sistema institucional de protección»;

c) que os acordos garantan que o sistema institucional de protección poderá outorgar o apoio necesario de acordo co seu cometido, con cargo a fondos dispoñibles para iso de forma inmediata;

d) que o sistema institucional de protección conte con mecanismos adecuados e establecidos de maneira uniforme para o seguimento e a clasificación de riscos, que ofrezan unha visión exhaustiva da situación de risco de cada membro e do sistema institucional de protección no seu conxunto, coas correspondentes posibilidades de sometemento a influencia; os ditos sistemas controlarán

adecuadamente as exposicións que se consideren en situación de falta de pagamento;

e) que o sistema institucional de protección efectúe a súa propia avaliación de riscos e llela comunique aos seus membros;

f) que o sistema institucional de protección elabore e publique, unha vez ao ano, xa sexa un informe consolidado que comprenda o balance, a conta de beneficios e perdas, o informe de situación e o informe de riscos do sistema institucional de protección en conxunto, xa sexa un informe que comprenda o balance agregado, a conta agregada de beneficios e perdas, o informe de situación e o informe de riscos do sistema institucional de protección en conxunto;

g) que os membros do sistema institucional de protección que desexen deixalo estean obrigados a notificalo cunha antelación de, polo menos, 24 meses;

h) que se elimine a utilización múltiple de elementos admisibles para o cálculo dos fondos propios, así como calquera constitución inapropiada de fondos propios entre os membros do sistema institucional de protección, e

i) que o sistema institucional de protección se basee nunha ampla participación de entidades de crédito cun perfil de actividades predominantemente homoxéneo.

O Banco de España poderá, ademais, exixir que as entidades acollidas ao mesmo sistema institucional de protección queden vinculadas ás instrucións que os organismos de xestión deste poidan establecer para asegurar a solvencia e liquidez do sistema.

#### Artigo 27. *Recoñecemento das axencias de cualificación externa.*

1. De acordo co número 2 do artigo sexto da Lei 13/1985, unicamente se poderá utilizar unha cualificación externa de crédito para determinar a ponderación de risco dunha exposición de conformidade con este capítulo cando a axencia de cualificación externa que a efectúe sexa recoñecida polo Banco de España como elixible para eses fins, de acordo cos criterios que establece para iso, e valorando, en todo caso, a obxectividade, independencia, transparencia e continua revisión da metodoloxía aplicada, así como a credibilidade e aceptación no mercado das cualificacións de crédito realizadas por esa axencia.

2. Cando unha axencia de cualificación externa sexa recoñecida como elixible polas autoridades competentes doutro Estado membro da Unión Europea, o Banco de España poderá recoñecer a mesma axencia de cualificación externa como elixible sen levar a cabo o seu propio proceso de avaliación.

3. O Banco de España fará pública unha explicación do proceso de recoñecemento e unha lista das axencias de cualificación externa elixibles.

#### Artigo 28. *Asociación de cualificacións externas con calidade crediticia.*

1. O Banco de España determinará a que grao de calidade crediticia deben asociarse as correspondentes cualificacións de crédito dunha axencia de cualificación externa elixible. Tales determinacións serán obxectivas e coherentes, e poderán ter en conta as guías que, sobre esta cuestión, aproben os organismos ou comités internacionais activos na regulación e supervisión bancarias.

2. Cando as autoridades competentes doutro Estado membro da Unión Europea efectuasen unha determinación conforme o número 1, o Banco de España poderá recoñecer esa determinación sen levar a cabo o seu propio proceso de determinación do nivel de calidade crediticia.

#### Artigo 29. *Uso das cualificacións externas de crédito.*

1. O uso de cualificacións de crédito efectuadas por axencias de cualificación externa para o cálculo das exposicións ponderadas por risco dunha entidade de crédito será coherente e acorde cos principios que estableza o Banco de España. As cualificacións de crédito non se utilizarán de maneira selectiva.

2. As entidades de crédito utilizarán cualificacións de crédito solicitadas. Non obstante, coa autorización do Banco de España, poderán utilizar cualificacións non solicitadas.

#### Artigo 30. *Axencias de cualificación de crédito á exportación.*

1. As cualificacións de crédito efectuadas por unha axencia de crédito á exportación serán recoñecidas polo Banco de España para determinar a ponderación por risco das exposicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais, consideradas na alínea a) do artigo 21, se cumpren unha das seguintes condicións:

a) que consista nunha puntuación de risco consensuada de axencias de crédito á exportación participantes no «Acordo sobre directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial» da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE); ou,

b) que a axencia de crédito á exportación publique as súas avaliacións de crédito e subscriba a metodoloxía acordada pola OCDE, e que a avaliación do crédito estea asociada a unha das oito primas mínimas de seguro de exportación (MEIP) establecidas na metodoloxía acordada pola OCDE.

2. As exposicións obxecto dunha avaliación de crédito realizada por unha axencia de crédito á exportación e recoñecida para efectos de ponderación de risco recibirán unha ponderación de risco de acordo co sistema que determine o Banco de España.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> MÉTODO BASEADO EN CUALIFICACIÓNS INTERNAS

#### Artigo 31. *Autorización para uso do método baseado en cualificacións internas.*

1. Conforme o establecido no artigo 18, as entidades de crédito requirirán a autorización do Banco de España para calcular as súas exposicións ponderadas por risco empregando o método baseado en cualificacións internas.

2. A devandita autorización unicamente se outorgará cando o Banco de España teña garantías de que os sistemas da entidade de crédito para a xestión e cualificación de exposicións con risco de crédito estean suficientemente integrados na propia xestión do risco da entidade, así como, en particular, cando se cumplan as seguintes normas:

a) os sistemas de cualificación da entidade de crédito preverán unha avaliación significativa das características do debedor e da operación, unha diferenciación significativa do risco e estimacións cuantitativas exactas e coherentes do risco;

b) as cualificacións internas e as estimacións de falta de pagamento e perda utilizadas para o cálculo dos requirimentos de recursos propios e os sistemas e procedementos asociados desempeñarán un papel esencial no proceso de xestión do risco e toma de decisións, así como na aprobación de créditos, a asignación interna de capital e as funcións de goberno corporativo da entidade de crédito;



c) a entidade de crédito disporá dunha unidade de control de risco de crédito responsable dos seus sistemas de cualificación e debidamente independente e libre de toda influencia indebida;

d) a entidade de crédito recompilará e almacenará todos os datos pertinentes co fin de apoiar de forma efectiva o seu proceso de medición e xestión do risco de crédito, e

e) a entidade de crédito documentará os seus sistemas de cualificación, así como o razoamento en que se basean, e validará os ditos sistemas.

Para tal fin, o Banco de España determinará os requisitos mínimos necesarios para entender como cumpridas as normas do parágrafo anterior.

Cando unha entidade de crédito matriz da Unión Europea e as súas filiais ou unha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea e as súas filiais utilicen o método baseado en cualificacións internas de maneira unificada, o Banco de España poderá permitir que a entidade matriz e as súas filiais consideradas conxuntamente cumpran tales requisitos mínimos.

3. Toda entidade de crédito que solicite o uso do método baseado en cualificacións internas acreditará que utilizou, para as categorías de exposición en cuestión, sistemas de cualificación que se encontren en consonancia xeral cos requisitos mínimos determinados polo Banco de España para efectos de medición e xestión interna do risco durante, polo menos, tres anos antes de ser admitida a utilizar o método baseado en cualificacións internas.

4. Toda entidade de crédito que solicite o uso de estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión acreditará que calculou e empregou estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento e os factores de conversión de maneira, en xeral, acorde cos requisitos mínimos para o uso de estimacións propias destes parámetros que determine o Banco de España, durante, polo menos, tres anos antes de ser admitida a utilizar estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión.

5. Cando unha entidade de crédito deixe de cumprir os requisitos establecidos nesta sección, presentalle ao Banco de España un plan para o retorno puntual ao cumprimento ou acreditará, á satisfacción do Banco de España, que o efecto de tal incumprimento carece de importancia. En caso contrario, procederase a revogar a autorización outorgada para utilizar o método baseado en cualificacións internas, sen prexuízo da imposición das sancións que, se for do o caso, resulten de aplicación.

6. Para os efectos da autorización a que se refire o número 1, cando o método baseado en cualificacións internas vaia ser utilizado por unha entidade de crédito matriz da Unión Europea e as súas filiais, ou pola sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea e as súas filiais, o Banco de España cooperará estreitamente coas autoridades supervisoras competentes da Unión Europea, conforme o disposto no artigo décimo bis.2.c) da Lei 13/1985.

#### Artigo 32. *Aplicación do método baseado en cualificacións internas.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 36, as entidades de crédito aplicarán o método baseado en cualificacións internas a todas as exposicións.

Coa autorización do Banco de España, a devandita aplicación poderase efectuar sucesivamente ás diversas categorías de exposición consideradas no artigo 33, dentro dunha mesma unidade de negocio, en diferentes unidades de negocio do mesmo grupo ou con vistas ao uso de estimacións propias das perdas en caso de falta de

pagamento ou os factores de conversión co fin de calcular as ponderacións de risco das exposicións fronte a empresas, institucións, administracións centrais e bancos centrais.

No caso da categoría de exposición retailista considerada no artigo 33, a aplicación do método baseado en cualificacións internas poderase efectuar sucesivamente ás diversas categorías de exposición que determine o Banco de España.

2. A aplicación sucesiva do método baseado en cualificacións internas considerada no número 1 terá lugar nun prazo razoable, o cal se acordará co Banco de España. O Banco de España determinará as condicións baixo as cales esa aplicación se levará a cabo, de modo que garantan que a flexibilidade que permite o número 1 non se utilice de maneira selectiva co fin de reducir os requirimentos mínimos de capital respecto daquelas categorías de exposición ou unidades de negocio que aínda deban incluírse no método baseado en cualificacións internas, ou no uso de estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión.

3. As entidades de crédito que utilicen o método baseado en cualificacións internas para calquera categoría de exposición utilizarán, ao mesmo tempo, este método para a categoría de exposición de renda variable.

4. Malia o disposto nos números 1 a 3 deste artigo e no artigo 36, as entidades de crédito que obtivesen a autorización prevista no artigo 31 para utilizar o método baseado en cualificacións internas non volverán aplicar a sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo para o cálculo de exposicións ponderadas por risco, salvo por motivos xustificados e coa autorización do Banco de España.

5. Malia o disposto nos números 1 e 2 deste artigo e no artigo 36, as entidades de crédito que obtivesen o permiso previsto no artigo 34.5 para utilizar estimacións propias de perda en caso de falta de pagamento e os factores de conversión non volverán empregar os valores de perda en caso de falta de pagamento nin os factores de conversión considerados no artigo 34.4, salvo por motivos xustificados e coa autorización do Banco de España.

#### Artigo 33. *Categorías de exposición ao risco de crédito no método baseado en cualificacións internas.*

1. As entidades de crédito asignarán as súas exposicións a algunha das seguintes categorías:

- exposicións fronte a administracións centrais e bancos centrais;
- exposicións fronte a institucións;
- exposicións fronte a empresas;
- exposicións fronte a retailistas;
- valores de renda variable;
- posicións en titulizacións; ou,
- outros activos que non sexan activos financeiros.

2. As seguintes exposicións consideraranse exposicións fronte a administracións centrais e bancos centrais:

- exposicións fronte a gobernos rexionais, autoridades locais ou entidades do sector público que se consideren exposicións fronte a administracións centrais conforme a sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo, e
- exposicións fronte a bancos multilaterais de desenvolvemento e organizacións internacionais que gocen dunha ponderación de risco do 0 por cento no método estándar conforme o que estableza o Banco de España.

3. As seguintes exposicións consideraranse exposicións fronte a institucións:

- exposicións fronte a gobernos rexionais e a autoridades locais que non se consideren exposicións fronte a

administracións centrais conforme a sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo;

b) exposicións fronte a entidades do sector público que se consideren exposicións fronte a institucións conforme a sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo, e

c) exposicións fronte a bancos multilaterais de desenvolvemento que non gocen dunha ponderación de risco do 0 por cento no método estándar conforme o que establece o Banco de España.

4. Para pertencer á categoría de exposicións retallistas prevista na alínea d) do número 1, as exposicións cumprirán os criterios seguintes:

a) as exposicións asumiranse fronte a unha ou máis persoas físicas ou a unha pequena ou mediana empresa, neste último caso baixo a condición de que o importe total debido á entidade de crédito e ás empresas matrices e as súas filiais, incluída calquera exposición anterior en situación de mora, polo cliente ou grupo de clientes vinculados entre si e obrigados ao pagamento, pero excluídos os créditos ou compromisos continxentes garantidos con bens inmobles residenciais, non supere un millón de euros segundo lle conste á entidade de crédito, a cal deberá ter adoptado medidas razoables co fin de confirmar tal extremo;

b) a entidade de crédito administraraas dentro dos seus sistemas de xestión de riscos de forma coherente ao longo do tempo e de modo similar;

c) non se poderán xestionar individualmente ao modo das exposicións da categoría de exposicións fronte a empresas, e

d) cada unha representará unha exposición de entre un número significativo de exposicións xestionadas do mesmo modo.

O Banco de España establecerá as circunstancias e a forma en que os pagamentos por arrendamento financeiro se poderán incluír nesta categoría de exposición retallista.

5. As seguintes exposicións clasificaranse como exposicións de renda variable:

a) instrumentos de capital que outorguen un dereito residual e subordinado sobre os activos ou as rendas do emisor, e

b) exposicións de débeda cuxa substancia económica sexa similar ás exposicións especificadas na alínea a).

6. Na categoría de exposicións fronte a empresas, as entidades de crédito identificarán por separado, como exposicións de financiamento especializado, as exposicións que presenten as seguintes características:

a) a exposición asúmese fronte a unha entidade creada especificamente para financiar ou operar con activos físicos;

b) as disposicións contractuais concédennlle ao prestamista un importante grao de control sobre os activos e as rendas que xeran, e

c) a principal fonte de reembolso da obrigaón radica na renda xerada polos activos financiados, máis que na capacidade independente dunha empresa comercial tomada no seu conxunto.

7. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, a metodoloxía utilizada pola entidade de crédito para asignar as exposicións a distintas categorías será adecuada de acordo coas normas que establece o Banco de España e coherente ao longo do tempo.

8. O Banco de España concretará os criterios mencionados neste artigo e determinará, de ser o caso, os criterios adicionais que resulten necesarios para asignar as diferentes exposicións a cada categoría.

Artigo 34. *Ponderación polo risco das exposicións no método baseado en cualificacións internas.*

1. As exposicións ponderadas por risco pertencentes ás categorías consideradas nas alíneas a) a e) ou g) do número 1 do artigo 33, a menos que se deduzan dos fondos propios, calcularanse de acordo coas normas que determine o Banco de España.

2. O Banco de España baseará as normas para o cálculo das exposicións ponderadas por risco nos parámetros pertinentes relativos á exposición en cuestión. Estes incluírán a probabilidade de falta de pagamento, a perda en caso de falta de pagamento, o vencemento efectivo e o valor da exposición. A probabilidade de falta de pagamento e a perda en caso de falta de pagamento poderanse considerar por separado ou conxuntamente.

3. No caso das exposicións pertencentes ás categorías consideradas nas alíneas a) a d) do número 1 do artigo 33, as entidades de crédito utilizarán as súas estimacións propias das probabilidades de falta de pagamento de conformidade co artigo 31, nos termos que establece o Banco de España.

Así mesmo, para as exposicións pertencentes á categoría considerada na alínea d) do número 1 do artigo 33, as entidades de crédito utilizarán as súas estimacións propias de perda en caso de falta de pagamento e os factores de conversión de conformidade co artigo 31.

4. No caso das exposicións pertencentes ás categorías de exposicións consideradas nas alíneas a) a c) do número 1 do artigo 33, as entidades de crédito utilizarán os valores de perda en caso de falta de pagamento e os factores de conversión que determine o Banco de España.

5. Malia o disposto no número anterior, para todas as exposicións pertencentes ás categorías de exposicións consideradas nas alíneas a) a c) do número 1 do artigo 33, o Banco de España poderá permitir que as entidades de crédito utilicen estimacións propias de perda en caso de falta de pagamento e dos factores de conversión, nos termos que establece para iso.

6. Malia o disposto no número 2, o Banco de España poderá autorizar o uso de métodos alternativos para calcular as exposicións ponderadas por risco correspondentes ao risco de crédito de todas as exposicións pertencentes á categoría de renda variable, consideradas na alínea e) do número 1 do artigo 33. Así mesmo, o cálculo das exposicións ponderadas por risco das exposicións de financiamento especializado poderase calcular nos termos que establece para iso o Banco de España. O Banco de España publicará orientacións sobre o modo en que as entidades de crédito deben asignar ponderacións de risco ás exposicións de financiamento especializado e aprobará as metodoloxías de asignación das entidades.

7. As exposicións ponderadas por risco correspondentes á categoría de posicións en titulizacións, consideradas na alínea f) do número 1 do artigo 33, calcularanse de conformidade coa sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo.

8. Nos casos en que as exposicións sexan en forma de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo, o Banco de España poderalles exixir ás entidades de crédito que atendan ás exposicións subxacentes á hora de calcular as exposicións ponderadas por risco e os importes das perdas esperadas de conformidade cos métodos establecidos nesta sección, cando estas cumpran os criterios que o Banco de España establece para iso. O Banco de España determinará a forma de cálculo dos citados parámetros para as entidades de crédito que non cumpran as condicións para utilizar os métodos establecidos nesta sección.

9. Así mesmo, o Banco de España determinará o método de cálculo das exposicións ponderadas por risco e as perdas esperadas que utilizarán as entidades de crédito cando as exposicións en forma de accións ou partici-

pacións en institucións de investimento colectivo non cumbran os criterios establecidos polo Banco de España conforme o número anterior ou a entidade de crédito non teña coñecemento de todas as exposicións subxacentes da institución de investimento colectivo.

#### Artigo 35. *Cálculo da perda esperada.*

1. O cálculo das perdas esperadas correspondentes ás exposicións pertencentes a cada unha das categorías consideradas nas alíneas a) a e) e g) do número 1 do artigo 33 farase segundo os métodos que estableza o Banco de España.

2. As perdas esperadas correspondentes ás exposicións titulizadas, consideradas na alínea f) do número 1 do artigo 33, calcularanse de acordo coa sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo.

#### Artigo 36. *Uso subsidiario do método estándar.*

Con carácter excepcional, as entidades de crédito ás que se lles permita utilizar o método baseado en cualificacións internas para o cálculo das exposicións ponderadas por risco e as perdas esperadas correspondentes a unha ou máis categorías de exposicións poderán aplicar con carácter permanente o disposto na sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo a aquelas exposicións que contén coa autorización previa do Banco de España e de conformidade co que este estableza para o efecto.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> REDUCCIÓN DO RISCO DE CRÉDITO

#### Artigo 37. *Técnicas de redución do risco de crédito.*

As entidades de crédito a que se refire esta sección serán aquelas que se poidan beneficiar dunha redución das súas exposicións ao risco de crédito como consecuencia da utilización de técnicas de redución deste. Estas técnicas comprenden tanto o uso de garantías reais como de garantías persoais, incluíndo, entre estas últimas os derivados de crédito.

#### Artigo 38. *Uso de técnicas de redución do risco de crédito.*

As entidades de crédito que utilicen o método estándar ou o método baseado en cualificacións internas, pero non utilicen as súas propias estimacións de perda en caso de falta de pagamento e dos factores de conversión consonte os artigos 34 e 35, poderán recoñecer a redución do risco de crédito no cálculo das exposicións ponderadas por risco para efectos do artigo sexto.1.a) da Lei 13/1985 ou como perdas esperadas pertinentes para efectos do cálculo considerado no artigo 13.h).

#### Artigo 39. *Requisitos que cumpriran as técnicas de redución do risco de crédito.*

1. A técnica empregada para a cobertura do risco de crédito, xunto coas medidas e disposicións adoptadas e os procedementos e políticas aplicados pola entidade de crédito, terán que estar suxeitas a un réxime xurídico substantivo que, en todo caso, preveña e garanta a súa execución, en calquera das xurisdicións cuxo dereito resultase aplicable.

2. As entidades de crédito adoptarán todas as medidas adecuadas co fin de garantir a eficacia da cobertura do risco de crédito e atender aos riscos asociados.

3. No caso de coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares, para seren susceptibles de recoñecemento, os activos empre-

gados como garantía deberán ser suficientemente líquidos e o seu valor ao longo do tempo suficientemente estable, para ofrecer un grao adecuado de certeza en canto á cobertura do risco de crédito obtida, tendo en conta o método utilizado para calcular as exposicións ponderadas por risco e o grao de recoñecemento permitido.

4. Igualmente, no caso de coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares, a entidade de crédito deberá ter o dereito de liquidar en beneficio propio ou tomar a posesión oportunamente dos activos en que se basee a protección en caso de falta de pagamento, insolvencia ou concurso do debedor, ou outros eventos de crédito considerados na documentación da operación. Cando a insolvencia ou situación concursal afecte, de ser o caso, un depositario da garantía real, a entidade deberá ter o dereito a instar o cambio de depositario ou tomar o control das garantías afectadas. O grao de correlación entre o valor dos activos en que se basea a protección e a calidade crediticia do debedor non deberá invalidar a efectividade da protección crediticia.

5. No caso das coberturas do risco de crédito mediante garantías persoais, para seren susceptibles de recoñecemento, os garantes deberán ser suficientemente solventes, e os acordos de protección deberán estar suxeitos a un réxime xurídico substantivo que, en todo caso, preveña e garanta a súa execución, en calquera das xurisdicións cuxo dereito resultase aplicable, para ofrecer un grao de certeza adecuado en canto á cobertura do risco de crédito obtida, tendo en conta o método utilizado para calcular as exposicións ponderadas por risco e o grao de recoñecemento permitido.

6. Para os efectos deste artigo, o Banco de España determinará as características dos activos e acordos de compensación de activos e pasivos elixibles como garantías reais ou instrumentos similares; as características dos garantes e os tipos de acordo de protección elixibles como garantías persoais; así como os restantes requisitos mínimos que deben reunir todos eles para o seu recoñecemento efectivo.

#### Artigo 40. *Efectos da redución do risco de crédito.*

1. Cando se cumpran os requisitos do artigo 39, o cálculo das exposicións ponderadas por risco e, se é o caso, das perdas esperadas, poderase modificar polo uso de técnicas de redución do risco de crédito nos termos que estableza o Banco de España.

2. Ningunha exposición respecto da cal se obteña unha redución do risco de crédito producirá unha exposición ponderada por risco ou perdas esperadas maiores que unha exposición idéntica respecto da cal non haxa ningunha redución do risco de crédito.

3. Nos casos en que a exposición ponderada por risco xa tome en consideración a cobertura do risco de crédito proporcionada por unha garantía real ou persoal, de conformidade co método estándar ou, se é o caso, o método baseado en cualificacións internas, esa cobertura non se terá novamente en conta para os efectos desta sección.

### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> TITULIZACIÓN

#### Artigo 41. *Cálculo da ponderación por risco para a titulización.*

1. O cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito correspondentes a posicións de titulización consideradas no artigo 21.m), para as entidades de crédito que utilicen o método estándar, ou o artigo 33.1.f), para as entidades que utilicen o método baseado en cualificacións internas, efectuarase de acordo co establecido nesta



sección, aínda que, no caso das entidades orixinadoras será requisito imprescindible que a titulación transfira efectivamente unha parte significativa do risco de crédito das exposicións tituladas.

2. O Banco de España determinará os diferentes métodos que se empregarán para o cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito de posicións de titulación ou os requirimentos de recursos propios que cubran os riscos crediticios asumidos nas titulacións, tendo en conta as súas correccións de valor ou provisións, de acordo cos principios establecidos nesta sección. Para estes efectos, terá en conta se as entidades de crédito utilizan, no caso das entidades orixinadoras, ou utilizarían, no caso das entidades patrocinadoras ou investidoras, o método estándar ou o método baseado en cualificacións internas á hora de calcular os requirimentos de recursos propios por risco de crédito das exposicións tituladas, así como a posible pertenza destas e das posicións de titulación á carteira de negociación.

3. Malia o indicado no número 1, as entidades orixinadoras poderán optar en todo momento por non realizar o cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito correspondente ás posicións mantidas na titulación. Neste caso, ou cando non se cumpra o requisito de transferencia efectiva dunha parte significativa do risco de crédito, as entidades orixinadoras deberán seguir calculando as exposicións ponderadas por risco de crédito e, se é o caso, as perdas esperadas correspondentes ás exposicións tituladas, segundo o método que viñan aplicando previamente á titulación e non terán obriga de calcular as exposicións ponderadas por risco correspondentes a ningunha posición que poidan manter na dita titulación.

#### Artigo 42. *Titulación de exposicións por entidade de crédito orixinadora.*

1. As entidades de crédito orixinadoras de titulacións que, efectivamente, transfiran unha parte significativa do risco de crédito asociado ás exposicións tituladas, segundo o disposto no número 2 deste artigo, poderán, de acordo co que estableza o Banco de España:

a) en titulacións tradicionais, en que se transmiten as exposicións tituladas a un vehículo de finalidade especial de titulación que segmenta o risco de crédito daquelas en tramos que contan cunha prelación diferente e que son transmisibles independentemente, excluír do cálculo das exposicións ponderadas por risco, e, se é o caso, das perdas esperadas, as exposicións tituladas, calculando no seu lugar as exposicións ponderadas por risco correspondentes ás posicións que, se é o caso, fosen retidas na titulación, e

b) en titulacións sintéticas, en que a segmentación do risco de crédito das exposicións tituladas e a súa transmisión se alcanza mediante a utilización de derivados de crédito ou garantías persoais elixibles de acordo co sinalado no número 6 do artigo 39, calcular as exposicións ponderadas por risco, e se é o caso, as perdas esperadas, respecto das exposicións tituladas tendo en conta a redución do risco de crédito obtido mediante as garantías recibidas.

2. Para efectos do disposto no número 1, a efectividade da transmisión do risco de crédito requirirá que os instrumentos xurídicos utilizados sexan válidos en todas as xurisdicións pertinentes, que as cláusulas contractuais, como é o caso das opcións de extinción ou de amortización anticipada, non cuestionen a transferencia dos riscos e que a entidade orixinadora non preste á titulación un apoio que exceda a súa obriga contractual, nin outras melloras que teñan como finalidade reducir as perdas potenciais ou reais para os investidores.

3. Para efectos do disposto no número 1 deste artigo, entenderase que existe unha transferencia significativa do risco de crédito cando se transmitise a terceiros unha parte relevante dos tramos que concentran en maior medida, de acordo coa orde de prelación establecida, o risco de crédito.

De acordo con este principio xeral e as demais condicións que el mesmo estableza, o Banco de España determinará se a transferencia de risco de crédito producida pola titulación de exposicións pode considerarse como significativa.

#### Artigo 43. *Ponderación por risco das posicións en titulación.*

1. Para calcular a exposición ponderada por risco dunha posición de titulación, as ponderacións de risco asignaranse ao valor de exposición da posición segundo a calidade crediticia desta, a cal se poderá determinar por referencia á cualificación crediticia dunha axencia de cualificación externa recoñecida para estes efectos ou, doutro modo, que produza resultados similares, todo isto conforme o que determine o Banco de España.

2. Cando existan exposicións en diferentes tramos dunha titulación, a exposición en cada tramo considerase unha posición de titulación independente. Considerase que os provedores de cobertura crediticia a posicións dunha titulación manteñen posicións na titulación. Nas posicións de titulación inclúiranse as exposicións a titulacións resultantes de contratos derivados de tipo de xuro ou divisas.

3. Cando unha posición de titulación estea suxeita a coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares ou con garantías persoais, a ponderación de risco aplicable a esa posición poderase modificar de conformidade coa sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

4. Sen prexuízo da posible dedución de posicións de titulación dos recursos propios, segundo o disposto na alínea i) do artigo 13.1, as restantes posicións ponderadas por risco inclúiranse no total de exposicións ponderadas por risco da entidade de crédito para efectos da alínea a) do artigo sexto.1 da Lei 13/1985.

#### Artigo 44. *Uso de cualificacións externas de risco de crédito en titulación.*

1. Unicamente se poderá utilizar unha cualificación crediticia efectuada por unha axencia de cualificación externa para determinar a ponderación de risco dunha posición de titulación de conformidade co artigo 43, cando a axencia de cualificación externa fose recoñecida como elixible para eses fins polo Banco de España.

2. O Banco de España unicamente recoñecerá unha axencia de cualificación externa como elixible para efectos do número 1 cando obtivese garantías do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27 e de que esta posúe unha capacidade demostrada no campo da titulación, o que se poderá pór de manifesto pola súa ampla aceptación no mercado.

3. Se unha axencia de cualificación externa foi recoñecida como elixible polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, ou mesmo de países terceiros, para efectos do número 1, o Banco de España poderá recoñecer esa axencia de cualificación externa como elixible para eses fins sen levar a cabo o seu propio proceso de avaliación.

4. O Banco de España fará pública unha explicación do proceso de recoñecemento e unha lista das axencias de cualificación externa elixibles.

5. Para utilizarse para estes efectos, as cualificacións crediticias dunha axencia de cualificación externa elixible

deberán cumprir os principios de credibilidade e transparencia que estableza o Banco de España.

6. O uso por parte das entidades das cualificacións crediticias efectuadas por axencias de cualificación externa para calcular as exposicións ponderadas por risco de crédito de posicións de titulización conforme o artigo 43 será coherente e acorde co que estableza o Banco de España. As cualificacións crediticias non se utilizarán de maneira selectiva.

#### Artigo 45. *Asignación de nivel de calidade crediticia.*

1. Á hora de aplicar ponderacións de risco ás posicións de titulización, o Banco de España determinará a que niveis de calidade crediticia relevantes para efectos do cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito se deben asociar as correspondentes cualificacións crediticias dunha axencia de cualificación externa elixible. Tales correspondencias realizaranse de forma obxectiva e consistente.

2. Cando as autoridades competentes doutro Estado membro da Unión Europea, ou mesmo de países terceiros, efectuasen unha correspondencia conforme o número 1, o Banco de España poderá recoñecer sen levar a cabo o seu propio proceso de asignación.

### CAPÍTULO IV

#### Risco de contraparte

#### Artigo 46. *Risco de contraparte.*

1. Para efectos do cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito conforme o disposto nas seccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do capítulo III respecto do método estándar e o método baseado en cualificacións internas, segundo corresponda, as disposicións contidas neste capítulo serán de aplicación para determinar o valor de exposición:

- a) dos instrumentos derivados que determine o Banco de España,
- b) das operacións de a prazo con pacto de recompra,
- c) das operacións de préstamos de valores ou materias primas,
- d) das operacións con liquidación diferida e
- e) das operacións de financiamento das garantías.

2. O Banco de España fixará os métodos e criterios aplicables polas entidades de crédito para calcular os valores de exposición por risco de contraparte correspondentes.

3. Malia o disposto no número anterior, o valor de exposición por risco de contraparte será igual a cero nos seguintes supostos:

a) No caso de permutas de falta de pagamento de crédito vendidas, incluídas na carteira de investimento, cando sexan tratadas como unha protección crediticia proporcionada pola entidade de crédito e estean suxeitas a requirimentos de recursos propios para cubrir o risco de crédito polo total do importe nocional do contrato.

b) En xeral, cando a contraparte sexa unha entidade de contrapartida central que conte cun mecanismo de compensación que exixa a constitución de depósitos en garantía axustables diariamente en función das operacións e da evolución das cotizacións que cubran integramente o risco nos seus acordos.

Para estes efectos, o Banco de España poderá informar as entidades, mediante a elaboración de listaxes ou por calquera outro medio que considere adecuado, acerca das entidades de contrapartida central que, na súa opi-

nión, non contén con mecanismos que supoñan unha garantía adecuada.

c) Cando as entidades compren protección a través dun derivado de crédito para cubrir unha exposición da súa carteira de investimento ou unha exposición suxeita a risco de contraparte. Neses casos, o valor de exposición do derivado de crédito para efectos do risco de contraparte será cero, e as entidades poderán calcular os seus requirimentos de recursos propios respecto da exposición cuberta de acordo co disposto na sección terceira do capítulo III, no relativo aos efectos das coberturas baseadas en garantías persoais e derivados de crédito, ou ben, logo de autorización do Banco de España, conforme as normas da dobre falta de pagamento ou as normas para a estimación interna por parte das entidades dos efectos das garantías de sinatura e derivados de crédito que, en desenvolvemento do capítulo III, se prevexan.

#### Artigo 47. *Compensación contractual no risco de contraparte.*

Nos termos e cos requisitos que determine o Banco de España, as entidades de crédito poderán utilizar como técnicas de redución do risco de contraparte os acordos de compensación contractual seguintes: contratos bilaterais de novación entre unha entidade de crédito e a súa contraparte, outros acordos bilaterais de compensación entre a entidade de crédito e a súa contraparte e acordos de compensación contractual entre produtos.

### CAPÍTULO V

#### Requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio

#### Artigo 48. *Risco de tipo de cambio e posicións en ouro.*

Para efectos do disposto no artigo sexto.1.c) da Lei 13/1985, as entidades de crédito deberán cubrir, en todo momento, con recursos propios suficientes o risco de tipo de cambio e o risco das posicións en ouro que asuman.

Eses recursos propios serán adicionais aos requiridos por outras obrigas establecidas neste real decreto.

#### Artigo 49. *Método estándar de cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio e ouro.*

Cando a suma da posición global neta en divisas da entidade e a súa posición neta en ouro supere o 2 por cento dos seus recursos propios totais, a entidade multiplicará a suma da súa posición neta en divisas e a súa posición neta en ouro por 8 por cento co fin de calcular os requirimentos de recursos propios fronte ao risco de tipo de cambio.

O Banco de España establecerá o método para o cálculo das posicións netas en divisas e en ouro.

#### Artigo 50. *Excepcións.*

Malia o disposto no artigo anterior, o Banco de España poderá eximir do cálculo das posicións netas en divisas e en ouro as posicións cerradas ou compensadas en divisas que estean estreitamente correlacionadas ou que estean suxeitas a un acordo intergubernamental xuridicamente vinculante destinado a reducir as flutuacións desas divisas con respecto a outras cubertas polo mesmo acordo. Se é o caso, estas posicións compensadas eximidas quedarían suxeitas á aplicación dun coeficiente inferior ao 8 por cento e superior ou igual ao 1,6 por cento, que determinará o Banco de España.

Artigo 51. *Cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio e ouro.*

Malia o disposto no artigo 48 e segundo o artigo 69, o Banco de España poderalles autorizar ás entidades que, á hora de calcularen os seus requirimentos de recursos propios para o risco de tipo de cambio e das posicións en ouro, utilicen os seus propios modelos internos de xestión de riscos na vez do método estándar ou en combinación con este.

Para tal fin, as entidades de crédito deberán cumprir as condicións cualitativas mínimas establecidas no artigo 69.

O Banco de España levará a cabo unha avaliación individualizada dos citados modelos para verificar o seu rigor na medición do risco de tipo de cambio, e poderá revogar a autorización do modelo no caso de que a avaliación non resulte satisfactoria para estes efectos.

## CAPÍTULO VI

### Risco da carteira de negociación

Artigo 52. *Ámbito de aplicación.*

1. As entidades de crédito calcularán os requirimentos de recursos propios por risco da carteira de negociación a que se refire o artigo sexto.1.b) da Lei 13/1985, de acordo co presente capítulo.

2. Non serán de aplicación as disposicións deste capítulo cando o tamaño da carteira de negociación da entidade de crédito cumpra os requisitos seguintes:

a) a carteira de valores de negociación non exceda, normalmente, máis do 5 por cento da súa actividade total;

b) o total das posicións da carteira de negociación non exceda, normalmente, o importe de 15 millóns euros, e

c) a carteira de negociación non exceda en ningún caso o 6 por cento da súa actividade total e o total das posicións da carteira de negociación non supere en ningún caso o importe de 20 millóns euros.

Do mesmo modo, non serán de aplicación as disposicións deste capítulo se as entidades de crédito non cumpren cos requisitos xerais para a aplicación do tratamento de carteira de negociación contidos no artigo 70 deste real decreto, e os requisitos relativos ao proceso de valoración das posicións e á inclusión das coberturas internas que estableza o Banco de España.

Por outro lado, o Banco de España poderá admitir a non-aplicación das disposicións contidas neste capítulo VI, por solicitude da entidade de crédito, cando, cumpríndose o disposto nas alíneas a) e b) anteriores, non se superen as cifras establecidas na alínea c), polo menos, durante o 75 por cento dos días observados para os efectos deste artigo.

O Banco de España determinará as regras aplicables para o cálculo das proporcións a que se refire o número 2.

Cando non sexan de aplicación as disposicións deste capítulo, o cálculo dos requirimentos de recursos propios realizarase de acordo coas normas contidas nos capítulos III, IV e V deste real decreto.

Artigo 53. *Composición da carteira de negociación.*

1. A carteira de negociación dunha entidade constará de todas as posicións en instrumentos financeiros e materias primas que posúa, xa sexa con fins de negociación ou para que lles sirvan de cobertura a outros elementos da carteira de negociación, que deben estar libres de restricións para a súa negociación ou para a súa cobertura.

2. As posicións mantidas con fins de negociación son as posuídas con intención de as revender a curto prazo ou coa intención de se beneficiar das diferenzas reais ou esperadas a curto prazo entre os prezos de compra e venda, ou outras variacións dos prezos ou dos tipos de xuro. O termo posicións inclúe as posicións propias, as procedentes da prestación de servizos aos clientes e as de creación de mercado.

3. A intención de negociación demostrárase polas estratexias, políticas e procedementos establecidos pola entidade para xestionar a posición ou a carteira de acordo co artigo 70.1.

4. As coberturas internas poderanse incluír na carteira de negociación cando cumpran os requisitos que para o efecto estableza o Banco de España. Por cobertura interna entenderase unha posición que compensa de maneira significativa ou completamente o compoñente de risco existente dunha posición non incluída na carteira de negociación ou dun conxunto de posicións.

Artigo 54. *Requirimentos de recursos propios por risco de carteira de negociación.*

1. Os requirimentos de recursos propios da carteira de negociación virán determinados pola suma dos seguintes elementos:

a) Requirimentos por risco de prezo das posicións en renda fixa, incluídos os instrumentos convertibles.

b) Requirimentos por risco de prezo das posicións en accións e participacións.

c) Requirimentos por risco de prezo das participacións en institucións de investimento colectivo.

d) Requirimentos por risco de prezo das posicións en materias primas.

e) Requirimentos por risco de liquidación e entrega, sen prexuízo da súa exixencia para a posición global do balance nos termos que o Banco de España, de ser o caso, determine.

f) Requirimentos por risco de crédito de contraparte ligados á carteira de negociación. O cálculo destes requirimentos realizarase conforme o disposto no capítulo IV deste título.

g) Requirimentos por risco de tipo de cambio e das posicións en ouro.

2. O Banco de España determinará os métodos de cálculo dos requirimentos de recursos propios listados no número anterior.

Artigo 55. *Especialidades para determinadas exposicións.*

1. Para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco específico das posicións en instrumentos de débeda negociable, asignarase unha ponderación do 0 por cento aos valores de débeda emitidos ou garantidos por administracións centrais, emitidos por bancos centrais, organizacións internacionais, bancos multilaterais de desenvolvemento ou autoridades públicas rexionais ou locais dos Estados membros cando tales valores estean denominados e financiados en moeda nacional.

2. Habilitase o Banco de España para que estableza un requisito de risco específico para exposicións en bonos garantidos.

Artigo 56. *Grandes riscos na carteira de negociación.*

Malia o disposto no capítulo VIII deste título, as entidades que calculen os requirimentos de recursos propios sobre a súa carteira de negociación conforme este capi-



tulo controlarán e supervisarán as súas grandes exposicións segundo o disposto no capítulo VIII.

**Artigo 57. Valoración das posicións para efectos de información.**

1. Todas as posicións da carteira de negociación estarán supeditadas ás normas de valoración prudente que especificará o Banco de España, conforme o establecido no artigo 69 deste real decreto. Estas normas exixiranlles ás entidades que garantan que o valor aplicado a cada unha das posicións da carteira de negociación reflicte o valor actual de mercado. Este valor conterà un grao adecuado de certeza considerando a natureza dinámica das posicións da carteira de negociación, as exixencias de solidez prudencial e a forma de operar e obxectivo das exixencias de capital con respecto ás posicións da carteira de negociación.

2. Se non for posible dispor, de maneira inmediata, dos prezos de mercado, o Banco de España poderá non aplicar o previsto no número 1 e exixirlles no seu lugar ás entidades a aplicación doutros métodos de valoración, tras aprobación previa pola súa parte.

## CAPÍTULO VII

### Requisitos de recursos propios por risco operacional

**Artigo 58. Risco operacional.**

1. As entidades de crédito calcularán os requisitos de recursos propios por risco operacional a que se refire o artigo sexto.1.d) da Lei 13/1985, por algún dos métodos considerados neste artigo.

2. Para estes efectos, entenderase por risco operacional o risco de perdas debido á inadecuación ou o fallo dos procedementos, o persoal e os sistemas internos, ou a acontecementos externos, incluído o risco xurídico.

3. Os métodos de cálculo de requisitos de recursos propios por risco operacional son o método do indicador básico, o método estándar e a súa variante o método estándar alternativo, e os métodos avanzados baseados nos sistemas de medición propios de cada entidade. As entidades de crédito deberán cumprir, en cada caso, os requisitos establecidos para cada un deles nos artigos 59 e seguintes.

4. A utilización do método estándar alternativo e a dos métodos avanzados requirirá autorización previa do Banco de España, que se outorgará cando as entidades de crédito cumpran os requisitos establecidos para cada un destes métodos nos artigos 61 e 62. O Banco de España poderá revogar a dita autorización no caso en que as entidades de crédito deixen de cumprir tales requisitos.

5. As entidades de crédito que apliquen o método estándar ou o método estándar alternativo non poderán volver aplicar o método do indicador básico, salvo por motivos xustificadas e coa autorización do Banco de España.

6. As entidades que apliquen métodos avanzados non poderán volver aplicar o método do indicador básico nin o método estándar ou o método estándar alternativo, salvo por motivos xustificadas e logo de autorización do Banco de España.

7. O Banco de España poderá autorizar as entidades de crédito a aplicar unha combinación de métodos nas condicións que determine.

**Artigo 59. Método do indicador básico.**

1. Os requisitos de recursos propios correspondentes ao risco operacional conforme o método do indicador básico serán o 15 por cento dun indicador baseado

nuns ingresos relevantes que veñen dados pola suma dos ingresos netos por xuros e os ingresos netos non correspondentes a xuros da entidade de crédito.

2. O Banco de España determinará a forma de cálculo do indicador mencionado e, en particular, as partidas contables de ingresos e gastos que o conforman, así como os axustes apropiados.

**Artigo 60. Método estándar.**

1. Para utilizaren o método estándar, as entidades de crédito dividirán as súas actividades nas liñas de negocio que especificará o Banco de España.

2. Os requirimentos de recursos propios correspondentes ao risco operacional conforme o método estándar calcularanse baseándose na agregación duns ingresos relevantes para cada liña de negocio, definidos de forma similar ao método do indicador básico, ponderados segundo uns coeficientes que oscilarán entre o 12 por cento e o 18 por cento, de acordo co nivel de risco operacional que se considere que corresponda a cada liña de negocio.

3. O Banco de España determinará a forma de cálculo dos requirimentos de recursos propios, as partidas de ingresos, gastos e axustes que conforman os ingresos relevantes de cada liña de negocio, incluídas as partidas internas entre liñas de negocio, así como os coeficientes de ponderación aplicables aos ingresos relevantes correspondentes a cada liña de negocio.

4. Para poder aplicar o método estándar, as entidades de crédito deberán cumprir unha serie de criterios específicos determinados polo Banco de España, ademais das exixencias de xestión de riscos contidas no artigo 67, alínea g), deste real decreto.

**Artigo 61. Método estándar alternativo.**

1. Malia o disposto no artigo anterior, o Banco de España poderá autorizar unha entidade de crédito a substituír, no cálculo a que se refire o número 2 do citado artigo, os ingresos relevantes correspondentes ás liñas de negocio de banca retallista e banca comercial por uns ingresos relevantes normalizados.

2. Para estas liñas de negocio, os ingresos relevantes normalizados virán determinados polos saldos contables dos activos financeiros asignados á correspondente liña de negocio multiplicados por 0,035. Estes activos financeiros tomaranse sen axustes de valoración.

3. En calquera caso, a autorización para o uso dos ingresos relevantes normalizados estará suxeita ao cumprimento das condicións xerais para a aceptación do uso do método estándar e aos seguintes requisitos:

a) A entidade de crédito será moi activa na banca retallista ou comercial, supondo esta, polo menos, o 90 por cento dos seus ingresos.

b) A entidade de crédito deberalles demostrar ás autoridades competentes que unha porcentaxe significativa das súas actividades bancarias retallistas ou comerciais inclúen préstamos asociados cunha alta probabilidade de falta de pagamento e que o método estándar alternativo proporciona unha base mellor para avaliar o risco operacional.

**Artigo 62. Métodos de medición avanzados.**

1. As entidades de crédito poderán empregar métodos de medición avanzada baseados nos seus propios sistemas de medición do risco operacional, sempre e cando o Banco de España autorice expresamente o uso dos correspondentes modelos co fin de calcular os requi-

rimentos de recursos propios correspondentes ao risco operacional.

2. A utilización de métodos de medición avanzados estará supeditada ao cumprimento das exixencias xerais de xestión de riscos contidas no artigo 69 deste real decreto, e aos criterios cualitativos e cuantitativos adicionais que establecerá o Banco de España.

3. As entidades de crédito poderán recoñecer o efecto dos seguros e doutros mecanismos de transferencia do risco operacional cando se axusten ás condicións que establecerá o Banco de España sempre que lle poidan demostrar ao Banco de España que se logra reducir as repercusións dos citados riscos de forma evidente.

4. Cando un método de medición avanzado se destine en principio a ser utilizado por unha entidade de crédito matriz da Unión Europea e as súas filiais ou polas filiais dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea, o Banco de España e as restantes autoridades competentes das distintas persoas xurídicas cooperarán estreitamente conforme o disposto no artigo décimo bis.2.c) da Lei 13/1985.

5. Cando unha entidade de crédito matriz da Unión Europea e as súas filiais ou as filiais dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea empreguen un método de medición avanzado de maneira unificada, o Banco de España poderá permitir que a entidade matriz e as súas filiais, consideradas conxuntamente, cumpran os requisitos contidos no número 2 deste artigo. En tal caso, a petición de utilización dun método de medición avanzado para todo o grupo incluírá unha descrición da metodoloxía utilizada para calcular os requirimentos de recursos propios por risco operacional das diversas entidades do grupo e de como considerasen os efectos da diversificación, sendo admisible para estes efectos un sistema de repartición dos requirimentos de recursos propios do grupo.

## CAPÍTULO VIII

### Límites aos grandes riscos

#### Artigo 63. *Límites aos grandes riscos.*

1. Considerarase un gran risco o contraído fronte a unha mesma persoa, entidade ou grupo económico, incluso o propio na parte non consolidable, cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos propios da entidade de crédito que conceda o financiamento ou asuma o risco.

2. O valor de todos os riscos que unha entidade de crédito contraia cunha soa persoa, entidade ou grupo económico alleo non poderá exceder o 25 por cento dos seus recursos propios.

Se os riscos se manteñen fronte a persoas ou entidades non consolidables pero coas cales exista unha relación de control no sentido do artigo 42 do Código de comercio, o límite citado será do 20 por cento.

3. O conxunto dos grandes riscos definidos no número 1 non poderá superar o 800 por cento dos recursos propios da entidade de crédito.

4. Para os efectos de cumprir o previsto neste capítulo, as entidades de crédito:

a) Levarán a cabo un seguimento adecuado da concentración dos seus riscos mediante procedementos administrativos e contables seguros e mecanismos internos de control axeitados. Estes medios deberanlles permitir ás entidades mencionadas identificar e rexistrar todas as operacións de gran risco e as modificacións destas, así como supervisar as súas exposicións, tendo en conta a política da entidade de crédito en materia de riscos e pondo especial atención en coñecer as relacións de participación, garantías cruzadas e relacións de dependencia comercial existentes entre os seus clientes.

b) Para efectos dos límites establecidos nos números 2 e 3 deste artigo, acumularán aos riscos mantidos fronte a unha mesma persoa ou grupo económico os mantidos fronte a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, por estaren interrelacionadas economicamente coas anteriores, se puideren encontrar en graves dificultades para atender os seus compromisos se a persoa ou grupo económico con que se encontren interrelacionados atravesaren unha situación de insolvencia ou falta de liquidez. O Banco de España encargárase da supervisión do cumprimento desta alínea e poderá establecer que determinados conxuntos de clientes sexan considerados como unha unidade para os efectos da aplicación daqueles límites, aínda que non pertencen ao mesmo grupo económico.

5. O Banco de España poderá permitir a aplicación dos límites de referencia de forma individual ou agregada a só algúns compoñentes dun grupo económico cando a súa autonomía de xestión, limitación de responsabilidade ou actividade específica o aconsellen.

6. O Banco de España regulará o réxime de notificación dos grandes riscos, tal como estes se definen no número 1.

7. O Banco de España determinará a forma en que deben agregarse os riscos para o cómputo dos límites establecidos neste artigo, incluíndo regras relativas ás exposicións con risco de crédito, os riscos derivados da carteira de negociación, as posicións en fondos de titulación, sociedades ou fondos de investimento ou vehículos similares, e aos riscos con sociedades multigrupo.

#### Artigo 64. *Excepcións aos límites aos grandes riscos.*

1. Non quedarán suxeitos ás limitacións establecidas nos números 2 e 3 do artigo anterior:

a) Os riscos contraídos fronte á Administración xeral do Estado e o Banco de España; fronte ás comunidades autónomas e as entidades locais pola adquisición de débeda pública emitida por estas; fronte ás comunidades Europeas, e fronte ás administracións centrais e bancos centrais doutros países ou fronte aos bancos multilaterais de desenvolvemento, sempre que todos eles reciban, sen garantía, unha ponderación do 0 por cento de acordo co método estándar considerado no capítulo III.

b) Os riscos asegurados suficientemente con peñor de valores de renda fixa e polos suxeitos mencionados no punto anterior, e aqueles que contén con garantía directa e incondicional dos suxeitos mencionados nese mesmo punto, salvo as comunidades autónomas e as entidades locais.

c) O 50 por cento dos riscos fronte a entidades locais españolas e fronte ás comunidades autónomas, en canto non fosen xa excluídos conforme o establecido na alínea a) precedente, así como o 50 por cento dos riscos garantidos polas devanditas administracións directa e incondicionalmente.

d) Os riscos garantidos con depósito en efectivo, ou certificados de depósito, na propia entidade acreedora ou noutras do seu grupo consolidable.

e) Todos os activos e demais elementos deducidos dos recursos propios.

f) As participacións en entidades aseguradoras distintas das mencionadas no artigo 13.1.f), ata un máximo do 40 por cento dos recursos propios.

g) Os préstamos con garantía hipotecaria sobre vivendas, sempre que reúnan os requisitos exixibles pola lexislación reguladora do mercado hipotecario, e os riscos derivados de operacións de arrendamento financeiro en virtude das cales a entidade manteña a plena propiedade da vivenda alugada mentres o arrendatario non exerce a súa opción de compra, en ambos os casos, ata o 50 por cento do valor do correspondente inmovible.

h) Os activos fronte ás administracións centrais e bancos centrais dos países non considerados na alínea a)

que estean denominados e financiados na moeda nacional do prestameiro, e activos que representen créditos expresamente garantidos polas devanditas administracións centrais e bancos centrais, sempre que estean denominados, financiados e garantidos na moeda nacional común do garante e do prestameiro.

i) Total ou parcialmente, aqueloutros activos, compromisos e contas de orde con risco de crédito que, en atención ás súas garantías persoais ou reais e demais circunstancias eximentes ou atenuantes que concorran, en especial a súa ponderación por debaixo do 100 por cento para efectos de risco de crédito, estableza o Banco de España.

2. O Banco de España poderá regular as condicións en que o risco fronte a un cliente se atribuirá, ou poderá ser atribuído pola entidade, aos terceiros que o garantan directa e incondicionalmente ou aos emisores dos valores peñorados na súa garantía.

3. O Banco de España poderá, así mesmo, exceptuar dos límites á concentración de riscos establecidos no artigo 63 as cesións de fondos que realicen entidades de crédito para canalizar de modo sistemático recursos ao mercado interbancario a través doutra entidade de crédito intermediaria, no marco dun acordo aprobado polo propio Banco de España.

#### Artigo 65. *Cálculo dos límites aos grandes riscos.*

1. As entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito que non veñan obrigados a aplicar as normas do artigo 52 sobre requirimentos de recursos propios correspondentes aos riscos derivados da carteira de negociación calcularán os seus riscos fronte a unha mesma persoa ou grupo económico ou fronte a un grupo de clientes interrelacionados economicamente entre si, ou fronte ao propio grupo económico na parte non consolidable, mediante a agregación dos activos patrimoniais e os compromisos e demais contas de orde a que se refire o artigo 20, mantidos fronte aos suxeitos citados no artigo 21, sen aplicar as ponderacións do artigo 26 nin os coeficientes redutores previstos no artigo 20, salvo no caso de contas de orde relacionadas con tipos de interese e de cambio, ás cales si se lles aplicarán os citados coeficientes redutores.

2. As obrigas contidas nos números 2, 3 e 4 do artigo 63 precedentes afectarán igualmente as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras que non resulten exentas da súa aplicación de conformidade co disposto no artigo décimo terceiro da Lei 13/1985.

Para calcular eses límites tomaranse como base os recursos propios da entidade estranxeira no seu conxunto. O Banco de España apreciará, de acordo cos criterios establecidos neste real decreto, qué elementos destes poderán ser incluídos no cálculo.

### CAPÍTULO IX

#### **Procedementos de goberno, estrutura organizativa e autoavaliación do capital interno**

#### Artigo 66. *Requisitos de organización, xestión de riscos e control interno.*

1. As entidades de crédito deberán definir e aplicar políticas e procedementos adecuados para asegurar o cumprimento das normas contidas neste real decreto. Para tal efecto, deberán:

a) Contar cunha estrutura organizativa adecuada á natureza das súas actividades, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes.

b) Dispor dunha función de auditoría interna que vele polo bo funcionamento dos sistemas de información e control interno.

c) Contar cunha unidade que desempeñe a función de cumprimento normativo. Esta función deberá ter carácter integral, comprendendo, entre outras, as obrigas que ao respecto resulten da prestación de servizos de investimento, así como as establecidas pola normativa de prevención do branqueo de capitais.

As funcións mencionadas nas alíneas b) e c) anteriores deberán ser desempeñadas baixo o principio de independencia con respecto das áreas, unidades ou funcións sobre as que xire a súa verificación.

2. O consello de administración ou órgano equivalente da entidade aprobará e revisará periodicamente as estratexias e políticas de asunción, xestión, control e redución dos riscos a que a entidade de crédito estea ou poida estar exposta, incluídos os que presente a conxuntura macroeconómica en que opera.

3. As entidades de crédito deben contar con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables igualmente adecuados. É responsabilidade do consello de administración ou órgano equivalente da entidade de crédito a aprobación das estratexias e procedementos xerais de control interno, a determinación dos criterios necesarios para a prevención de conflitos de intereses e a distribución de funcións no seo da entidade de crédito.

O consello de administración ou órgano equivalente da entidade de crédito deberá ser, así mesmo, informado periodicamente dos resultados dos labores de verificación levados a cabo polas funcións de auditoría interna e de cumprimento normativo.

4. Os sistemas, procedementos e mecanismos considerados neste capítulo serán completos e proporcionais ao carácter, escala e complexidade das actividades da entidade de crédito. O Banco de España supervisará os devanditos sistemas, procedementos e mecanismos.

5. As entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán respectar os requisitos de organización interna recollidos no número 2 do artigo 70 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas seguintes especificacións:

a) Entenderanse cumpridos os requisitos da alínea a) do artigo 70 ter.2 da Lei 26/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, referidos aos procedementos administrativos e contables, aos mecanismos de control interno, á auditoría interna e ás técnicas eficaces de valoración dos riscos, así como a obriga de contar con medidas que aseguren a continuidade e regularidade na prestación dos servizos, incluídas na alínea b) do mesmo punto, cando os establecidos pola entidade cumpran co establecido neste capítulo.

b) As obrigas referidas á delegación de funcións cando a entidade de crédito presta servizos de investimento, incluídas entre os requisitos da alínea d) do artigo 70 ter.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberán ser cumpridas polas entidades de crédito nos termos previstos no artigo 72.

#### Artigo 67. *Política de xestión de riscos.*

As estratexias e políticas a que se refire o número 2 do artigo anterior atenderanse, para os diferentes tipos de risco e para os grandes riscos enfrontados pola entidade, ás regras seguintes:

a) Risco de crédito e de contraparte:

i) A concesión de créditos deberase basear en criterios sólidos e ben definidos. O procedemento de aproba-



ción, modificación, renovación e refinanciamento de créditos deberá estar claramente establecido.

ii) Deberanse utilizar métodos eficaces para administrar e controlar de forma continuada as diversas carteiras e exposicións que comportan risco de crédito, incluída a identificación e xestión dos créditos dúbidosos e a realización das correccións de valor e dotación de provisións axeitadas.

iii) A diversificación das carteiras de créditos será a adecuada en función dos mercados en que se actúe e da estratexia crediticia xeral da entidade de crédito.

b) Risco residual: a posibilidade de que as técnicas recoñecidas de redución do risco de crédito aplicadas pola entidade de crédito resulten menos eficaces do esperado valorarase e controlarase mediante políticas e procedementos escritos.

c) Risco de concentración: o risco de concentración derivado das exposicións a contrapartes, grupos de contrapartes vinculadas e contrapartes do mesmo sector económico, rexión xeográfica ou da mesma actividade ou materia prima e a aplicación de técnicas de redución do risco de crédito, incluídos os riscos vinculados a grandes riscos crediticios indirectos como os mantidos fronte a un mesmo provedor de garantías, valorarase e controlaranse mediante políticas e procedementos escritos, de acordo cos criterios que estableza para iso o Banco de España.

d) Riscos de titulización:

i) Os riscos derivados de operacións de titulización en que a entidade de crédito actúa como orixinador ou patrocinador valorarase e controlaranse mediante as políticas e procedementos adecuados para asegurarse, en particular, de que o contido económico da operación quede plenamente reflectido nas decisións de avaliación e xestión do risco.

ii) As entidades de crédito orixinadoras de operacións de titulización renovables que inclúan cláusulas de amortización anticipada contarán con plans de liquidez para facer fronte ás implicacións derivadas tanto da amortización a vencemento como da anticipada.

e) Riscos de mercado: aplicarase políticas e procedementos para a medición e xestión de todas as fontes e efectos significativos de risco de mercado.

f) Risco de tipos de xuro derivado de actividades non de negociación: aplicarase sistemas para avaliar e xestionar o risco derivado de posibles variacións dos tipos de xuro na medida en que incidan nas actividades non de negociación dunha entidade de crédito, de acordo cos criterios que estableza para iso o Banco de España.

g) Risco operacional:

i) Aplicarase políticas e procedementos para avaliar e xestionar a exposición ao risco operacional, incluída a exposición a eventos pouco frecuentes pero de gran severidade. Sen prexuízo da definición recollida no artigo 58.2, as entidades de crédito definirán o que constitúe risco operacional para efectos das devanditas políticas e procedementos.

ii) Deberanse establecer plans de emerxencia e de continuidade da actividade que lles permitan ás entidades de crédito manter a súa actividade e limitar as perdas en caso de incidencias graves no negocio.

h) Risco de liquidez:

i) Deberanse establecer políticas e procedementos para medir e xestionar a posición neta de financiamento, así como as posibles necesidades de liquidez en termos actuais ou futuros. Estudaranse escenarios alternativos e

revisaranse periodicamente os supostos en que se baseen as decisións relativas á posición neta de financiamento.

ii) Estableceranse plans de emerxencia para afrontar as crises de liquidez.

i) Risco de tipo de cambio:

i) Deberán dispor de políticas de asunción de riscos de tipo de cambio claramente establecidas e aprobadas polos órganos de administración da entidade, que incluírán procedementos de medición interna, límites operativos, frecuencia de revisión, órgano ou persoa responsable e demais aspectos relevantes. En particular, deberán contar, de acordo co seu nivel de actividade, con sistemas de medición e información de riscos adecuados para a súa xestión, seguimento e control.

ii) Deberán manter en todo momento á disposición do Banco de España a documentación relativa aos sistemas de control interno establecidos con relación ao risco de tipo de cambio, ao seu cumprimento e funcionamento, aos límites internos existentes e, se é o caso, á utilización de modelos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por ese risco, os seus parámetros cuantitativos e as avaliacións efectuadas sobre o seu grao de certeza.

j) Grandes riscos:

i) Vixiarán as súas concentracións de risco con respecto a emisores de garantías reais e persoais e, se for do o caso, adoptarán as medidas oportunas para corrixir eventuais excesos.

ii) Vixiarán as súas concentracións de risco nas diferentes ramas de actividade económica e procurarán unha adecuada diversificación deste sempre que o seu obxecto social e as condicións dos mercados o permitan.

#### Artigo 68. *Proceso de autoavaliación do capital interno.*

1. De acordo co artigo sexto.4 da Lei 13/1985, as entidades de crédito disporán especificamente de estratexias e procedementos sólidos, eficaces e exhaustivos co fin de avaliar e manter de forma permanente os importes, os tipos e a distribución do capital interno e dos recursos propios que consideren adecuados para cubrir a natureza e o nivel dos riscos a que estean ou poidan estar expostos. Esas estratexias e procedementos serán periodicamente obxecto de exame interno co fin de garantir que sigan sendo exhaustivos e proporcionais á índole, escala e complexidade das actividades da entidade de crédito interesada.

2. As entidades deberán considerar todos os riscos relevantes no seu proceso de autoavaliación do capital interno e elaborarán metodoloxías propias para a súa medición, no marco dos criterios establecidos polo Banco de España.

3. As estratexias e procedementos a que se refire o número 1 deste artigo resumiranse, xunto ás políticas e procedementos previstos no artigo 66, nun informe anual de autoavaliación do capital interno, que se remitirá ao Banco de España xunto coa declaración de recursos propios correspondente ao cerramento do exercicio. Para elaborar este informe as entidades deberán ter en conta os criterios que para estes efectos proporcione o Banco de España.

#### Artigo 69. *Requisitos e condicións para o uso de modelos internos para calcular os requirimentos de recursos propios por risco de posición ou de tipo de cambio.*

1. O Banco de España poderá permitir que as entidades, á hora de calcularen os seus requisitos de capital fronte aos riscos de posición ou de tipo de cambio, utili-

cen os seus propios modelos internos de xestión de riscos en lugar dos descritos nos artigos 54 e 49, ou en combinación con estes, sempre que se cumpran as condicións e requisitos necesarios para a súa correcta aplicación.

2. O Banco de España só autorizará o uso de modelos internos para calcular os requirimentos de recursos propios se ten o convencemento de que estes son conceptualmente sólidos e se aplican con rigor e, en particular, de que se cumpren as seguintes condicións cualitativas:

a) Que o modelo do cálculo de riscos estea solidamente integrado no proceso cotián de xestión de riscos da entidade e sirva de base para a notificación da exposición ao risco á alta dirección da entidade.

b) Que a entidade conte cunha unidade de control de riscos independente das unidades de negocio e que lle renda contas directamente á alta dirección. A unidade será responsable da definición e aplicación do sistema de xestión de riscos da entidade. Deberá elaborar e analizar informes diarios sobre os resultados do modelo de xestión de riscos, así como sobre as medidas que deban adoptarse no que respecta aos límites de negociación.

c) Que o consello de administración e a alta dirección da entidade participen activamente no proceso de control de riscos e os informes diarios presentados pola unidade de control de riscos sexan revisados por directivos coa suficiente autoridade para impor unha redución tanto das posicións asumidas por operadores individuais como dos riscos globais asumidos pola entidade.

d) Que a entidade conte con persoal suficiente o bastante preparado para utilizar modelos complexos nos ámbitos da negociación, o control de riscos, a auditoría e a administración.

e) Que a entidade establecese procedementos para supervisar e garantir o cumprimento dunha serie de normas e controis internos relativos ao funcionamento global do sistema de cálculo de riscos.

f) Que o modelo da entidade demostrase ser o bastante exacto á hora de calcular o risco.

g) Que a entidade leve a cabo un programa de simulacións de casos extremos e os resultados destas probas sexan revisados pola alta dirección e queden reflectidos nas políticas que se establezan e os límites que se fixen.

h) Que, dentro do seu procedemento periódico de auditoría interna, a entidade leve a cabo unha revisión independente do sistema de cálculo de riscos.

3. En cada caso, a utilización dos modelos estará supeditada ao recoñecemento expreso polo Banco de España, que determinará o resto de requisitos e condicións en que se permitirá o uso de modelos internos de xestión de riscos.

#### Artigo 70. *Requisitos xerais para a aplicación do tratamento de carteira de negociación.*

1. As posicións ou carteiras que se manteñan con fins de negociación cumpriran os seguintes requisitos:

a) deberá existir unha estratexia de negociación claramente documentada para a posición, o instrumento ou as carteiras, aprobados pola alta dirección, que incluíra o horizonte de tenza previsto;

b) deberá haber políticas e procedementos claramente definidos para a xestión activa da posición, cuxo contido mínimo determinará o Banco de España e que incluírán, polo menos, o seguinte:

1.º posicións incluídas na mesa de negociación;

2.º fixaranse límites ás posicións e supervisaranse para comprobar a súa adecuación;

3.º o persoal encargado da negociación contará con autonomía para tomar/xestionar posicións dentro dos límites acordados e respectando a estratexia convida;

4.º informarse a alta dirección das posicións mantidas como parte integral do proceso de xestión de riscos da entidade, e

5.º levarase a cabo un seguimento activo das posicións con referencia ás fontes de información do mercado e a unha avaliación realizada da negociabilidade ou capacidade de cobertura da posición ou dos seus compoñentes de risco, incluída a avaliación, en especial, da calidade e dispoñibilidade de datos de mercado para o proceso de valoración, do volume de negocio do mercado, do importe das posicións negociadas no mercado, e

c) deberá haber unha política e uns procedementos claramente definidos para controlar a posición con respecto á estratexia de negociación da entidade, incluído o control tanto da rotación de posicións como das posicións máis permanentes na carteira de negociación da entidade.

2. As entidades deberán ter políticas e procedementos claramente definidos para determinar as posicións que se incluírán na carteira de negociación para fins de cálculo dos requisitos de capital, de maneira coherente cos criterios establecidos no artigo 53 e tendo en conta as capacidades e prácticas de xestión de risco da entidade. Documentarase plenamente o cumprimento destas políticas e procedementos, que estará suxeito a auditorías internas periódicas.

3. As entidades deberán ter políticas e procedementos claramente definidos para a xestión global da carteira de negociación. O Banco de España determinará o contido mínimo de tales políticas e procedementos, que afectarán, polo menos:

a) As actividades que a entidade considere de negociación e como integrantes da carteira de negociación para fins relacionados cos requirimentos de recursos propios;

b) A medida en que unha posición pode valorarse diariamente a prezos de mercado con referencia a un mercado líquido activo tanto para a oferta como para a demanda;

c) Respecto das posicións valoradas conforme un modelo, a medida en que a entidade pode:

1.º identificar todos os riscos importantes da posición;

2.º cubrir todos os riscos importantes da posición con instrumentos para os que existe un mercado líquido activo tanto para a oferta como para a demanda, e

3.º calcular estimacións fiables relativas ás hipóteses e parámetros clave utilizados no modelo;

d) A medida en que a entidade pode xerar valoracións do risco que poidan validarse externamente de maneira consecutiva;

e) A medida en que limitacións legais ou outros requisitos operacionais poderían menoscabar a capacidade da entidade para efectuar unha liquidación ou cubrir a posición a curto prazo;

f) A medida en que a entidade pode e está obrigada a xestionar activamente a posición dentro da súa actividade de negociación, e

g) A medida en que a entidade pode transferir riscos ou posicións entre a carteira de negociación e fóra da carteira de negociación e os criterios para estas transferencias.

4. Unha entidade poderá tratar as súas posicións mantidas en carteira de negociación de conformidade coas alíneas e), f) e g) do artigo 13 como accións ou instrumentos de débeda se a entidade demostra, á satisfac-

ción do Banco de España, que é un creador activo de mercado nestas posicións.

Neste caso, a entidade contará con sistemas e controis adecuados en torno á negociación de instrumentos elixibles como fondos propios.

5. As operacións a prazo con pacto de recompra, relacionadas con negociación, pero que unha entidade contabilice fóra da súa carteira de negociación, poderanse incluír na carteira de negociación para efectos de requirimentos de recursos propios sempre que se inclúan a totalidade destas. Para tal fin, defínense as devanditas operacións como aquelas que cumpren os requisitos do número 2 do artigo 53 e do número 1 deste artigo e os seus dous compoñentes son ben de efectivo ou ben de valores que poidan incluírse na carteira de negociación. Independentemente da carteira en que se inclúan, todas estas operacións estarán suxeitas a un requirimento de recursos propios por risco de contraparte aplicable ás exposicións non de negociación.

**Artigo 71. Delegación da prestación de servizos ou o exercicio de funcións das entidades de crédito.**

1. As entidades de crédito poderán delegar nun terceiro a prestación de servizos ou o exercicio de funcións que corresponden á súa actividade típica e habitual, sempre que non se baleire esta de contido e a delegación non diminúa as capacidades de control interno da propia entidade e de supervisión do Banco de España.

En todo caso, as actividades reservadas ás entidades de crédito non poderán ser obxecto de delegación, sen prexuízo do disposto en relación cos axentes das entidades de crédito no artigo 22 do Real decreto 1245/1995, de creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

2. A delegación de servizos ou de funcións por parte das entidades de crédito en terceiros non diminuírá a súa responsabilidade respecto ao cumprimento íntegro das obrigas que establece o ordenamento xurídico para a súa autorización e funcionamento.

3. A delegación de servizos ou de funcións esenciais por parte das entidades de crédito deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) A delegación non suporá, en ningún caso, o traslado de responsabilidade por parte da alta dirección. Concretamente, a delegación non poderá reducir as exixencias sobre mecanismos de control interno previstas no artigo 66.

b) A delegación non poderá alterar as relacións e obrigas da entidade de crédito coa súa clientela nin coa autoridade competente para a súa supervisión.

c) As condicións que debe cumprir a entidade de crédito para recibir e conservar a autorización non se poderán eliminar ou modificar pola existencia dun acordo de delegación.

d) O acordo de delegación entre a entidade de crédito e o terceiro deberase plasmar nun contrato escrito en que se concretarán os dereitos e obrigas das partes.

4. As entidades de crédito deberán elaborar e executar unha política obxectiva e integral para a xestión adecuada das súas delegacións de servizos ou funcións esenciais.

5. Entenderase que unha función ou servizo é esencial para o exercicio da actividade dunha entidade de crédito se unha deficiencia ou anomalía na súa execución pode, ben afectar, de modo considerable, a capacidade da entidade de crédito para cumprir permanentemente as condicións e obrigas derivadas da súa autorización e do réxime establecido na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, ben

afectar os seus resultados financeiros, a súa solvencia ou a continuidade da súa actividade.

6. O Banco de España concretará os requisitos anteriores e as condicións en que as entidades de crédito poderán delegar a prestación de servizos ou o exercicio de funcións. Así mesmo, en función da natureza ou criticidade dalgunhas funcións ou actividades, poderá establecer limitacións á delegación distintas das mencionadas neste artigo.

O Banco de España encargárase da supervisión do previsto neste artigo e no seguinte e, para estes efectos, as entidades de crédito deberán ter dispoñible, cando aquel o solicite, toda a información oportuna.

**Artigo 72. Delegación da prestación de servizos de investimento polas entidades de crédito.**

As entidades de crédito que presten servizos de investimento cumpriran co previsto no artigo 70 ter.2.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, de acordo coas especificacións establecidas nos artigos anteriores desta sección.

Así mesmo, cando a entidade de crédito delegue en terceiros situados nun país terceiro o servizo de xestión de carteira que se lles preste a clientes retallistas, a entidade de crédito quedará suxeita ao previsto na normativa reguladora do réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento.

## CAPÍTULO X

### Divulgación de información

**Artigo 73. Información con relevancia prudencial.**

1. As entidades de crédito que, de conformidade co artigo décimo ter da Lei 13/1985, estean obrigadas a publicar o documento «Información con relevancia prudencial» deberán realizar esa publicación con frecuencia, polo menos, anual e tan pronto como sexa viable.

Adicionalmente, as entidades de crédito avaliarán a necesidade de publicar algunha ou todas as informacións cunha maior frecuencia tendo en conta a natureza e as características das súas actividades.

O Banco de España poderá determinar as informacións a que as entidades de crédito deberán prestar unha atención particular cando avalíen se resulta necesaria unha frecuencia de publicación maior á anual para os citados datos.

2. As entidades de crédito poderán determinar o medio, lugar e modo de verificación máis adecuados co fin de cumprir efectivamente os requisitos de divulgación establecidos no artigo décimo ter da Lei 13/1985 e neste capítulo. Na medida do posible, todas as divulgacións se efectuarán nun único medio ou lugar.

3. As entidades de crédito deberán explicar, se se lles solicita, as súas decisións de cualificación crediticia ás pequenas e medianas empresas e outras empresas solicitantes de crédito, proporcionando unha explicación por escrito cando se lles requira. Os custos administrativos da explicación deberán ser proporcionais á contía do crédito.

**Artigo 74. Omisión de determinadas informacións.**

1. De conformidade co establecido no artigo décimo ter.1, parágrafo segundo da Lei 13/1985, as entidades obrigadas a facer público o documento denominado «Información con relevancia prudencial» poderán omitir:

a) a información que non teña importancia relativa, entendendo para estes efectos que ten importancia rela-



tiva aquela información cuxa omisión ou inexactitude pode modificar ou influír na avaliación ou decisión dun usuario que dependa da citada información para tomar as súas decisións económicas;

b) a información reservada á entidade, entendida como aquela información que, de ser compartida co público ou os seus competidores, socavaría a competitividade da entidade ou reduciría o valor dos seus investimentos, e

c) a información confidencial, cando existan obrigas con respecto a terceiros que supoñan para a entidade de crédito o deber de confidencialidade.

Cando se omita información por ser esta de carácter reservado ou confidencial deberase facer constar tal omisión no documento «Información con relevancia prudencial», así como os motivos que a xustifican, e publicarse no citado documento información máis xeral sobre o aspecto a que se refira a información omitida, salvo que esta información máis xeral sexa considerada, pola súa vez, como reservada ou confidencial de acordo coas alíneas b) e c) do parágrafo anterior.

## CAPÍTULO XI

### Medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia

*Artigo 75. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo, ou subgrupo, consolidable de entidades de crédito presente un déficit de recursos propios computables respecto dos exixidos conforme o artigo sexto da Lei 13/1985, a entidade ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo consolidable, segundo sexa o caso, informará disto, con carácter inmediato, o Banco de España e presentará no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para retornar ao cumprimento, a non ser que a situación se corrixe nese período. O programa deberá conter, polo menos, os aspectos referidos á identificación das causas determinantes do incumprimento ou do exceso, ao plan para retornar ao cumprimento, que poderá incluír a limitación ao desenvolvemento de actividades que supoñan riscos elevados, o desinvestimento en activos concretos, ou medidas para o aumento do nivel de recursos propios e os prazos previsibles para retornar ao cumprimento.

No caso de que a entidade incumpridora pertenza a un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, o programa deberá estar referendado pola entidade obrigada deste.

O devandito programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir o retorno aos niveis mínimos de recursos propios exixibles. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se producise resolución expresa.

2. Idéntica actuación á prevista no número anterior se seguirá cando se superen os límites aos grandes riscos, mesmo cando sexa por causa dunha redución sobrevida dos recursos propios computables.

3. Cando o Banco de España, de conformidade co previsto no número 3 do artigo décimo primeiro da Lei 13/1985, obrigue unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter de mínimo segundo o seu artigo sexto, e da citada exixencia resulte que os recursos propios da entidade son insuficientes, a entidade ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo, segundo o caso, presentará

no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para cumprir co requirimento adicional, a non ser que a situación se corrixe nese período. No caso de que a entidade incumpridora pertenza a un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, o programa deberá estar referendado pola entidade obrigada deste.

Ese programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias. O programa incluír a data prevista de cumprimento da exixencia adicional, que será a referencia para o inicio do cómputo do prazo establecido na alínea c) do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se producise resolución expresa.

4. Cando o Banco de España, de conformidade co previsto no número 3 do artigo décimo primeiro da Lei 13/1985, requira unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo para que reforce os procedementos, mecanismos e estratexias adoptados para cumprir o disposto neste real decreto ou noutras normas de ordenación e disciplina, poderá exixir a presentación dun programa en que se concreten as medidas necesarias para emendar as deficiencias advertidas e os prazos previsibles para a súa implantación. Ese programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias.

5. Cando se dean simultaneamente varios dos supostos de feito dos números anteriores, o programa presentado poderá ter carácter conxunto.

*Artigo 76. Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo, ou subgrupo, consolidable de entidades de crédito presente un déficit de recursos propios computables superior ao 20 por cento dos mínimos requiridos en virtude do disposto neste real decreto, ou os seus recursos propios básicos caian por debaixo do 50 por cento dos citados mínimos, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo ou subgrupo consolidable deberán destinar a reservas a totalidade dos beneficios ou excedentes netos, salvo que o Banco de España autorice outra cousa, ao aprobar o programa de retorno ao cumprimento a que se refire o artigo anterior.

2. Cando o déficit de recursos propios computables sexa igual ou inferior ao 20 por cento, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo ou subgrupo consolidable someterán a súa distribución de resultados á autorización previa do Banco de España, que establecerá a porcentaxe mínima a destinar a reservas atendendo ao programa presentado para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.

A autorización do Banco de España entenderase outorgada se, transcorrido un mes desde a solicitude, non recaese resolución expresa.

3. O Banco de España poderá acordar que as limitacións á repartición de dividendos a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo non alcancen as filiais en que as entidades incluídas no grupo consolidable posúan, polo menos, o 50 por cento dos dereitos de voto e do capital, sempre que de forma individual satisfagan o nivel mínimo exixible de recursos propios.

4. O destino a reservas da totalidade ou parte dos beneficios obtidos, a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo, enténdese sen prexuízo do establecido no artigo décimo primeiro, número 5, da Lei 13/1985.

5. O disposto neste artigo e no precedente enténdese sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das san-

cións previstas na Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

## TÍTULO II

### Disposicións relativas a empresas de servizos de investimento

#### CAPÍTULO I

##### Ámbito de aplicación

Artigo 77. *Empresas de servizos de investimento suxeitas.*

Para efectos da aplicación deste título, entenderase por empresas de servizos de investimento as sociedades de valores, as axencias de valores e as sociedades xestoras de carteiras. As disposicións contidas neste real decreto non serán de aplicación ás empresas de asesoramento financeiro.

Artigo 78. *Nivel de cumprimento de requirimentos de recursos propios.*

1. Todas as empresas de servizos de investimento deberán cumprir, en base individual, en todo momento cos requirimentos de recursos propios contidos no artigo 94 deste título.

2. As filiais das empresas de servizos de investimento poderán optar por non aplicar o número 1, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que tanto a filial como a empresa de servizos de investimento matriz estean suxeitas a autorización e supervisión pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, a filial estea incluída na supervisión en base consolidada da empresa de servizos de investimento que sexa a empresa matriz e se cumpran todas as condicións seguintes co fin de garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

a) que non exista nin sexa previsible que exista ningún impedimento práctico ou xurídico relevante á inmediata transferencia de fondos propios ou ao reembolso de pasivos pola empresa matriz;

b) que a empresa matriz lle demostre á Comisión Nacional do Mercado de Valores que efectúa unha xestión prudente da filial e se declarase garante dos compromisos subscritos pola filial, ou ben que os riscos na filial sexan pouco significativos;

c) que os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial, e

d) que a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou destituír a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial.

3. As empresas de servizos de investimento filiais de sociedades financeiras de carteira poderán optar por non aplicar o número 1, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que a matriz e a filial estean constituídas en España e que a matriz estea suxeita a supervisión en base consolidada por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. As empresas de servizos de investimento matrices suxeitas a autorización e supervisión en base consolidada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán optar por non aplicar o número 1, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que se cumpran as condicións seguintes para garantir que os

fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

a) que, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, non existan actualmente nin sexa previsible que existan impedimentos materiais, prácticos nin xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso do pasivo á empresa matriz, e

b) que os procedementos de avaliación, medición e control do risco pertinentes para a supervisión en base consolidada abarquen a empresa de servizos de investimento matriz.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar as empresas de servizos de investimento matrices a incorporar no seu cálculo da exigencia considerada no número 1 as súas filiais, sempre que:

a) os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial;

b) a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou destituír a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial;

c) as exposicións ou pasivos relevantes das filiais o sexan con respecto a esas matrices, e,

d) a empresa de servizos de investimento matriz demostre plenamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores as circunstancias e as disposicións, incluídas as de tipo xurídico, polas cales non exista nin se prevexa ningún impedimento práctico nin xurídico relevante para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivos cando llos deba a filial á súa empresa matriz.

Artigo 79. *Requisitos individuais para empresas de servizos de investimento españolas dependentes dun grupo consolidable doutro Estado membro.*

As empresas de servizos de investimento españolas filiais dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento autorizado e supervisado noutro Estado membro da Unión Europea, así como todas as empresas de servizos de investimento que non se inclúan na consolidación, cumprirán, con carácter individual, o artigo 68.

Artigo 80. *Requisitos individuais para empresas de servizos de investimento independentes.*

Toda empresa de servizos de investimento que non sexa nin empresa matriz nin empresa filial, así como toda empresa de servizos de investimento que non se inclúa na consolidación, cumprirá de forma individual o capítulo VI deste título, relativo a divulgación de información.

Artigo 81. *Requisitos individuais a filiais importantes.*

As empresas de servizos de investimento españolas filiais importantes de empresas de servizos de investimento matrices da Unión Europea, ou de sociedades financeiras de carteira matrices da Unión Europea, deberán proporcionar, de forma individual:

i) información sobre recursos propios da empresa de servizos financeiros, e

ii) información sobre o cumprimento dos requirimentos de recursos propios pola empresa de servizos financeiros e sobre o seu procedemento de avaliación da adecuación do capital interno.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá os criterios necesarios para considerar que unha filial é importante.

**Artigo 82. *Requisitos en base consolidada para empresas de servizos de investimento matrices de España.***

1. As empresas de servizos de investimento matrices de España e as empresas de servizos de investimento controladas por unha sociedade financeira de carteira matriz de España, en cuxo grupo estea incluída unha entidade de crédito, cumprirán en base consolidada o artigo 16 do título I.

2. As empresas de servizos de investimento matrices de España e as empresas de servizos de investimento controladas por unha sociedade financeira de carteira matriz de España cumprirán en base consolidada:

a) os requirimentos de recursos propios establecidos no artigo 78.1, e

b) o artigo 68.

3. As empresas de servizos de investimento matrices da Unión Europea e as empresas de servizos de investimento controladas por unha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea cumprirán en base consolidada o capítulo VI deste título relativo a divulgación de información.

**Artigo 83. *Sucursais de empresas de servizos de investimento con sede en países terceiros.***

No caso das sucursais de empresas de servizos de investimento con sede en países terceiros, os límites á concentración de riscos calcularanse sobre os recursos propios do grupo consolidable da empresa estranxeira. A sucursal comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, dúas veces ao ano, os ditos recursos propios, calculados conforme a súa lexislación nacional. Se a sucursal non pode fornecer estes datos, o cálculo realizárase cos elementos de recursos propios localizados na sucursal.

**Artigo 84. *Informe sobre a aplicación do artigo 78.4.***

A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá informar da aplicación do artigo 78.4 o resto das autoridades competentes de todos os demais Estados membros da Unión Europea. En particular, fará público o seguinte:

a) os criterios que aplica para determinar que non existen impedimentos materiais, prácticos ou xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivo;

b) o número de empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do 78.4, e, entre elas, o número de empresas de servizos de investimento que incorporan filiais situadas nun país terceiro, e

c) de forma agregada:

1.º o importe total consolidado de fondos propios da empresa de servizos de investimento matriz que se beneficien da aplicación do artigo 78.4, que sexan tidos por filiais situadas nun país terceiro;

2.º a porcentaxe do total consolidado de fondos propios de empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.4, representado por fondos propios tidos por filiais situadas nun país terceiro, e

3.º a porcentaxe do total consolidado mínimo de fondos propios exixido ás empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.4, representado por fondos propios tidos por filiais situadas nun país terceiro.

**Artigo 85. *Informe sobre a aplicación do artigo 78.5.***

Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores aplique o artigo 78.5, informará periodicamente, e polo menos unha vez ao ano, as autoridades competentes de todos os demais Estados membros. Se a filial se encontra nun Estado terceiro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitaralles a mesma información ás autoridades competentes dese Estado terceiro.

En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores fará público o seguinte:

a) os criterios que aplica para determinar que non existan impedimentos materiais, prácticos ou xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivo;

b) o número de empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.5, e entre elas, o número de empresas de servizos de investimento que incorporan filiais situadas nun Estado terceiro, e

c) de forma agregada:

1.º o importe total de fondos propios das empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.5, en poder de filiais situadas nun Estado terceiro;

2.º a porcentaxe do total de fondos propios de empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.5, representado por fondos propios en poder de filiais situadas nun Estado terceiro, e

3.º a porcentaxe do total mínimo de fondos propios exixida ás empresas de servizos de investimento matrices que se beneficien da aplicación do artigo 78.5, representada por fondos propios en poder de filiais situadas nun Estado terceiro.

**Artigo 86. *Habilitación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.***

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá concretar o ámbito de aplicación deste título II, así como definir a entidade obrigada de cada grupo para cumprir cos requisitos exixidos en base consolidada.

**Artigo 87. *Cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contrapartes exixibles.***

Habilítase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para establecer as condicións específicas de cómputo de recursos propios para o cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contraparte exixibles ás empresas de servizos de investimento filiais en base individual.

## CAPÍTULO II

### **Definición dos recursos propios das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables**

**Artigo 88. *Recursos propios computables na definición xeral.***

1. Os recursos propios computables das empresas de servizos de investimento estarán formados polos seguintes elementos:

a) O capital social, excluída a parte deste considerada na alínea e) seguinte.

b) As reservas efectivas e expresas.

Durante o exercicio e, ao seu cerramento, ata que teña lugar a aplicación de resultados, as empresas de servizos de investimento poderán incorporar a este elemento a



parte dos resultados que se prevexa aplicar a reservas, sempre que:

1.º Exista un compromiso formal de aplicación de resultados por parte do órgano de administración da entidade.

2.º As contas en que se reflectan tales resultados fosen verificadas con informe favorable polos auditores externos da entidade.

3.º Se acredite, á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a parte a incorporar se encontra libre de toda carga previsible, en especial por gravames impositivos e por dividendos.

c) As reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos, logo de verificación da Comisión Nacional do Mercado de Valores da corrección do seu cálculo e do seu sometemento ás normas contables.

As reservas desta natureza asociadas a procesos de fusión non se contabilizarán como recursos propios antes da inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, restándose entremetres dos activos revalorizados para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios.

d) Os fondos afectos ao conxunto de riscos da entidade, cuxa dotación se realízase separadamente dentro da conta de resultados ou con cargo a beneficios, e sempre que o seu importe figure separadamente no balance público da entidade.

e) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto reguladas na sección quinta do capítulo IV da Lei de sociedades anónimas.

f) Os financiamentos subordinados recibidos pola empresa de servizos de investimento que cumpran os requisitos establecidos no número 2 do artigo 90.

g) Os financiamentos de duración indeterminada que, ademais das condicións exixidas aos financiamentos subordinados, establezan que a débeda e os xuros pendentes de pagamento se poderán aplicar para absorber as perdas da entidade sen necesidade de proceder á súa disolución.

Para a súa inclusión entre os recursos propios, os elementos recollidos nas alíneas a), e), f) e g) computaranse na parte que se encontre efectivamente desembolsada.

2. Nos recursos propios dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento integraranse, ademais dos elementos indicados no número precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables, os seguintes elementos do balance consolidado:

a) As participacións representativas dos intereses minoritarios das sociedades do grupo consolidado, na parte que se encontre efectivamente desembolsada.

b) As reservas en sociedades consolidadas. No caso de que no activo do balance consolidado luzan perdas en sociedades consolidadas, estas deduciranse das reservas consolidadas.

Sen prexuízo da facultade da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 90.3, as participacións representativas dos intereses minoritarios distribuiranse entre os elementos b), e) e f) do número precedente, para efectos dos límites establecidos no artigo 91, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Entre os elementos considerados na alínea b) do número anterior incluíranse as participacións representativas de accións ordinarias e as materializadas en accións preferentes emitidas por filiais estranxeiras, sempre que estean dispoñibles para a cobertura de riscos e perdas nas mesmas condicións que as accións ordinarias, a súa duración sexa indeterminada e non outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos.

2.º Entre os elementos indicados na alínea e) do número anterior incluíranse as accións sen voto emitidas

polas filiais españolas e as accións preferentes emitidas por filiais estranxeiras que estean dispoñibles para absorber perdas da entidade sen necesidade de proceder á súa disolución, e que, ou ben teñan duración indeterminada, ou ben, téndoa determinada, non sexa inferior á prevista no artigo 90.2 para os financiamentos subordinados e non outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos.

3.º Entre os elementos indicados na alínea f) do punto anterior incluíranse as accións preferentes emitidas con duración determinada por filiais estranxeiras cando outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos. En todo caso, a súa duración non poderá ser inferior á prevista no número 2 do artigo 90 para os financiamentos subordinados.

#### Artigo 89. *Deducións dos recursos propios computables na definición xeral.*

1. Deduciranse dos recursos propios das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables:

a) Os resultados negativos de exercicios anteriores e do exercicio corrente, así como os activos inmateriais integrados no seu patrimonio.

b) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade ou do grupo que se encontren en poder daquela ou no de calquera entidade do grupo consolidable, mesmo os posuídos a través de persoas que actúen por conta de calquera delas e os que fosen obxecto de calquera operación ou compromiso que prexudique a súa eficacia para cubrir perdas da entidade ou do grupo.

c) Os financiamentos a terceiros cuxo obxecto sexa a adquisición de accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da empresa de servizos de investimento que as outorgase ou doutras entidades do grupo consolidable. Esta dedución non alcanzará os financiamentos outorgados ao persoal da entidade ou doutras entidades do grupo consolidable, sempre que o seu importe unitario non supere os límites que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

d) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da empresa de servizos de investimento, ou doutras entidades consolidables, posuídas por entidades non consolidables do mesmo grupo económico, ata o límite que alcancen, directa ou indirectamente, as participacións, apoios en diñeiro ou avais crediticios outorgados ás entidades mantedoras pola empresa de servizos de investimento, ou por calquera das entidades do grupo consolidable.

Adicionalmente, cando a tedora das accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da empresa de servizos de investimento, ou doutras entidades consolidables sexa unha filial non consolidable de calquera delas, esta dedución non poderá ser inferior ao importe que desas accións, achegas ou valores computables corresponda á propia empresa de servizos de investimento, ou grupo consolidable, conforme a súa porcentaxe de participación sobre a entidade tedora, tendo en conta que para a obtención da dita porcentaxe de participación, no caso de participacións indirectas, só se computarán as posuídas a través de sociedades filiais e multi-grupo.

e) As participacións en entidades financeiras, distintas das entidades aseguradoras, non integradas no grupo consolidable, cando a participación da empresa de servizos de investimento, ou do grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, sexa superior ao 10 por cento do capital da participada.

f) Os financiamentos subordinados ou outros valores computables como recursos propios emitidos polas

entidades participadas a que se refire a alínea precedente e adquiridas pola entidade ou grupo que posúa as participacións.

g) As participacións en entidades financeiras que non sexan aseguradoras, distintas das incluídas na alínea e) precedente, e non integradas no grupo consolidable, e os financiamientos subordinados emitidos por estas e adquiridas pola entidade ou grupo que posúa as participacións, na parte en que a suma de todas elas exceda o 10 por cento dos recursos propios da empresa de servizos de investimento, ou do grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, calculados despois de levar a cabo as deducións a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) deste número.

h) O exceso das participacións en entidades de carácter non financeiro a que se refire o artigo 16, unicamente no caso de que nun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento se integre unha entidade de crédito.

i) Os déficits existentes nas provisións ou fondos específicos de dotación obrigatoria, na forma que se determine nas disposicións de aplicación.

2. As deducións recollidas no número anterior efectuaranse, de ser o caso, polo seu valor nos libros da entidade tedora.

**Artigo 90. Condicións para a computabilidade dos recursos propios da definición xeral.**

1. Para considerarse recursos propios, as reservas e fondos a que se refire o artigo 88.1.c) e d) deberán cumprir, á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, os seguintes requisitos:

a) Ser libremente utilizables pola entidade para cubrir os riscos inherentes ao exercicio da actividade típica das empresas de servizos de investimento, incluso antes de que se determinasen as eventuais perdas ou minusvalías.

b) Reflectirse na contabilidade da entidade, tendo sido verificado o seu importe polos auditores externos dela e comunicada esa verificación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) Estar libres de impostos ou reducirse na contía dos que previsiblemente lles sexan imputables.

A disposición dos fondos a que se refire a alínea d) do citado número requirirá autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Para considerarse recursos propios, os financiamientos subordinados a que se refire o artigo 88.1.f), deberán cumprir as seguintes condicións:

a) O prazo orixinal de tales financiamientos non será inferior a cinco anos; de non ter sido fixada a data do seu vencemento, deberá estar estipulado para a súa retirada un aviso previo de, polo menos, cinco anos. Tanto nun coma noutro caso, durante os cinco anos anteriores á súa data de vencemento reducirán o seu cómputo como recursos propios a razón dun 20 por cento anual, ata que o seu prazo permanente sexa inferior a un ano, momento en que deixarán de computarse como tales.

b) Diferirase o pagamento dos xuros en caso de perdas.

c) Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, sen prexuízo de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores lle poida autorizar ao debedor o reembolso anticipado de financiamientos subordinados se con isto non se ve afectada a solvencia da entidade.

d) Non poderán ser achegadas, ou adquiridas posteriormente, pola propia entidade, por entidades do grupo consolidable ou por outras entidades ou persoas con apoio financeiro da entidade emisora ou do grupo conso-

lidable; non obstante, poderán ser convertibles en accións, achegas ou participacións da entidade emisora, ou de entidades do grupo consolidable, e ser adquiridas co exclusivo fin da súa conversión.

e) Nos contratos e folletos de emisión quedará patente a condición de financiamento subordinado para os acredores; a Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará os citados contratos e folletos co fin de cualificar a súa computabilidade como recursos propios.

Os financiamientos subordinados poderanse determinar tanto en euros como en moeda estranxeira.

3. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores a cualificación e inclusión nos recursos propios dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento de toda clase de accións preferentes, emitidas de acordo coa normativa que sexa de aplicación, e dos elementos recollidos nas alíneas e), f) e g) do número 1 do artigo 88, emitidos por sociedades instrumentais ou outras filiais. A Comisión Nacional do Mercado de Valores coidará en especial de que a lexislación do país de onde se realice a emisión, ou a propia interposición das sociedades instrumentais ou filiais, non debiliten a eficacia dos requisitos e limitacións establecidos para eses instrumentos, nin o seu valor como recursos propios do grupo.

**Artigo 91. Límites no cómputo dos recursos propios da definición xeral.**

1. Para efectos do disposto no número seguinte:

Os recursos propios básicos dunha empresa de servizos de investimento estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos no artigo 88.1.a), b) e d), menos o importe do concepto do artigo 89.1.a) e as partidas incluídas nos conceptos b), c) e d) deste último número relativos a aqueles elementos.

Os recursos propios básicos dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento incluírán, co seu signo, os elementos citados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables; as participacións representativas dos intereses minoritarios que poidan incluírse entre os elementos considerados no artigo 88.1.b); e as reservas en sociedades consolidadas a que se refire o artigo 88.2.b).

Os recursos propios de segunda categoría dunha empresa de servizos de investimento estarán constituídos polos elementos contidos no artigo 88.1.c), e), f) e g).

Os recursos propios de segunda categoría dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento virán constituídos polos elementos enumerados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables e polas participacións representativas dos intereses minoritarios que deban incluírse nos elementos citados no artigo 88.1.e) e f).

2. Non serán computables como recursos propios dunha empresa de servizos de investimento, ou grupo consolidable destas:

a) O exceso dos elementos incluídos no artigo 88.1.f), sobre o 50 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou o grupo consolidable.

b) O exceso dos recursos propios de segunda categoría sobre o 100 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable, na parte en que o dito exceso non fose eliminado de acordo co establecido na alínea a) deste número.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar as empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables a computar como recursos propios, transitoria e excepcionalmente, o exceso sobre os límites establecidos neste número.

### Artigo 92. *Definición alternativa dos recursos propios.*

1. Malia o disposto nos artigos precedentes, as empresas de servizos de investimento e os grupos destas que deban aplicar o artigo 95 deste título, referente á cobertura dos riscos ligados á carteira de valores de negociación, poderán utilizar a definición alternativa de recursos propios formada polos elementos a que se refiren as alíneas a) e b) seguintes, deducindo os elementos a que se refiren as alíneas c) e d) seguintes e sempre que llo comuniquen previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) Os elementos comprendidos no artigo 88.1.

b) Os financiamentos subordinados recibidos polas empresas de servizos de investimento que cumpran os requisitos establecidos no número 2 do artigo 90 e, adicionalmente, os seguintes requisitos:

1.º O prazo orixinal de tales financiamentos non será inferior a dous anos.

2.º Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, salvo en caso de liquidación da entidade. Sen prexuízo do anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalle autorizar ao debedor o reembolso anticipado de financiamentos subordinados se con isto non se ve afectada a solvencia da entidade ou do grupo consolidable.

3.º O pagamento de xuros e o reembolso do principal deberanse diferir no caso de que o nivel de recursos propios descenda por debaixo do 100 por cento dos niveis globais exixidos á entidade ou ao grupo consolidable.

As entidades deberán notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera amortización cando, como consecuencia dela, os recursos propios da entidade ou do grupo consolidable descendan por debaixo do 120 por cento dos niveis globais exixidos, ou cando os recursos propios xa estean situados por debaixo desa porcentaxe.

c) Os elementos comprendidos no artigo 89.

d) Os activos ilíquidos, cando se conceda a autorización para que os financiamentos subordinados mencionados na alínea b) anterior superen o 150 por cento dos recursos propios básicos a que se refire o artigo 91.1.

A comunicación referida no número 1 incluírá unha memoria xustificativa en que se detallará o financiamento subordinado que se teña intención de captar e os seus prazos de vencemento, as vías para a súa obtención e a porcentaxe máxima que representará en relación cos recursos propios básicos.

3. A definición alternativa de recursos propios dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento estará formada polos elementos a que se refire o punto anterior, salvo os elementos da alínea a), que se substituirán polos recursos propios computables dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento tal e como quedan definidos no artigo 91, todos eles en relación co balance consolidado.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores definirá as partidas contables que compoñen os activos ilíquidos, podendo diferenciar entre as que resulten de aplicación ás entidades individuais e as que o sexan aos grupos consolidables.

### Artigo 93. *Límites á computabilidade na definición alternativa dos recursos propios.*

1. Para efectos do disposto no número seguinte, os recursos propios de terceira categoría das empresas de servizos de investimento estarán compostos polos financiamentos subordinados mencionados no artigo 92.1.b).

2. Cando se utilice a definición alternativa de recursos propios mencionada no artigo anterior, seguiranse as seguintes regras de computabilidade:

1) O exceso dos financiamentos subordinados, a que se refire a alínea f) do número 1 do artigo 88, sobre o 50 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou grupo consolidable poderá ser computable, sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non exceda o 250 por cento dos recursos propios básicos asignados á definición alternativa.

2) O exceso dos recursos propios de segunda categoría sobre o 100 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable, na parte en que tal exceso non fose eliminado con respecto ao disposto na regra anterior, poderá ser computable sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non excedan o 250 por cento dos recursos propios básicos asignados á mencionada definición alternativa.

3) O exceso dos recursos propios da terceira categoría sobre o 150 por cento dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable asignados á definición alternativa poderá ser computable de se obter previamente a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores e sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non excedan o 250 por cento dos recursos propios básicos asignados á mencionada definición alternativa e se deduzan os activos ilíquidos.

## CAPÍTULO III

### Requirimentos de recursos propios

#### Artigo 94. *Requirimentos de recursos propios.*

1. De acordo co artigo 70.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as empresas de servizos de investimento manterán en todo momento recursos propios iguais ou superiores ao maior dos seguintes conceptos:

a) A suma dos seguintes conceptos:

1.º Os requirimentos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación, calculados de acordo co artigo 95, incluídos o risco de posición, o risco de crédito de contraparte, o risco de liquidación e os grandes riscos asumidos.

2.º Os requirimentos de recursos propios por riscos de tipo de cambio e materias primas, calculados de acordo co artigo 96 e co capítulo IV deste título, respectivamente.

3.º O 8 por cento de todas as posicións ponderadas por risco de crédito, con excepción das actividades da carteira de negociación e dos activos ilíquidos cando se deduzan dos recursos propios, para o risco de crédito e dilución, calculadas de acordo co artigo 98.

4.º Os requirimentos de recursos propios respecto de todas as súas actividades para o risco operacional, calculados de acordo co artigo 98.

b) A cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

c) As dúas terceiras partes do capital mínimo requirido para a constitución do tipo de empresa de servizos de investimento de que se trate.

d) O 5 por mil do volume das carteiras xestionadas.

2. Malia o disposto no punto anterior, as empresas de servizos de investimento, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán calcular os seus requirimentos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación utilizando os métodos de cálculo establecidos no artigo 98 sobre risco de



crédito, cando o tamaño da carteira de negociación cumpra os seguintes requisitos:

a) A carteira de negociación non exceda, habitualmente, o 5 por cento do seu nivel de actividade, tal e como se define no número 3 deste artigo.

b) O total das posicións da carteira de negociación non exceda, normalmente, o importe de 15 millóns de euros.

c) A carteira de negociación non exceda en ningún momento o 6 por cento do nivel de actividade e o importe total desta non supere en ningún caso o importe de 20 millóns de euros.

En caso de que unha entidade exceda durante un período de tempo suficientemente longo, que será establecido pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, un ou os dous límites fixados nas alíneas a) e b) deste punto, ou exceda un ou os dous límites fixados na alínea c) deste, exixiráselle que cumpra o requisito que se establece no punto 1.a).1.º respecto ás súas operacións de carteira de negociación e que llo notifique á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Para os efectos do punto anterior entenderase por actividade total a suma dos activos e contas de orde de risco e compromiso da entidade ou grupo. Para estes mesmos efectos, a carteira de negociación valorarase a prezos de mercado e os instrumentos derivados, ao valor de mercado dos seus elementos subxacentes ou correspondente entregables, sumándose en valor absoluto todos os elementos.

4. Malia o disposto no número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as empresas de servizos de investimento cuxa actividade se axuste a algunha das descritas nas alíneas a) ou b) que se detallan a continuación a manter uns recursos propios iguais ou superiores á suma de exixencias consideradas nos números 1.º, 2.º e 3.º do punto 1.a) deste artigo, e mais a cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

a) Empresas de servizos de investimento que actúen por conta propia co obxectivo exclusivo de levar a cabo ou de executar a orde dun cliente ou para poder entrar nun sistema de compensación e liquidación ou un mercado recoñecido, cando actúen como axencia ou executando a orde dun cliente.

b) Empresas de servizos de investimento que non manteñan efectivo ou valores de clientes; que só operen por conta propia; que non teñan clientes externos, e nas que a execución e liquidación das súas operacións sexan responsabilidade dunha entidade que se encargue da compensación e estean garantidas por ela.

5. Malia o disposto no número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as axencias de valores e sociedades xestoras de carteira a manter uns recursos propios iguais ou superiores ao maior dos seguintes importes:

a) A suma de exixencias consideradas nos números 1.º, 2.º e 3.º do punto 1.a) deste artigo.

b) A cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

c) O 5 por mil do volume das carteiras xestionadas.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará as partidas contables que se incluírán no concepto de gastos de estrutura mencionado nos números 1, 4 e 5 deste artigo.

**Artigo 95. *Requirimentos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación.***

1. As empresas de servizos de investimento calcularán os requirimentos de recursos propios por riscos ligados á carteira de negociación a que se refire o artigo

94.1.a).1.º de acordo cos artigos 53 a 57 do título I deste real decreto.

2. As mencións que, nos artigos a que se remite o número precedente, se fan ás entidades de crédito ou entidades e ao Banco de España entenderanse feitas, para os efectos deste título, ás empresas de servizos de investimento e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, respectivamente.

**Artigo 96. *Requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio.***

1. As empresas de servizos de investimento calcularán os requirimentos de recursos propios por risco de tipo de cambio e de posicións en ouro a que se refire o artigo 94.1.a).2.º de acordo cos artigos 48 a 51 do título I.

2. As mencións que, nos artigos a que se remite o número precedente, se fan ás entidades de crédito ou entidades e ao Banco de España entenderanse feitas, para os efectos deste título, ás empresas de servizos de investimento e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, respectivamente.

**Artigo 97. *Requirimentos de recursos propios por risco de materias primas.***

As empresas de servizos de investimento calcularán os requirimentos de recursos propios por risco de posicións en materias primas e instrumentos financeiros sobre elas a que se refire o artigo 94.1.a).2.º de acordo cos métodos que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

**Artigo 98. *Requirimentos de recursos propios por risco de crédito.***

1. As empresas de servizos de investimento calcularán os requirimentos de recursos propios por risco de crédito a que se refire o artigo 94.1.a).3.º de acordo cos artigos 18 a 45 do título I.

2. As mencións que, nos artigos a que se remite o número precedente, se fan ás entidades de crédito ou entidades e ao Banco de España entenderanse feitas, para os efectos deste título, ás empresas de servizos de investimento e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, respectivamente.

**Artigo 99. *Requirimentos de recursos propios por risco operacional.***

1. As empresas de servizos de investimento calcularán os requirimentos de recursos propios por risco operacional a que se refire o artigo 94.1.a).4.º de acordo cos artigos 58 a 60 e 62 do título I.

2. As mencións que, nos artigos a que se remite o número precedente, se fan ás entidades de crédito ou entidades e ao Banco de España entenderanse feitas, para os efectos deste título, ás empresas de servizos de investimento e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, respectivamente.

#### CAPÍTULO IV

#### **Procedementos de goberno, estrutura organizativa e autoavaliación do capital interno das empresas de servizos de investimento**

**Artigo 100. *Requisitos de organización.***

Para entender cumpridos os requisitos das alíneas a) e b) do artigo 70.ter.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do

mercado de valores, referidos ás técnicas eficaces de valoración dos riscos, así como á obriga de contar con medidas que aseguren a continuidade e a regularidade na prestación de servizos, a empresa de servizos de investimento deberá cumprir, como mínimo, co establecido nos artigos 101 e 102.

**Artigo 101. Política de xestión de riscos.**

O consello de administración das empresas de servizos de investimento aprobará e revisará periodicamente as estratexias e políticas de asunción, xestión, supervisión e redución dos riscos a que a empresa de servizos de investimento estea ou poida estar exposta, incluídos os que presente a conxuntura macroeconómica en que opera. Esas estratexias e políticas atenderanse ás regras seguintes para os diferentes tipos de risco a que, de ser o caso, se enfrente a entidade:

a) Risco de crédito e de contraparte:

1.º A concesión de créditos deberase basear en criterios sólidos e ben definidos. O procedemento de aprobación, modificación, renovación e refinanciamento de créditos deberá estar claramente establecido.

2.º Deberanse utilizar métodos eficaces para administrar e supervisar de forma continuada as diversas carteras e exposicións con risco de crédito, así como para identificar e xestionar, entre outros aspectos, os créditos dúbidosos, e realizar axustes de valoración e dotación de provisións adecuados.

b) Risco residual: a posibilidade de que as técnicas recoñecidas de redución do risco de crédito aplicadas pola empresa de servizos de investimento resulten menos eficaces do esperado valorarase e controlarase mediante políticas e procedementos escritos.

c) Risco de concentración: o risco de concentración derivado das exposicións a contrapartes, grupos de contrapartes vinculadas e contrapartes do mesmo sector económico, rexión xeográfica ou da mesma actividade ou materia prima e a aplicación de técnicas de redución do risco de crédito, incluídos os riscos vinculados a grandes exposicións crediticias indirectas como os mantidos fronte a un mesmo emisor de garantías reais, valorarase e controlarase mediante políticas e procedementos escritos, de acordo cos criterios que estableza para iso a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

d) Riscos de mercado: aplicaranse políticas e procedementos para a medición e xestión de todas as fontes e efectos materiais de risco de mercado.

e) Risco de tipos de xuro derivado de actividades non negociables: aplicaranse sistemas para avaliar e xestionar o risco derivado de posibles variacións dos tipos de xuro na medida en que incidan nas actividades non negociables dunha empresa de servizos de investimento, de acordo cos criterios que estableza para iso a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

f) Risco operacional:

1.º Aplicaranse políticas e procedementos para avaliar e xestionar a exposición ao risco operacional, incluída a exposición a eventos pouco frecuentes xeradores de perdas moi graves. Sen prexuízo da definición recollida no artigo 58.2, as empresas de servizos de investimento definirán o que constitúa un risco operacional para efectos de tales políticas e procedementos.

2.º Deberanse establecer plans de emerxencia e de continuidade da actividade que lles permitan ás empresas de servizos de investimento manter a súa actividade e limitar as perdas en caso de incidencias graves no negocio.

g) Risco de liquidez:

1.º Deberanse establecer políticas e procedementos para medir e xestionar a posición neta de financiamento,

así como posibles necesidades del en termos actuais ou futuros. Estudaranse escenarios alternativos e revisaranse periodicamente os supostos en que se baseen as decisións relativas á posición neta de financiamento.

2.º Estableceranse plans de emerxencia para afrontar as crises de liquidez.

h) Risco de tipo de cambio:

1.º Deberán dispor de políticas de asunción de riscos de tipo de cambio claramente establecidas e aprobadas polos órganos de administración da empresa de servizos de investimento, que incluírán procedementos de medición interna, límites operativos, frecuencia de revisión, órgano ou persoa responsable e demais aspectos relevantes. En particular, deberán contar, de acordo co seu nivel de actividade, con sistemas de medición e información de riscos adecuados para a súa xestión, seguimento e control.

2.º Deberán manter en todo momento á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores a documentación relativa aos sistemas de control interno establecidos en relación co risco de tipo de cambio, ao seu cumprimento e funcionamento, aos límites internos existentes e, se é o caso, á utilización de modelos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios polo dito risco, os seus parámetros cuantitativos e as avaliacións efectuadas sobre o seu grao de certeza.

**Artigo 102. Modulación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.**

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá modular as exixencias mencionadas no artigo anterior en función da natureza, escala e complexidade da actividade empresarial e da natureza e gama de servizos de investimento que estean autorizadas a prestar as empresas de servizos de investimento.

**Artigo 103. Proceso de autoavaliación do capital interno das empresas de servizos de investimento.**

1. De acordo co artigo 70.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos consolidables, disporán especificamente de estratexias e procedementos sólidos, eficaces e exhaustivos co fin de avaliar e manter de forma permanente os importes, os tipos e a distribución do capital interno que consideren adecuados para cubrir a natureza e o nivel dos riscos a que estean ou poidan estar expostos.

2. Esas estratexias e procedementos serán periodicamente obxecto de exame interno co fin de garantir que sigan sendo exhaustivos e proporcionais á índole, escala e complexidade das actividades da empresa de servizos de investimento interesado.

3. As estratexias e procedementos a que se refire o número primeiro deste artigo resumiranse, xunto ás políticas e procedementos previstos no artigo 100, nun informe anual de autoavaliación do capital interno, que se remitirá á Comisión Nacional do Mercado de Valores xunto coa declaración de recursos propios correspondente ao peche do exercicio. Para a elaboración deste informe as entidades deberán ter en conta os criterios que para estes efectos proporcione a Comisión Nacional do Mercado de Valores nunha guía específica sobre o proceso e informe de autoavaliación do capital interno.

## CAPÍTULO V

## Supervisión

Artigo 104. *Risco de tipo de xuro.*

Dentro do marco da revisión dos sistemas, procedementos ou mecanismos aplicados por empresas de servizos de investimento para dar cumprimento á normativa de solvencia e a avaliación dos riscos a que as empresas de servizos de investimento ou os seus grupos estean ou poidan estar expostas, efectuados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co artigo 87 bis.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, incluírase a exposición das empresas de servizos de investimento ao risco de tipo de xuro derivado de actividades fóra da carteira de negociación.

A adopción destas medidas exixírase no caso de entidades cuxo valor económico diminúa máis do 20 por cento dos seus fondos propios como consecuencia dunha variación súbita e inesperada dos tipos de xuro. A escala de tales medidas será a que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores e non diferirá entre as empresas de servizos de investimento.

Artigo 105. *Consolidación contable.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o método de consolidación contable que se aplicará para o cumprimento dos requirimentos de recursos propios en base consolidada.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores decidirá se, nos casos seguintes, debe efectuarse a consolidación e de qué forma:

a) cando unha empresa de servizos de investimento exerza, en opinión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha influencia significativa nunha ou varias empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras, sen posuír, non obstante, unha participación ou outros vínculos de capital nestas entidades, e

b) cando dúas ou máis empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras se encontren baixo dirección única, sen que esta deba ter sido establecida por contrato ou por medio de cláusulas estatutarias.

3. En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá permitir ou prescribir a utilización do método previsto na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para formulación das contas anuais consolidadas.

Artigo 106. *Intercambio de información.*

Cando a empresa matriz e a ou as empresas de servizos de investimento que sexan as súas filiais estean situadas en Estados membros da Unión Europea diferentes, sendo un deles España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará e recibirá das autoridades competentes do resto de Estados membros implicados toda a información pertinente con miras a facer posible ou a facilitar a supervisión sobre base consolidada.

Artigo 107. *Cooperación con outras autoridades competentes.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará estreitamente co resto de autoridades competentes europeas no desempeño das funcións previstas no artigo 91 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facilitar e poderá recibir, logo de solicitude, toda a información que poida facilitar a supervisión da solvencia das empresas de servizos de investimento e, en particular, a verificación de que estas cumpren as disposicións da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e deste real decreto.

Artigo 108. *Competencias da Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación coa supervisión en base consolidada.*

1. Corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa condición de autoridade responsable do exercicio da supervisión consolidada das empresas de servizos de investimento matricias da Unión Europea e das empresas de servizos de investimento controladas polas sociedades financeiras de carteira matricias da Unión Europea, e en relación coas autoridades supervisoras da Unión Europea:

a) Coordinar a recollida de información e difundir entre as restantes autoridades responsables da supervisión de entidades do grupo a información que considere importante en situacións tanto normais como urxentes.

b) Planificar e coordinar a totalidade das actividades de supervisión en situacións tanto normais como urxentes, incluso en relación coas actividades que teña que desenvolver a Comisión Nacional do Mercado de Valores na súa condición de autoridade responsable da supervisión de empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables.

d) De acordo co disposto no artigo 91 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, subscribir acordos de coordinación e cooperación con outras autoridades competentes que teñan por obxecto facilitar e establecer unha supervisión eficaz dos grupos encomendados á súa supervisión e asumir as tarefas adicionais que resulten de tales acordos.

En concreto, e tal e como prevé o artigo 85.1 b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando sexa responsable da autorización da filial dunha empresa de servizos de investimento, poderá delegar a súa responsabilidade de supervisión nas autoridades competentes que autorizen e supervisen a empresa matriz, para que se ocupen da vixilancia da filial de acordo coas disposicións deste real decreto. Deberase manter informada a Comisión Europea da existencia e contido de tales acordos.

e) Advertir, tan axiña como sexa posible, o ministro de Economía e Facenda, e as restantes autoridades supervisoras, nacionais ou estranxeiras, afectadas, da aparición, nunha empresa de servizos de investimento ou no seo dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, dunha situación de urxencia que poida comprometer a estabilidade do sistema financeiro de calquera Estado membro da Unión Europea en que fosen autorizadas entidades do grupo ou en que existan sucursais da entidade ou grupo afectados.

Nestes supostos, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores necesite información que xa fose facilitada a outra autoridade competente, porase en contacto con esta, sempre que sexa posible, para evitar que se dupliquen os informes das distintas autoridades que interveñen na supervisión.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará estreitamente con outras autoridades competentes na concesión da autorización para o uso de cualificacións internas de crédito ou métodos internos de medición do risco operacional a aplicar nos grupos españois de empresas de servizos de investimento e na determina-



ción das condicións, ás cales, de ser o caso, deberá estar suxeita.

As solicitudes de autorización serán presentadas por unha empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea e as súas filiais ou, conxuntamente, polas filiais dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea. Dirixiranse á Comisión Nacional do Mercado de Valores na súa condición de autoridade responsable do exercicio da supervisión dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento.

Nestes supostos, nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data de recepción da solicitude completa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores promoverá a adopción dunha decisión conxunta sobre a solicitude coas demais autoridades competentes doutros Estados membros encargadas da supervisión das distintas entidades integradas no grupo. Para iso, remitirá a devandita solicitude, sen demora, ás demais autoridades competentes. A resolución motivada que recolla esta decisión conxunta será notificada ao solicitante pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

En ausencia dunha decisión conxunta entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e as demais autoridades competentes no prazo de seis meses, a Comisión Nacional do Mercado de Valores resolverá sobre a solicitude. A resolución motivada terá en conta as opinións e reservas das demais autoridades competentes expresadas ao longo do prazo de seis meses. A resolución motivada será notificada ao solicitante e ás demais autoridades competentes pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

No caso do procedemento equivalente que rexa conforme as normas dos distintos Estados membros que traspoñan a Directiva 2006/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre a adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e das entidades de crédito, cando se trate de grupos consolidables de empresas de servizos de investimento en que se integre unha empresa de servizos de investimento española, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, ademais de cooperar na decisión conxunta que se vaia tomar, poderá aceptar, se é o caso, as decisións que ao respecto adopten as autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea cando sexan estas as responsables da supervisión destes grupos. A entidade española afectada calculará os seus requirimentos de recursos propios conforme a devandita decisión.

Este mesmo procedemento será aplicable ao recoñecemento de modelos internos das entidades que apliquen o método baseado en cualificacións internas, cando a solicitude sexa presentada por unha empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea e as súas filiais, ou conxuntamente polas filiais dunha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea.

#### Artigo 109. *Supervisión de sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira.*

1. Cando unha empresa de servizos de investimento, unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira controle unha ou varias filiais que sexan empresas de seguros ou entidades de crédito, a Comisión Nacional do Mercado de Valores colaborará estreitamente coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e co Banco de España para a súa supervisión. Sen prexuízo das súas respectivas competencias, as citadas autoridades comunicaranse toda información que poida facilitar o seu labor e permitir un control da actividade e da situación financeira global das entidades suxeitas á súa supervisión.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá unha lista das sociedades financeiras de carteira que controlen a empresas de servizos de investimento.

3. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores desexa verificar, en casos determinados, certa información sobre unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira, situada noutro Estado membro, deberá solicitar ás autoridades competentes do dito Estado membro que se proceda a tal verificación.

Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha solicitude deste tipo, deberalle dar curso no marco da súa competencia e de acordo co disposto no artigo 91.4 da Lei do mercado de valores, ben procedendo por si mesma á súa verificación, ben permitindo que procedan a ela as autoridades competentes que presentasen a solicitude, ben permitindo que proceda a ela un auditor ou un perito.

#### Artigo 110. *Relacións con países terceiros.*

1. Cando unha empresa de servizos de investimento, cuxa empresa matriz sexa unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade financeira de carteira con domicilio social nun país terceiro, non estea suxeita a unha supervisión consolidada de acordo co disposto neste capítulo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará se está suxeita pola autoridade competente dun país terceiro a unha supervisión consolidada regulada por principios equivalentes aos establecidos neste real decreto.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta as orientacións que o Comité de Valores Europeo elabore, por petición previa da Comisión Europea, respecto á equivalencia dos principios de supervisión que apliquen países terceiros.

3. Na falta desa supervisión equivalente, aplicarase, por anoxía, o disposto neste real decreto á empresa de servizos de investimento ou ben outras técnicas de supervisión apropiadas que logren os obxectivos da supervisión consolidada das entidades de crédito. Esas técnicas de supervisión deberán ser concertadas, tras consultar as demais autoridades competentes interesadas, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir, en especial, a creación dunha sociedade financeira de carteira cuxo domicilio social estea situado na Unión Europea e aplicar as disposicións en materia de supervisión consolidada sobre a base da situación consolidada da citada sociedade financeira de carteira.

As técnicas de supervisión deberán estar concibidas con vistas a cumprir os obxectivos da supervisión consolidada definidos neste capítulo e ser comunicadas ás demais autoridades competentes implicadas e á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

## CAPÍTULO VI

### Divulgación de información

#### Artigo 111. *Omisión de determinadas informacións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 70 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas neses grupos, obrigadas a facer público o documento denominado «Información sobre solvencia», poderán omitir:

a) a información que non teña importancia relativa, entendendo por tal a información cuxa omisión non poida

modificar ou influír na avaliación ou decisión dun usuario que dependa da citada información para tomar as súas decisións económicas;

b) a información reservada, entendida como aquela información que, de ser compartida co público, socavaría a competitividade da entidade, incluíndo a información sobre produtos ou sistemas que, de ser compartida cos competidores, faría que os investimentos dunha empresa de servizos de investimento fosen menos valiosos, e

c) a información confidencial: cando existan obrigas con respecto aos adquirentes ou outras relacións de contraparte que obriguen unha empresa de servizos de investimento á confidencialidade.

Cando se omita información, por ser esta reservada ou confidencial, deberase facer constar no documento «Información sobre solvencia» que determinados datos non se divulgan, así como os motivos de tal proceder, e publicarase nese documento información máis xeral sobre o aspecto a que se refira a información omitida, mentres esta información máis xeral non sexa considerada, pola súa vez, como reservada ou confidencial de acordo coas alíneas b) e c) do parágrafo anterior.

#### Artigo 112. *Frecuencia de divulgación e outra información.*

1. As empresas de servizos de investimento publicarán o documento «Información sobre solvencia» cunha frecuencia, polo menos, anual. Adicionalmente, as empresas de servizos de investimento avaliarán a necesidade de publicar algunha ou todas as informacións cunha frecuencia maior que a anual, tendo en conta as características pertinentes da súa actividade empresarial tales como amplitude de operacións, tipo de actividades, presenza en diferentes países, implicación en diversos sectores financeiros e participación en mercados financeiros e sistemas de pagamento, liquidación e compensación internacionais.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará as informacións a que as empresas de servizos de investimento deberán prestar unha atención particular cando avalíen se resulta necesaria unha frecuencia de publicación maior que a anual para os citados datos.

2. As entidades de crédito deberán adicionalmente explicar, se se lles solicita, as súas decisións de cualificación crediticia ás pequenas e medianas empresas e outras empresas solicitantes de crédito, proporcionando unha explicación por escrito cando se lles requira. Os custos administrativos da explicación deberán ser proporcionais á contía do crédito.

### CAPÍTULO VII

#### **Outras normas de solvencia para as empresas de servizos de investimento**

#### Artigo 113. *Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha entidade de servizos financeiros ou un grupo consolidable ou un subgrupo de entidades de servizos financeiros non alcancen os niveis mínimos de recursos propios establecidos no capítulo III deste título, ou os adicionais que sexan exixidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de conformidade co artigo 87.bis.3.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberá informar diso con carácter inmediato a Comisión Nacional do Mercado de Valores, e presentará un programa en que se concreten os plans para retornar ao cumprimento das normas de solvencia. O programa deberá conter, polo menos, os aspectos referidos á iden-

tificación das causas determinantes do incumprimento ou do exceso, ao plan para retornar ao cumprimento, que poderá incluír a limitación ao desenvolvemento de actividades que supoñan riscos elevados, o desinvestimento en activos concretos, ou medidas para o aumento do nivel de recursos propios e os prazos previsibles para retornar ao cumprimento.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará o devandito programa cando o considere adecuado, e poderá fixar medidas adicionais ás propostas co fin de garantir o retorno aos niveis mínimos de recursos propios exixibles. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación á Comisión Nacional do Mercado de Valores non se produciu resolución expresa.

3. Seguirase a mesma actuación cando se superen os límites establecidos no artigo 95 en canto a límites de grandes riscos ou por redución sobrevida de recursos propios computables.

#### Artigo 114. *Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha empresa de servizos de investimento ou un grupo consolidable de empresas de servizos de investimento presente un déficit de recursos propios computables superior ao 20 por cento dos mínimos requiridos en virtude do disposto neste real decreto, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo consolidable deberán destinar a reservas a totalidade dos beneficios ou excedentes netos.

2. Cando o déficit de recursos propios computables sexa igual ou inferior ao 20 por cento, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo consolidable someterán a súa distribución de resultados á autorización previa da Comisión Nacional de Mercado de Valores, que establecerá a porcentaxe mínima que se destinará a reservas atendendo ao programa presentado para retornar ao cumprimento das normas de solvencia. Esa porcentaxe mínima non poderá ser inferior ao 50 por cento dos beneficios ou excedentes netos.

A autorización da Comisión Nacional de Mercado de Valores entenderase outorgada se, transcorrido un mes desde a solicitude, non recae resolución expresa.

3. As limitacións á repartición de dividendos a que se refiren os números 1 e 2 non alcanzarán as filiais en que as entidades incluídas no grupo consolidable posúan, polo menos, o 90 por cento dos dereitos de voto e do capital, sempre que de forma individual satisfagan o nivel mínimo exixible de recursos propios.

4. O establecido neste artigo e no precedente aplicarase individualmente ás empresas de servizos de investimento que, incluídas nun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, incumpran de forma individual as normas de solvencia que lles sexan exixidas en virtude do disposto no capítulo III deste título.

5. O disposto neste artigo e no precedente enténdese sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das sancións previstas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para a solicitude do uso do método baseado en cualificacións internas e das estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión.*

O Banco de España poderá reducir ata o mínimo dun ano o requisito establecido no artigo 31 número 3 para as entidades de crédito que soliciten o uso do método baseado en cualificacións internas antes do 2010.

O Banco de España poderá reducir a dous anos o requisito establecido no artigo 31, número 4, para as entidades de crédito que soliciten o uso de estimacións propias da perda en caso de falta de pagamento ou dos factores de conversión.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a ponderación das exposicións que estean denominadas e financiadas na divisa de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.*

Ata o 31 de decembro de 2012, a ponderación establecida no artigo 22.1 aplicarase tamén ás exposicións sobre as contrapartes alí indicadas que estean denominadas e financiadas na divisa de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Na data de entrada en vigor deste real decreto, quedarán derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao seu contido e, en especial, o Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca.*

O artigo 6 do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca, queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 6. *Réxime de recursos propios mínimos.*

1. As sociedades de garantía recíproca deberán manter, en todo momento, uns recursos propios non inferiores á suma dos seguintes requirimentos:

a) Polo risco de crédito, dos seus compromisos, o 8 por cento das garantías crediticias que concedan e o 4 por cento dos restantes compromisos, aseguramentos ou caucións que concedan.

b) Por risco operacional, o 15 por cento dos seus ingresos financeiros netos anuais, sexan por rendementos dos activos en que invistan o seu patrimonio, sexan por comisións derivadas das garantías de toda índole que concedan.

c) Os que poida establecer o Banco de España, seguindo as disposicións análogas que poidan resultar de aplicación ás entidades de crédito, para cubrir o risco de crédito ou operacional derivado de compromisos ou investimentos non habituais na súa actividade e que non contén con reafianzamento.

Non obstante, os compromisos que se beneficien de contratos xerais de reaval ou reafianzamento contraídos con sociedades de reafianzamento, aseguradoras ou entidades públicas, que se dirixan a reducir o risco de crédito das sociedades de garantía recíproca polas garantías que concedan gozarán dun factor de redución para efectos dos requirimentos indicados nos dous primeiros guións do parágrafo anterior; o Banco de España determinará tales factores, que non poderán ser superiores ao 0,5. Para tal efecto, o Banco de España terá en conta:

a) As cláusulas específicas dos contratos e a natureza da garantía recibida.

b) A natureza das contrapartes que reavalen ou reafiancen, así como o importe do risco indirecto asumido con estas;

c) As características das operacións que se beneficien da citada redución de risco.

d) As exixencias e incentivos que, no marco dos citados contratos, se incorporasen relativas aos procedementos de xestión e control de riscos das sociedades de garantía recíproca.

Tamén se faculta o Banco de España para obrigar as sociedades de garantía recíproca a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo, ata nun 25 por 100 do seu importe, cando aprecie, e mentres subsistan, deficiencias nos procedementos internos da entidade ou cando a natureza particular das operacións por elas concertadas pola entidade ou a súa concentración sectorial ou doutra orde poida menoscabar a cobertura dos seus riscos.

2. O valor dos riscos que unha sociedade de garantía recíproca contraia cunha soa persoa ou grupo non poderá exceder o 20 por cento dos seus recursos propios.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1644/1997, do 31 de outubro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de reafianzamento.*

O artigo 12 do Real decreto 1644/1997, do 31 de outubro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de reafianzamento queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 12. *Réxime de recursos propios mínimos e diversificación de riscos.*

1. As sociedades de reafianzamento deberán manter, en todo momento, uns recursos propios non inferiores á suma dos seguintes requirimentos:

a) Polo risco de crédito dos seus compromisos, o 8 por cento dos reafianzamentos que asuman sobre garantías crediticias e o 4 por cento dos restantes reaseguramentos ou caucións que concedan.

b) Por risco operacional, o 15 por cento dos seus ingresos financeiros netos anuais, sexan por rendementos dos activos en que invistan o seu patrimonio, sexan por comisións derivadas das garantías de toda índole que concedan.

c) Os que poida establecer o Banco de España, seguindo as disposicións análogas que poidan resultar de aplicación ás entidades de crédito, para cubrir o risco de crédito ou operacional derivado de compromisos ou investimentos non habituais na súa actividade.

Non obstante, os compromisos que se beneficien de contratos xerais de reaseguramento poderán recibir un factor de redución para efectos dos requirimentos indicados nos dous primeiros guións do parágrafo anterior, nos termos que o Banco de España determine e sen que poidan ser superiores ao 0,5. Para tal efecto, o Banco de España terá en conta:

a) as cláusulas específicas dos contratos e a natureza da garantía recibida;

b) a natureza das contrapartes que reaseguren, así como o importe do risco indirecto asumido con estas, e

c) as características das operacións que se beneficien da citada redución de risco.

Tamén se faculta o Banco de España para obrigar as sociedades de reafianzamento a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo, ata nun 25 por cento do seu importe, cando aprecie, e mentres subsistan, deficiencias nos procedementos internos da entidade ou cando a natureza particular das operacións por elas concertadas pola entidade



ou a súa concentración sectorial ou doutra orde, poida menoscabar a cobertura dos seus riscos.

2. O valor de todos os riscos reavalados por unha sociedade de reafianzamento respecto dunha soa persoa ou grupo non poderá exceder o 10 por cento dos seus recursos propios.»

Disposición derradeira terceira. *Potestades do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. Ademais das potestades que lle atribúen os artigos deste real decreto, o Banco de España poderá exercer as seguintes:

a) Establecer a frecuencia e a forma das declaracións de control dos recursos propios e do cumprimento das limitacións exixibles conforme este real decreto.

b) De conformidade co disposto no artigo décimo terceiro da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro, apreciar a equivalencia dos requirimentos ou limitacións exixibles ás entidades de crédito estranxeiras en relación coas obrigas establecidas neste real decreto, e acordar, se for do caso, a exclusión das súas sucursais en España do cumprimento desas obrigas.

c) Definir os conceptos contables que deban integrar os recursos propios e as súas deducións.

d) Instar as entidades de crédito e os seus grupos á realización de revisións por expertos independentes sobre aqueles aspectos que considere relevantes para os efectos das obrigas das entidades ou grupos establecidas neste real decreto e, especialmente, sobre o referido á consistencia e calidade dos datos dos modelos internos previstos neste.

e) Determinar os tipos de entidades financeiras que se deberán incluír no grupo consolidable de entidades de crédito a que se refire o número 3 do artigo oitavo da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro.

f) Establecer, no caso dos grupos consolidables de entidades de crédito suxeitos aos requirimentos establecidos no artigo décimo segundo.1 da Lei 13/1985, os criterios xerais para agregar os recursos propios computables para tales efectos e os requirimentos de recursos propios mínimos exixibles, en particular no caso doutras entidades do grupo non sometidas individualmente a requirimentos desa natureza.

g) Recibir as comunicacións dos restantes organismos responsables da supervisión individual ou en base subconsolidada das entidades integrantes dun grupo consolidable no que se integren entidades diferentes das entidades de crédito cando o Banco de España sexa responsable da supervisión do citado grupo. As citadas comunicacións realizaranse sempre que sexa necesario e polo menos dúas veces ao ano. O seu contido será o relativo aos requirimentos de recursos propios mínimos que, conforme as súas normas específicas, sexan exixibles de forma individual ou subconsolidada ás entidades suxeitas á súa supervisión, os déficits que presenten en relación con tales requirimentos mínimos, e as medidas adoptadas para a súa corrección.

Así mesmo, cando o Banco de España sexa responsable da supervisión de grupo consolidable, informará os restantes organismos con competencias supervisoras sobre entidades individuais, ou sobre subgrupos deste, cando o considere necesario para a realización das súas respectivas funcións, dos déficits nos requirimentos de recursos propios mínimos exixibles ao grupo, e das medidas adoptadas para a súa corrección.

2. Ademais das potestades que lle atribúen os artigos deste real decreto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exercer as seguintes:

a) Establecer a frecuencia e a forma das declaracións de control dos recursos propios e de cumprimento das limitacións exixibles conforme este real decreto.

b) Definir os conceptos contables que deban integrar os recursos propios e as súas deducións e as diferentes categorías de riscos, activos e compromisos suxeitos ás obrigas establecidas neste real decreto e nas súas normas de desenvolvemento.

c) Apreciar a equivalencia dos requirimentos ou limitacións exixibles ás empresas de servizos de investimento estranxeiras en relación coas obrigas establecidas neste real decreto, e acordar, se é o caso, a exclusión das súas sucursais en España do cumprimento desas obrigas.

d) Recibir as comunicacións dos restantes organismos responsables da supervisión individual ou en base subconsolidada das entidades integrantes dun grupo consolidable en que se integren entidades diferentes de empresas de servizos de investimento cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores sexa responsable da supervisión dese grupo. As citadas comunicacións realizaranse sempre que sexa necesario e polo menos dúas veces ao ano. O seu contido será o relativo aos requirimentos de recursos propios mínimos que, conforme as súas normas específicas, sexan exixibles de forma individual ou subconsolidada ás entidades suxeitas á súa supervisión, os déficits que presenten en relación con tales requirimentos mínimos e as medidas adoptadas para a súa corrección.

Así mesmo, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores sexa responsable da supervisión de grupo consolidable, informará os restantes organismos con competencias supervisoras sobre entidades individuais, ou sobre subgrupos deste, cando o considere necesario para a realización das súas respectivas funcións, dos déficits nos requirimentos de recursos propios mínimos exixibles ao grupo e das medidas adoptadas para a súa corrección.

Disposición derradeira cuarta. *Carácter básico e títulos competenciais.*

1. Este real decreto terá o carácter de lexislación básica de conformidade co disposto no artigo 149.1. 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Ademais do carácter básico establecido no número anterior, as disposicións derradeiras primeira e segunda dítanse, así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 149.1.6.<sup>o</sup> da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Habilítase o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións precisas para a debida execución deste real decreto, en particular nas seguintes áreas: a clasificación das contas de orde, a clasificación e o tratamento dos instrumentos derivados, as especificacións técnicas e os métodos de cálculo necesarios para a medición dos diferentes riscos enfrontados polas entidades suxeitas a este real decreto e para o cálculo das posicións que representan grandes riscos, as condicións necesarias para incorporar as técnicas de redución do risco de crédito, o tratamento das operacións de titulización, o tratamento do risco operativo, os criterios técnicos para o estudo e avaliación por parte do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores das entidades baixo a súa supervisión e os crite-

rios técnicos concernentes á publicación de información sobre solvencia.

2. Toda norma que se dite en desenvolvemento do que se prevé neste real decreto e poida afectar directamente entidades financeiras suxeitas á supervisión do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ditarase logo de informe destas.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación para o desenvolvemento do réxime transitorio.*

O Banco de España ditará as disposicións necesarias para a aplicación do réxime previsto na disposición transitoria primeira da Lei 36/2007, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro.

Disposición derradeira sétima. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio e a Directiva 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre a adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o previsto no número 2.

2. O disposto na disposición derradeira primeira e na disposición derradeira segunda deste real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2008.

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

**2824** *REAL DECRETO 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro. («BOE» 41, do 16-2-2008.)*

I

A recente Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, incorpora ao dereito español a Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros.

Esta Directiva 2004/39/CE foi desenvolvida en determinados aspectos por outras dúas normas comunitarias: a Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006, pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organi-

zativos e as condicións de funcionamento das empresas de investimento e termos definidos para efectos da devandita directiva, e o Regulamento 1287/2006/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006, polo que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás obrigas das empresas de investimento de levar un rexistro, a información sobre as operacións, a transparencia do mercado, a admisión a negociación de instrumentos financeiros, e termos definidos para efecto da devandita directiva.

Aínda que a lei recolleu algún aspecto limitado da Directiva 2006/73/CE, é necesario completar a transposición da citada directiva. Por tanto, este real decreto ten como obxectivo fundamental finalizar esa transposición e completar o desenvolvemento regulamentario do réxime aplicable ás entidades que prestan servizos de investimento tras os cambios introducidos recentemente na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, afondando nos principios que xa inspiraron a modificación da citada lei.

Estes principios que inspiraron o real decreto e que emanan dos que foron o motor da recente reforma da Lei do mercado de valores son os seguintes: a modernización dos mercados financeiros para os adaptar ás novas necesidades (amplíanse os servizos de investimento, creando, pola súa vez, un novo tipo de empresa de servizos de investimento); o reforzo das medidas dirixidas á protección dos investidores (estabécese no real decreto un amplo catálogo de normas a que debe suxeitarse a actuación dos que presten servizos de investimento); e, por último, a adaptación dos requisitos de organización exixibles ás entidades que prestan servizos de investimento para garantir que, en xeral, a súa organización se adecua á complexa gama de servizos que prestan.

O real decreto actual refunde dous reais decretos (o Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, e o Real decreto 629/1993, do 3 de maio, sobre normas de actuación nos mercados de valores e rexistros obrigatorios) nun único texto normativo, de modo que se establece nunha única norma global o réxime xurídico aplicable ás entidades que prestan servizos de investimento (empresas de servizos de investimento e os seus axentes, entidades de crédito e sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo).

II

O real decreto consta de oitenta e un artigos, divididos nun título preliminar e catro títulos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha derogatoria e cinco derradeiras.

O título preliminar desenvolve as cuestións xerais. Primeiramente, aclara o ámbito de aplicación da norma, sendo preciso distinguir entre as empresas de servizos de investimento, ás cales é de aplicación todo o real decreto, por un lado, e, por outro, as restantes entidades que prestan servizos de investimento, en concreto, entidades de crédito e sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, ás cales lles son de aplicación aqueles artigos relevantes cando prestan servizos de investimento (principalmente, certas normas de organización interna e as normas de conduta). Ademais, o título preliminar recolle unha serie de definicións de conceptos utilizados ao longo do real decreto e detállanse certos requisitos exixibles cando as entidades que presten servizos de investimento proporcionen información aos seus clientes.

O título I establece aspectos fundamentais do réxime das empresas de servizos de investimento, e recolle, en parte, o contido do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, coas novidades introducidas pola Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e incorpora ao dereito espa-